

de Cadernos
Lingua
2010

32
núm.

REAL ACADEMIA
GALEGA



R(05)/3



CADERNOS DE LINGUA

ANO 2010

32

REAL
ACADEMIA
GALEGA



Director: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Consello de redacción:

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Comité científico:

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Tübingen), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coimbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

Colaboracións e correspondencia:

Xosé Luís Regueira Fernández
 Paseo da Quinta, 23
 15897 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
 Avda. de Madrid, 44 - 36204 Vigo

©, Real Academia Galega
 A Coruña, 2010

Edita: Real Academia Galega
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: SINMÁS COMUNICACIÓN VISUAL S.L.
 Imprime: Galigraf Galicia S.L.


ÍNDICE

ARTIGOS

- M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, *Gallaica lingua: Quo vadis?* 5
- E. DEL CASTILLO VELASCO, *Catalán en galego, galego en catalán. Tratamento das linguas galega e catalá nas principais obras lexicográficas dos países cataláns e de Galicia* 29
- H. CAJARAVILLE ARAÚJO, *Ondas e mareas: palabras que van e veñen* 81
- M. DUYOS MÍGUEZ, M. J. PAZ LEMA, S. ROMARÍS HORTAS, I. VEIGA MATEOS, *Denominacións galegas para algunhas froitas* 137

RECENSIONÍS

- Atles Lingüístic del Domini Català. Volum IV: 9. El camp i els cultius*, J. VENY & L. PONS i GRIERA (M. González González) 151
- Minorized languages in Europe: state and survival*, J. R. GUZMÁN & J. VERDEGAL (X. L. Regueira) 155
- Dicionario galego-latino clásico e moderno*, X. LÓPEZ DÍAZ (V. Fresco Barbeito) 161



GALLAICA LINGUA: QUO VADIS?¹

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Universidade de Santiago

RESUMO

Na primeira parte deste texto faise unha revisión dos puntos débiles máis importantes da lingua galega neste momento, tanto no que se refire ao status, coma ao corpus. Analízanse, entre outros, aspectos como a perda de transmisión familiar, o aumento do monolingüismo castelán, o proceso de urbanización, o papel da escola, a situación nos medios de comunicación e no mundo empresarial, a percepción social de que o galego é unha lingua pouco útil ou a baixa calidade do galego utilizado por sectores que actúan como referentes sociais. Fronte a isto contrapóñense iniciativas normalizadoras postas en marcha nos últimos anos, que, aínda sendo moi positivas, son insuficientes para frear o proceso de desgaleguización da nosa sociedade.

ABSTRACT

The first part reviews the adverse circumstances that are affecting the Galician language at the present moment, both in relation to its status and to its corpus. I analyse, among others, questions such as the less active role of the family in the transmission of the language and the noticeable increase of Spanish monolinguisism. I also study how the Galician language is being negatively influenced by the process of urbanization, by the role of the school, and by the new circumstances in the mass media and in the business context. Finally, I also take into

¹ Este texto, baixo o título *A lingua galega na encrucillada*, foi lido no Salón Nobre de Fonseca no acto solemne de celebración do Patrón da Facultade de Ciencias da Educación o día 8 de marzo de 2010. Preferín mantelo tal como foi pronunciado aquel día, aínda que desde aquela se produciron intervencións que cambiaron a situación en certos ámbitos que aquí se tratan.

consideration the deficient Galician language employed by some sections of the population that have been traditionally considered as social referents. In contrast with these adverse circumstances that are affecting the language, I point out some recently projected linguistic standardising initiatives that, despite their undoubtedly positive aspects, are not by any means sufficient to counteract the progressive decrease in the use of the Galician language in our contemporary society.

PALABRAS CLAVE

sociolingüística galega, normalización lingüística, bilingüismo, uso lingüístico, coñecemento lingüístico, actitudes lingüísticas, terminoloxía, enxeñaría lingüística.

KEY WORDS

Galician sociolinguistics, linguistic standardisation, bilingualism, linguistic usage, linguistic knowledge, linguistic attitudes, terminology, linguistic engineering.

Agradezo ao equipo de goberno, e de maneira particular ao Decano e amigo Lois Ferradás, a oportunidade que me ofrece de dirixirme aos membros dunha Facultade tan importante como a de Ciencias da Educación, que debe ser un esteo fundamental na sociedade galega. O futuro da nosa sociedade ou se basea na educación ou será un futuro negro. Para min é tamén unha honra falar nunha Facultade que ten como patrón o Padre Sarmiento, probablemente a personalidade máis lúcida que deu a Gallaecia en toda a súa historia, e pola que sinto particularmente fonda admiración pola defensa da identidade, dos valores, da lingua e das potencialidades desta terra nosa. Para Frei Martín Sarmiento, a lingua é o principal elemento de identidade do pobo galego, e negarlle o status de normalidade á lingua galega é tanto como negarlle o status de normalidade a este pobo.

1. Introducción

A normalidade social dunha lingua mídese polo nivel de implantación que ten dentro da sociedade da que é vehículo de

comunicación, pero tamén polo grao de coñecemento e de recoñecemento que ten por parte dos de fóra, dos que non pertencen ao territorio propio. A lingua é un elemento fundamental na conformación da identidade dos pobos, pero esta identidade constrúese desde dentro, alimentando a conciencia dos elementos identitarios, e tamén desde fóra fomentando que os demais lles recoñezan esa personalidade diferenciada.

O galego, lingua propia de Galicia, variedade románica continuadora do latín falado na Gallaecia romana, é falado actualmente non só no territorio da Comunidade Autónoma Galega senón tamén nos territorios limítrofes de Asturias e Castela-León, así coma nuns vales de Estremadura.

Esta lingua milenaria, posuidora dunha tradición medieval extraordinaria, que foi vehículo de expresión de creacións líricas ao nivel das máis altas de toda a Idade Media, non goza hoxe dunha situación de normalidade no territorio de Galicia, onde é lingua cooficial, xunto co castelán, nin goza aínda do suficiente nivel de recoñecemento internacional. Por iso no camiño da súa plena normalización é necesario actuar nas dúas direccións que xa antes apuntei: a) aumentar o nivel de implantación no interior do seu territorio, e b) fomentar o recoñecemento externo.

Hoxe en Galicia existe, como xa se ten dito tantas veces, unha situación de bilingüismo social², na que unha gran parte da poboación coñece o galego e o castelán, e que só sectores cada vez máis minoritarios da poboación non son capaces de entender e mesmo de falar máis ca un dos dous idiomas. A maioría da poboación coñece, pois, ambas as linguas, e exprésase nunha ou outra segundo as circunstancias, ou ben está instalada basicamente nunha delas e coñece a outra de

² Empleo o termo "bilingüismo social" dunha maneira puramente descriptiva, indicando simplemente que nunha sociedade están presentes dúas linguas, sen pretender entrar agora no problema da lexitimidade histórica de cada unha delas, nin no da súa adscrición funcional, nin no da posible correlación entre cada unha das linguas e certas clases sociais ou certos sectores da poboación do tipo que sexan.

maneira máis ou menos pasiva. A utilización do galego e do castelán en Galicia, tal como moi ben explicou hai xa ben anos Guillermo Rojo³, estaba tradicionalmente rexida por unha situación de diglosia, na que os habitantes pertencentes ás clases sociais máis baixas (sobre todo labregos e mariñeiros) estaban instalados no galego, e os pertencentes ás clases social, cultural e economicamente dominantes estaban instalados no castelán (diglosia de *adscrición*). Amais desta, a utilización do galego e do castelán estaba tamén regulada por unha *diglosia funcional*, segundo a cal o galego estaba ben visto na comunicación familiar, oral, mentres que para a comunicación escrita e para as relacións orais de carácter formal (coa administración, na escola, co médico, co avogado, co boticario...) a lingua que se adoitaba utilizar era o castelán. Ben é certo que esta situación sufriu nas últimas décadas certos movementos tanto na diglosia de adscrición coma na funcional. En canto á diglosia de adscrición, por un lado, estendeuse a castelanización a sectores aos que non afectaba tradicionalmente: sectores instalados no galego incorpóranse ao castelán co desexo de mellorar de status; e, por outro, perdeu vitalidade a norma pola cal os membros de certos estratos (status social alto, mellor posición económica, maior nivel cultural...) debían falar castelán: moitos galegofalantes que subiron de status social resistíronse á castelanización, algúns renunciaron ao galego nunha etapa, pero volveron a reinstalarse nel, e mesmo son cada vez máis frecuentes os casos de galeguización entre os que tiñan o castelán como primeira lingua. Tamén houbo movementos na diglosia funcional: non é infrecuente atopar situacións nas que o galego ocupa o lugar de lingua "A" (para as relacións máis formais) e o castelán o de lingua "B" (para as relacións máis familiares e coloquiais), e hoxe podemos mesmo dicir que a non utilización do galego para certas funcións de carácter formal é considerada como sorprendente. Estamos nalgún destes usos, diante do fenómeno coñecido como "utilización ritual do galego".


³ Guillermo Rojo (1982): "La situación lingüística gallega", *Revista de Occidente*, 10-11, 95-96; e Guillermo Rojo (1985): "Diglosia y tipos de diglosia", *Philologica Hispaniensia. In honorem M. Alvar*. Madrid: Gredos, vol. II, 603-617.

2. Algunhas debilidades actuais da lingua galega

Ao lado de certos avances, existen fenómenos moi preocupantes para a saúde do galego, como a perda de transmisión familiar, o aumento do monolingüismo castelán, o proceso de urbanización que favorece a incorporación ao uso do castelán, a escasa capacidade da escola para gañar novos falantes habituais de galego, o predominio absoluto de medios de comunicación en castelán, a persistencia da idea de que o galego é unha lingua pouco útil e innecesaria, o escaso compromiso da empresa coa lingua galega, a percepción social da defensa do galego no discurso político como unha gran mentira, ou o preocupante descenso da calidade lingüística especialmente no mundo urbano. Permítanme que me refira aínda que sexa moi brevemente e de maneira moi superficial a algún destes aspectos.

2.1. A diminución da transmisión familiar do galego

A transmisión familiar é un factor fundamental para garantir o futuro dunha lingua, xa que os que aprenderon unha lingua no seo familiar tenden a utilizala no futuro na maior parte das situacións comunicativas. Pero os datos neste aspecto non son nada favorables para o galego. No sector comprendido entre 16 e 54 anos só o 20,6% ten o galego como lingua inicial exclusiva, fronte ao 36,2% que ten só o castelán. Os datos da seguinte gráfica falan por si sós:




Lingua inicial en Galicia na poboación entre 16 e 54 anos


(Fonte: Mapa sociolingüístico de Galicia 2004)

2.2. Incremento do monolingüismo castelán

Nos últimos anos produciuse un forte incremento, como lingua habitual, do monolingüismo en castelán, acompañado dun retroceso do monolingüismo en galego. Tamén nos comportamentos bilingües se produce un aumento do uso preferente do castelán e unha diminución do uso máis frecuente do galego. Este é un fenómeno que non só afecta as cidades, senón que se produce en termos preocupantes en todo tipo de hábitat. Da dimensión da evolución desta realidade podémonos decatar examinando as gráficas nas que se nos presenta a comparación da lingua habitual segundo o hábitat de residencia entre os anos 1992 e o 2004:



MSG-92



MSG-04

Lingua habitual segundo o hábitat de residencia no tramo de idade entre 16 e 54 anos.

2.3. Incorporación ao uso do castelán acompañando o paso do rural ao urbano

É coñecido que ao longo do último século se foi producindo un progresivo proceso de desprazamento da poboación do campo a núcleos urbanos, que se fixo especialmente intenso nas últimas décadas. Véxase esta evolución no seguinte cadro:

ANO	POBOACIÓN URBANA		POBOACIÓN RURAL	
1900	196199	9.9%	1784316	90.1%
1910	235576	11.4%	1828013	88.6%
1920	269395	12.7%	1854849	87.3%
1930	296514	13.3%	1933767	86.7%
1940	445144	17.8%	2.050.716	82.2%
1950	556838	21.4%	2047362	78.6%
1960	627281	24.1%	1975681	75.9%
1970	735088	28.5%	1848586	71.5%
1981	911741	33.1%	1842089	66.9%

No ano 2004, segundo o IGE, a área urbana galega (localidades con máis de 25.000 habitantes) concentra un 44.3 por cento da poboación, a semiurbana (entre 10.000 e 25.000 habitantes) agrupa o 23%, e a poboación propiamente rural supón unicamente o 32.7% do total de Galicia.

Este cambio masivo de hábitat foi acompañado tamén en gran medida dun cambio lingüístico. A incorporación á cidade propiciou de maneira moi clara tamén a incorporación á expresión en lingua castelá, relativamente intensa na segunda xeración e moi intensa xa na terceira. Pensen que, por ex., Vigo, a maior cidade de Galicia na actualidade, a finais do séc. XIX apenas pasa dos 30.000 habitantes; no 1950 chega aos 130.000; en só trinta anos, entre 1950 e 1981 duplica a súa poboación; e na actualidade anda polos 300.000 habitantes. Por iso dicimos que o futuro do galego se vai xogar en gran medida nas cidades, e por iso insistimos tanto na importancia que ten a orientación da política de promoción do galego cara ao mundo urbano.

2.4. Escasa capacidade da escola para gañar novos falantes habituais galegos

A capacidade da escola para gañar novos falantes habituais para o galego foi ata o momento escasa. A escola, aínda que dá formación lingüística galega, non foi capaz de incorporar os alumnos ao uso habitual da lingua galega. Por un lado, foi a escola o principal factor, aínda que non o único, que explica que, na poboación entre 16 e 55 anos, se pasase do 45% de persoas con capacidade para ler en galego no ano 1992 ao 85% no ano 2004; e do 27% ao 53% na capacidade para escribir en galego. É dicir, en 12 anos, practicamente duplicouse a porcentaxe de persoas con capacidade para ler e escribir en galego na poboación entre 16 e 55 anos. Pero lamentablemente a escola non exerceu a mesma influencia para estender o uso do galego como lingua de expresión habitual, e só unha porcentaxe certamente baixa dos que aprenden a lingua galega na escola se converten en falantes habituais do galego.

2.5. Predominio absoluto de medios de comunicación en castelán

Resulta esmagante o predominio absoluto de medios de comunicación en castelán. A creación do Ente público da radio-televisión galega, coa posta en marcha da Televisión de Galicia e

da Radio galega, que constituíu un fito importantísimo, non foi suficiente para contrarrestar o enorme peso das emisoras de radio e televisión que emiten habitualmente en castelán, aínda que utilicen ocasionalmente o galego.

Pero, maior aínda é o desequilibrio nos medios de comunicación escritos. A desproporción de utilización do castelán e do galego na prensa con implantación en Galicia é escandalosa, e non responde para nada á presenza das linguas na sociedade, senón que perpetúa modelos pretéritos nos que non se concibía que o galego puidese ser unha lingua moderna de comunicación.

2.6. Persistencia da idea de que o galego é unha lingua pouco útil e innecesaria.

Aínda persisten na sociedade galega, e particularmente entre a nosa mocidade, prexuizos en contra do galego que moitos pensabamos que estaban case superados, pero que non é así.

Se o futuro do galego vai depender fundamentalmente do compromiso da xente nova, será importante coñecer que pensan os nosos mozos. No ano 2004, e sospeito que a situación non mudou significativamente desde aquela, a RAG realizou un estudo para tratar de descubrir as actitudes subxacentes, e non sempre manifestadas, da mocidade con respecto ás linguas de Galicia. Naquel estudo, no que se combinaron tres técnicas (o "matched guise" ou técnica de máscaras, as entrevistas en profundidade e os grupos de discusión), púxose de manifesto que os falantes casteláns e os falantes de galego fortemente castelanizado son mellor valorados socialmente cós que falan galego tradicional, ou, se o prefiren, galego verdadeiro. Aqueles son considerados como persoas de maior éxito social, con máis capacidade de liderado, con maior interese en progresar, con máis confianza en si mesmos e tamén máis innovadores. Pola contra, os verdadeiros galegofalantes só son valorados máis positivamente en características como: máis divertidos, con maior sentido do humor, máis xenerosos e máis fieis. En xeral,

os galegofalantes auténticos son percibidos como peor dotados para o éxito social, e é curioso que a fidelidade, característica do escravo, apareza fortemente asociada á utilización do galego.

O castelán aínda se asocia na nosa sociedade co progreso, coa innovación, coa intelixencia, mentres que o galego segue asociado a valores de tipo máis inmobilista, e é percibido como pouco útil para o triúnfo na vida.

2.7. Escaso compromiso da empresa coa lingua galega

É relevante o escaso compromiso da empresa coa lingua galega. A pesar dunha presunta actitude favorable ao galego, a verdade é que, agás excepcións, o nivel de compromiso do empresariado galego e dos principais axentes económicos actuantes en Galicia coa utilización do idioma propio é aínda moi baixo. Déronse pasos positivos, por ex. no sector vitivinícola, nalgún grupo de transporte de viaxeiros, no grupo de empresas integradas na Fundación Galicia-Empresa, e nalgunhas outras empresas, pero hai que recoñecer que cuantitativamente as empresas que asumiron o galego como a súa lingua de comunicación normal teñen aínda pouco peso.

Mesmo naqueles casos en que certos produtos van acompañados dun valor engadido por seren producidos en Galicia e estaren dotados dunha calidade especial, isto non se aproveita lingüísticamente, e adoita prescindirse da lingua galega nas súas etiquetas de identificación. Tal ocorre, por exemplo, coa denominación de orixe *ternera gallega*, ocasión incomprensiblemente perdida para o reforzamento da identificación con Galicia mediante unha denominación en galego. É que tería medo alguén de que en España non entendesen o significado de *tenreira galega*? Algo semellante poderíamos dicir con *orujo de Galicia* e outros casos.

2.8. Forte descenso na calidade lingüística

Ao anterior hai que engadir o nivel preocupante da calidade da lingua utilizada, especialmente no medio urbano. O

galego nunca gozou dun corpus tan elaborado e tan codificado coma na actualidade. Hoxe contamos con normas ortográficas e morfolóxicas para a correcta escritura da nosa lingua, con gramáticas que permiten resolver as dúbidas que se nos poidan presentar na morfosintaxe, descrições fonéticas que nos permiten coñecer a pronunciación máis recomendable no estándar oral, vocabularios ortográficos que nos facilitan a resolución das dúbidas ortográficas cando escribimos, dicionarios que nos orientan sobre forma e o significado correcto das nosas palabras, vocabularios terminolóxicos, que nos facilitan a utilización do galego no mundo científico e técnico e, en xeral, nos chamados ámbitos de especialidade. Pero, a pesar de todos estes recursos que nunca existiron en tempos pasados, o galego nunca se utilizou cun nivel de calidade tan baixo nin cun nivel de contaminación tan alto. E é especialmente preocupante o chamado por algúns "galego urbano" e por outros "neogalego", que é unha variedade de galego utilizada por un número crecente de falantes, maioritariamente urbanos, que teñen na súa maioría o castelán como lingua materna, e que presenta unha forte castelanización da fonoloxía, da sintaxe e da fraseoloxía, pero tamén dunha maneira moi notable da morfoloxía e do léxico. É o modelo cada día máis difundido sen distinción de timbre aberto e pechado nas vogais "e" e "o", con despallatalización do "xe", con ausencia do "n" velar, con colocación anárquica das formas átonas do pronome persoal, sen presenza do infinitivo conxugado etc., etc. É un problema moi serio, porque é a variante máis utilizada pola maioría da nosa clase política e por personalidades de prestixio social que actúan como modelos. E o máis preocupante é que ninguén se escandaliza xa por isto, e xa o asumimos como algo normal, cando, no mellor dos casos denota un desleixo e un desprezo por parte de quen así o utiliza, e que en moitos casos mesmo semella unha burla da nosa cultura, da nosa lingua e de cantos a utilizaron ao longo da historia e a utilizan na actualidade. A falta absoluta de preocupación por un mínimo de corrección lingüística é unha mostra da mentira do compromiso co galego dunha parte importante da nosa clase política.

Como saben, as linguas desaparecen por falta de uso, pero tamén se perden porque o seu sistema se vai deturpando progresivamente por interferencia doutra lingua veciña, que a vai acollendo baixo o seu manto ata convertela simplemente nunha variante dialectal dela. E estamos dando pasos importantes na socialización dunha variante que se aproxima cada día máis ao castelán.

3. Algunhas iniciativas normalizadoras

Fronte a isto leváronse a cabo iniciativas normalizadoras, ás veces con moito esforzo, pero que non parecen ser quen a frear o proceso de desgaleguización da nosa sociedade. Referirémonos a algunha delas:

3.1. O Plan Xeral de Normalización Lingüística

O Plan Xeral de Normalización Lingüística non foi presentado en ningún momento como un ataque contra nada nin contra ningún, e a súa pretensión fundamental era e é a de lograr espertar o compromiso e entusiasmo dos axentes sociais para que traballen man con man na dignificación e na normalización do principal elemento de identidade que é a lingua galega: compromiso das administracións, compromiso das forzas políticas e sindicais, compromiso do empresariado, compromiso das persoas e institucións que polo seu papel relevante exerzan como modelos sociais nos seus respectivos sectores. E as máis de catrocentas medidas concretas que contén preséntanse dunha maneira positiva e cortés, para evitar posibles rexeitamentos. Para contrarrestar a crenza nefasta, vixente ao longo de moitos anos, de que a utilización do galego era sinónimo de pobreza, atraso, incultura, tratouse de incidir na asociación do galego coas ideas de modernidade, progreso e futuro, porque a lingua galega nunca é un atranco, sempre é unha oportunidade.

As medidas que se deseñan no PXNL inciden sobre sete sectores:

- Sector 1: Administración
- Sector 2: Educación, familia e mocidade
- Sector 3: Medios de comunicación e industrias culturais
- Sector 4: Economía
- Sector 5: Sanidade
- Sector 6: Sociedade
- Sector 7: Proxección exterior da lingua

e foron estudadas, debatidas e deseñadas por comisións de traballo específicas para cada sector. Estas comisións foron as encargadas de analizar as fortalezas e debilidades do galego dentro do sector e das súas áreas, de establecer os obxectivos de cada sector e das súas áreas, e de deseñar as medidas para acadar estes obxectivos.

A Comisión técnica, que tiven a honra de presidir, e que foi a encargada da redacción definitiva do Plan, despois de examinar o traballo e as propostas das distintas comisións sectoriais, considerou conveniente engadir unha serie de sectores transversais, un referido ao ámbito dos dereitos lingüísticos, outro ao das novas tecnoloxías e un terceiro ao da actualización do corpus, porque nestes ámbitos é necesario adoptar iniciativas xerais que afectan ao conxunto da sociedade.

A aplicación das medidas vai precedida dun compromiso referido a dous aspectos de carácter xeral, que se denominan no PXNL como *oferta positiva* e *oferta informativa*. A oferta positiva é o compromiso da adopción da lingua galega como lingua de contacto e como lingua de partida por parte das administracións, das empresas e dos profesionais. A oferta informativa pretende difundir entre a sociedade o coñecemento de dereitos que por estaren ausentes durante séculos non son suficientemente coñecidos: é necesario, por ex., informar á sociedade da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego os documentos administrativos e comerciais.

No propio PXNL establécense directrices para a súa implementación: O goberno debe presentar ao inicio de cada ano a programación das medidas que se van executar durante ese ano, os órganos executores, o custo económico e o sistema de avaliación. E, a finais de ano, debe comparecer de novo ante o Parlamento para dar conta do grao de execución do programado.

Independentemente de que se estean aplicando por parte dos poderes públicos unha ou outra medida recollida no Plan, o certo é que neste momento o espírito do Plan desapareceu, e o partido do goberno, considerando que non é unha lei de obrigado cumprimento, renunciou a desenvolvelo, polo menos na súa integridade. Sorprende que a mesma forza política que o impulsou, e que mesmo o chegou a presentar como unha iniciativa *estrela*, se arrede del nun período tan curto de tempo, tirando pola borda tantos esforzos que houbo que facer, tanto diálogo, tantas vontades de entendemento que houbo que concitar para que fose asumido por todas as forzas políticas e aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia.

3.2. O Decreto de regulación do uso do galego no ensino⁴

O Decreto 124/2007, de 28 de xuño, trata de regular a presenza do galego no sistema escolar galego, seguindo as directrices marcadas no Plan Xeral de Normalización Lingüística. Trata tanto do uso da lingua galega na administración coma da súa impartición como materia e do seu uso como lingua vehicular do ensino doutras materias.

Establece o uso e o fomento oral e escrito do galego na administración educativa, tanto nas súas relacións internas coma nas relacións coas administracións territoriais e locais galegas e coas entidades públicas e privadas de Galicia, sen prexuízo dos dereitos lingüísticos do persoal docente.

⁴ Este decreto foi xa derogado polo goberno da Xunta de Galicia e substituído polo Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Buscando un equilibrio no tempo dedicado ao estudo das dúas linguas oficiais, asígnaselle o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega ca ao ensino de lingua castelá.

Como lingua vehicular do ensino, na educación infantil, o profesorado debe usar na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, ter en conta a lingua do contorno e coidar de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. É o claustro quen determine a lingua materna predominante, seguindo os criterios establecidos no proxecto lingüístico de cada centro.

En toda a etapa da educación primaria, de acordo co PXNL, deben impartirse en galego as áreas de Matemáticas, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Educación para a Cidadanía e Dereitos Humanos, e debe garantirse a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade.

No Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación profesional, en xeral, garántese que o 50% das materias se impartan en lingua galega. E ademais o Ensino Secundario Obrigatorio debe garantir una boa competencia en castelán e en galego.

O actual goberno anunciou a derogación deste decreto, que seguía o espírito e a letra do Plan Xeral de Normalización Lingüística, e presentou non hai moito tempo unhas *Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. O contido deste documento, do que por certo a Xunta da Facultade de Ciencias da Educación fixo unha magnífica crítica, coñéceno todos vostedes. Tamén coñecen a súa recepción social, e polo tanto non me vou referir a el.

3.3. *A posta en marcha de TERMIGAL*

Para que unha lingua poida ser utilizada con normalidade nos distintos ámbitos é necesario ofrecer as ferramentas que faciliten o seu uso. Tradicionalmente o galego, pola súa situación de marxinación, carecía da terminoloxía propia de

moitas linguas de especialidade nas que o seu uso non era habitual. Para facilitar a súa introdución e xeneralización nestes ámbitos especializados creouse no ano 1996 un servizo de Terminoloxía científico-técnica, mediante un acordo entre a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega, que ten moitas funcións, pero a máis importante é a de elaborar os recursos terminolóxicos necesarios para facilitar o uso do galego no ámbito das chamadas linguas de especialidade, particularmente nas áreas científicas e técnicas.

Aínda que evidentemente queda moito traballo por facer, podemos dicir que hoxe o galego ten máis ou menos dignamente cubertas as súas necesidades terminolóxicas. Hoxe ningún pode argüír como escusa para non explicar matemáticas, bioloxía, física ou dereito en galego a carencia dunha terminoloxía galega.

3.4. Iniciativas no ámbito da enxeñaría lingüística e das tecnoloxías da fala

Nos últimos anos realizouse un esforzo considerable por dotar tamén o galego dos recursos mínimos no ámbito da enxeñaría lingüística e das tecnoloxías da fala:

- a) Fomentouse a localización de produtos informáticos. A informática está presente en todos os aspectos da vida. De aí a importancia de poder contar co maior número de recursos en lingua galega, tanto de produtos informáticos comerciais, coma sobre todo dos que non están vinculados a unha explotación que xere beneficio económico particular. Tanto nunha dirección coma na outra producíronse notables avances: hoxe están localizados ao galego programas comerciais como o Windows ou o paquete Office de Microsoft, pero tamén se fomentou dunha maneira clara o software libre en lingua galega, do que pode ser un claro exemplo a localización a esta lingua do OpenOffice.
- b) Realizáronse correctores lingüísticos para distintas aplicacións informáticas: para WordPerfect, para Office de Mi-

crosoft, correctores que corren en Windows independentemente da aplicación informática de que se trate etc.

c) Elaborouse un diccionario predictivo para sms, que facilita a escritura predictiva nas mensaxes a través do teléfono móbil.

d) Leváronse a cabo esforzos notables no campo da tradución automática, pero unicamente no par castelán-galego. Neste campo cómpre salientar o tradutor castelán-galego *Es-gl* realizado no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades en colaboración cunha empresa privada, que ofrece unha calidade de tradución realmente excepcional. Dun alto nivel de calidade hai que considerar tamén o tradutor castelán-galego construído por Dimensiona. E, dentro do mundo do software libre, cómpre mencionar o tradutor Open-Trad apertium, de código aberto, aínda que no estado de desenvolvemento actual de calidade netamente inferior.

e) No sector das tecnoloxías da fala cómpre salientar as iniciativas relacionadas coa síntese de voz en galego. Neste momento contamos con tres sistemas de síntese de voz en galego: o máis coñecido é *Cotovía*, desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades por un grupo de investigación interdisciplinar integrado por lingüistas da Universidade de Santiago e enxeñeiros de telecomunicacións da Universidade de Vigo. A este hai que engadir o sistema desenvolvido por Telefónica I+D, e outro de aparición recente de Loquendo. A síntese de voz, á parte da súa utilidade para a integración de persoas con minusvalías (por ex., lectores para invidentes), ten unha importancia fundamental no mundo da comunicación e das relacións sociais, ao ser un elemento fundamental na automatización dos procesos de transmisión da información.

3.5. Promoción exterior da lingua

Tamén na promoción exterior da lingua se fixeron esforzos importantes, como o intento de recoñecemento da súa oficialidade na Unión Europea, a Creación dos Centros de Estudos Galegos en Universidades de distintos países, ou a posta en marcha hai xa máis de vinte anos dos Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros.

3.5.1. O galego na UE

O 11-5-2004, o Parlamento de Galicia acordou por unanimidade que a Xunta instase ao Goberno central para realizar as xestións conducentes ao pleno recoñecemento do galego como lingua oficial da Unión Europea, con igual status que as linguas oficiais dos estados membros. Tamén o PXNL inclúe como un dos obxectivos o de acadar a oficialidade nas institucións da UE.

Nesta liña, o goberno de España presentou a solicitude, e levou a cabo xestións para este recoñecemento, tendo en conta a especificidade lingüística de España, o carácter oficial do galego, catalán e vasco nun estado da Unión Europea, a necesidade de achegar a UE aos cidadáns, e que o Goberno español se faría cargo dos gastos derivados desta nova situación.

O Consello, a institución competente para definir o réxime lingüístico da UE, decidiu non conceder a devandita oficialidade, pero acordou regular o seu uso. Para iso publicou o 13 de xuño de 2005 unhas "Conclusións" do Consello relativas ao uso oficial doutras linguas no Consello e, no seu caso, noutras institucións e órganos da Unión Europea. Nestas conclusións determínanse os ámbitos nos que estas linguas poderán ser usadas: poderán ser traducidos ao galego os actos derivados do procedemento de codecisión, mais a devandita tradución carecerá de valor xurídico; o galego poderá ser utilizado nas sesións orais, pero só se son anunciadas previamente, cun prazo razoable, e se existen os medios necesarios para facelo; e os cidadáns e

cidadás poderán dirixirse ás institucións e órganos da Unión Europea en galego.

O 16 de novembro do 2005, o presidente do Comité das Rexións, Peter Straub, asinou un acordo no que por primeira vez permite o emprego do galego, do vasco, e do catalán nunha institución da Unión.

O Parlamento Europeo aprobou a utilización das linguas cooficiais de España nas comunicacións dos cidadáns co Parlamento Europeo. Os acordos tamén permiten o uso do galego no Consello de Ministros da Comisión Europea. E, en virtude da entrada en vigor dun convenio entre España e o Defensor do Pobo europeo, os cidadáns e cidadás que así o desexen poderán utilizar tamén a lingua galega para se dirixiren a este organismo comunitario.

3.5.2. Centros de Estudos Galegos

Os Centros de Estudos Galegos foron creados mediante convenios do Goberno Galego con universidades de distintos países, cos obxectivos principais de manter nas comunidades das principais universidades do mundo a presenza da lingua, literatura e cultura galegas, e de organizaren actividades de promoción e difusión da imaxe de Galicia.

Na actualidade existen 45, en universidades tan prestixiosas como Santa Bárbara (en California), La Trobe (en Australia), Oxford, París III, Tübingen, San Petersburgo, etc.

Nesta mesma liña hai que sinalar tamén o ensino da lingua galega nos Centros do Instituto Cervantes e en centros non universitarios, coma O Vicente Cañada de Londres ou o Santiago Apóstol de Buenos Aires.

3.5.3. Cursos de galego para estranxeiros

Desde 1987 veñen tendo lugar todos os veráns en Santiago de maneira ininterrompida os Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros, organizados pola Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago e a Real Academia Galega. Neles

impártense tres niveis de galego: iniciación, medio e Curso superior de filoloxía galega.

Estes cursos teñen como principais obxectivos: dar a coñecer a realidade histórica e actual da lingua e cultura galegas; formar futuros profesores de galego nos distintos puntos do planeta; preparar tradutores do galego ás linguas de orixe dos participantes; fomentar o interese pola investigación sobre temas relacionados coa lingua, literatura, historia, arte e, en xeral, coa cultura galega.

Os seus resultados pódense cualificar sen esaxerar de extraordinariamente positivos. A demanda para participar neles increméntase ano tras ano, e polas súas aulas pasou un número importante de profesores de distintas universidades de Europa, América, Asia, África e Oceanía, algúns deles figuras eminentes da romanística. Persoas en moitos casos influentes e de cultura elevada que coñecen en maior ou menor grao a lingua galega e a nosa realidade social e cultural.

Nestes cursos formouse un grupo xa importante de profesores de lingua galega que desenvolven a súa actividade en diversas universidades de todo o mundo. Neles xermolou un gran número de traballos de investigación sobre lingua, literatura, sociolingüística, lexicografía, etnografía, historia ou música galegas. Da pluma dos seus alumnos saíron probablemente as páxinas máis brillantes de sociolingüística galega escritas por non galegos, a primeira gramática galega escrita en xaponés, unha extraordinaria antoloxía, da que se publicou unha ducia de volumes, de literatura galega traducida ao ruso, o primeiro vocabulario galego-finés, por poñer só algún exemplo. Alumnos destes cursos son os responsables dunha parte importante das traducións das nosas obras literarias máis representativas ás principais linguas de cultura do mundo.

3.6. A identidade na rede: un dominio .gal

A lingua e cultura galega necesitan un carné de identidade que as identifique dentro da rede de redes, e que lles dea visibilidade. PuntoGal é unha iniciativa que pretende conse-

guir para a lingua e a cultura galega un dominio propio en internet. A súa finalidade principal é preparar a candidatura galega para obter un dominio *.gal* diante da ICANN (Internet Corporation for Assigned Names and Numbers), organismo internacional que se encarga de autorizar e recoñecer os dominios.

Conta con amplo respaldo social: apoio dos poderes públicos, do empresariado galego, do mundo asociativo, do mundo cultural, do mundo da comunicación...

Puntogal participou nas reunións da ICANN de Lisboa, San Juan de Puerto Rico, Los Ángeles, Nova Delhi, París, Cidade de México e Seúl, e neste momento está preparando os informes técnicos para a presentación da candidatura tan pronto como este organismo abra o prazo para a presentación de novos dominios.

Conclusión

A lingua galega está aínda moi lonxe de gozar dunha situación de normalidade no territorio do que é lingua propia. Tampouco é que corra un perigo inminente de desaparecer, pero atópase nunha situación delicada, porque aínda que existen moitas iniciativas destinadas a unha maior implantación na sociedade galega e a un maior recoñecemento desde o exterior, son algunhas delas medidas de alcance limitado, e outras non se adoptan coa continuidade e a decisión necesarias para crear un ambiente de transformación real dentro da sociedade. E cando se intentou tomar en serio o proceso de normalización, dando pasos claros aínda que fosen tímidos, axiña se chocou coa desunión e co desencontro das forzas políticas e dos axentes sociais.

Se son sincero, teño a impresión de que só unha parte moi pequena da sociedade está comprometida cunha normalización real da lingua galega, e que hai certos sectores ou, mellor, certos grupos que aínda que no imaxinario popular figuran como "defensores" (entre aspas) do galego, e ás veces mesmo se presentan como paradigmas desta defensa, na práctica están

mareando a perdiz, fomentando maniobras de distracción e actuando como amortecedores que frean o desenvolvemento dunha política clara de normalización lingüística. Normalización lingüística que, ao meu ver, debe pasar neste momento non só polo fomento de medidas activas de promoción social da lingua galega, senón tamén por reformas lexislativas de fondo que impidan a aparición de decretos, de circulares ou doutro tipo de normativas que producen unha minoración da presenza do galego na vida pública e, o que resulta máis grave aínda, que producen un efecto pernicioso de minusvaloración por parte dos galegos da súa propia lingua, por considerala “menor”, “innecesaria na práctica” e non apta para o triúnfo social e económico. As tres reformas lexislativas mínimas que me parecen imprescindibles son:

- a) Unha redefinición do status de “cooficialidade” do galego en pé de igualdade co castelán, esixindo aos galegos o deber de coñecer a súa lingua propia, da mesma maneira que teñen a obriga de coñecer o castelán. É dicir, recuperar a redacción primitiva do artigo 1 da Lei de Normalización Lingüística, que dicía: “*O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito a usalo*” que como saben foi declarado inconstitucional no seu día, pero que agora para o Estatuto Catalán parece que xa non é inconstitucional.
- b) Unha indicación explícita na nova redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia do que significa “lingua propia” e un avance das súas implicacións, que permita un futuro desenvolvemento lexislativo coherente con esta realidade fundamental.
- c) A redacción dunha nova Lei de Normalización Lingüística. Persoalmente, nunca crin en tantas bondades como se lle atribúen á Lei do 83, pero en todo caso responde a unha sociedade que mental, económica e tecnoloxicamente está moi distante da do 2010. Hai xa bastantes anos, nesta mesma cidade, nun Curso de verán organizado por Miquel Siguan, expuxen unha serie de razóns polas que me parecía conveniente unha nova

LNL. Hoxe véxoo aínda máis claro. Non parece este o mellor momento para reivindicala, pero estou convencido de que nesta nova sociedade da información e da comunicación é absolutamente necesaria.

O destino do galego parece ser o de "medio paso adiante e un paso atrás", que impide a creación dunha ilusión colectiva e dun sentimento de orgullo por pertencer a un pobo pagado de si mesmo, que cre no seu futuro e que está disposto a competir no concerto internacional desde a súa identidade. A recuperación da nosa lingua ten que ir paralela á recuperación da nosa capacidade de competir, da posta en valor dos nosos recursos, da confianza en nós mesmos e da fe nun futuro en diálogo con todas as culturas, pero desde a reafirmación da nosa maneira de ver o mundo. Estamos nunha encrucillada, temos que acertar co camiño e avanzar con decisión: ou contribuímos a construír o mundo desde a nosa identidade, desde a nosa maneira de ver a vida, ou pasaremos a ser membros pasivos doutros mares que nos anegarán.

CATALÁN EN GALEGO, GALEGO EN CATALÁN.

TRATAMENTO DAS LINGUAS GALEGA E CATALÁN NAS PRINCIPAIS OBRAS LEXICOGRAFICAS DOS PAÍSES CATALÁNS E DE GALICIA¹

EDUARD DEL CASTILLO VELASCO

eduardcv@gmail.com

RESUMO

Os dicionarios son obras cuxo contido non só depende da formación intelectual dos seus redactores -profundo ou escaso coñecemento lingüístico, maior ou menor dominio das técnicas lexicográficas...- senón que está suxeito tanto aos prexuízos das persoas que os confeccionaron coma ao contexto social, cultural e político do momento histórico no que foron creados. As relacións entre Galicia e os Países Cataláns aínda non gozan hoxe da normalidade que lles correspondería, ao quedaren as súas culturas nun segundo plano por detrás da española oficial que domina o panorama sociocultural do estado no que, maioritariamente, se desenvolven. O esforzo adicional que cómpre facer para achegarse dun país ao outro provoca moitas veces visións parciais e interpretacións erróneas da realidade sociocultural e sociolingüística da cultura que se quere coñecer ou dar a coñecer. Esta dificultade vese tamén reflectida nas obras lexicográficas e concretada nas imprecisións e as lagoas que conteñen as definicións relativas á lingua e a cultura galegas -no caso dos cataláns- e á lingua e a cultura cataláns -no caso dos galegos-. Neste traballo compróbase como inflúe esta situación na redac-

¹ Este artigo xurdiu como traballo da materia de Lexicología e Lexicografía do Mestrado en Lingüística Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Agradezo aos profesores Ernesto X. González Seoane e Antón Santamarina a revisión do texto e as súas suxestións.

ción dos dicionarios de referencia máis usados hoxe en día en candanseu ámbito cultural, mediante unha análise das definicións dos conceptos relacionados coas linguas galega e catalá. Finalmente, propóñense unhas novas definicións para as entradas relativas ás denominacións da lingua.

ABSTRACT

Dictionaries are works whose contents not only depend on their writers' intellectual training-revealing either a profound or a shallow linguistic knowledge, a greater or a lesser control of the lexicographical techniques, etc. They are also subject both to their creators' prejudices as well as to the social, cultural, and political context of the historical moment in which they were created. To this day, relations between Galicia and the the Catalan Countries still do not enjoy the normality which they should. Instead, their cultures remain in the background behind the official Spanish culture which dominates the sociocultural panorama of the state in which these cultures, for the most part, develop. The additional effort required to relate one country to another can often create an incomplete picture and erroneous interpretations of the sociocultural and sociolinguistic reality of the culture that would know or be known. This obstacle is also reflected in lexicographical works and then solidified through the imprecisions and gaps present in definitions relative to Galician language and culture-in the case of the Catalans-and Catalan language and culture-insofar as Galicians receive it. The present study will show how this situation influences the writing in the reference dictionaries most used today in each particular cultural sphere, accomplished through an analysis of the definitions of concepts related to the Galician and Catalan languages. Lastly, new definitions are proposed for the entries dealing with language denominations.

PALABRAS CLAVE

Lexicoloxía, dicionarios monolingües, lingua galega, lingua catalá, linguas minorizadas.

KEY WORDS

Lexicography, monolingual dictionaries, Galician language, Catalan language, minority languages.

1. Introducción

Unha opinión moi estendida é a que considera Galicia e Cataluña como dous lugares cun coñecemento mutuo importante e cunha especial sensibilidade recíproca pola situación social e, sobre todo, lingüística. A realidade, porén, parécese máis a un descoñecemento cordial que fai que en Galicia non se entenda a complexidade social da lingua catalá (canto máis se saímos dos límites do Principado de Cataluña e imos, nun sentido lingüístico e cultural amplo, cara aos Países Cataláns) e que desde Cataluña, agás algunhas excepcións abondo coñecidas, haxa un descoñecemento case total da situación da lingua e da cultura galegas en calquera das súas manifestacións, recreadas a miúdo a través de tópicos folclorizantes. A propia comparación, desequilibrada de seu -desinformación desde Galicia, desinterese desde Cataluña-, responde a que en Galicia sempre se prestou moita máis atención a Cataluña do que en sentido contrario: chega con repasar as hemerotecas para ver a cantidade de información que Cataluña xerou e segue a xerar nos medios galegos, para ben e para mal, e a escaseza respectiva nos medios cataláns.

Esta situación reflíctese na maior cantidade de termos derivados de *catalán* (catalanada, catalanismo...) que se recollen nos dicionarios galegos en comparación cos correspondentes familiares de *galego* dos dicionarios cataláns -a maior ou menor presenza destas referencias segundo a lingua do dicionario poderíase apor, simplemente, á frecuencia de uso real duns e doutros en cadansúa comunidade lingüística (*vid.* § 2). O número de entradas, porén, non debера ser un problema en si sempre que as que houbese, poucas ou moitas, estivesen acompañadas dunha boa definición e duns exemplos clarificadores. Se, como afirma González-Millán, o dicionario lexitima o mundo social que nel se representa e é un filtro da ideoloxía social dominante (2001: 13-14), parece evidente que este mundo social, aínda que peneirado polo lexicógrafo, se visibiliza nos dicionarios en forma dos correspondentes prexuízos e preferencias que se concretan, nas definicións que a nós nos ocupan, en imprecisi-

sións, omisións e erros que poden levar á confusión dos usuarios que se queiran orientar por elas e que constitúen o problema que cómpre resolver.

E os usuarios confúndense porque, como todos sabemos, o público xeral considera os dicionarios como referentes culturais, mesmo discursivos e ideolóxicos, nos que se contén "a verdade" sobre calquera aspecto da realidade:

«Todo proxecto lexicográfico, independentemente do tipo de dicionario que se intente articular, preséntase ó usuario arroupado nos seguintes arquetipos: en primeiro lugar, como salvagarda da pureza da lingua, e por tanto como ámbito privilexiado para archivar o coñecemento colectivo (xeralmente interpretado en termos nacionais); en segundo lugar, como manifestación da verdade *absoluta*, é dicir, como unha articulación epistémica que esixe do usuario a aceptación incondicional, sobre todo cando se trata de dicionarios-enciclopedias; e, finalmente, como un instrumento de reprodución cultural na medida en que detenta e inculca os valores morais e ideolóxicos da sociedade, representada no dicionario por unha clase social ou por unha minoría privilexiada que se erixe como voceira.» (González-Millán 2001: 24)

É dicir, cando unha persoa -especialmente un usuario non especializado- busca unha palabra determinada, espera que a definición que se ofrece se axuste á realidade e decote interpreta esa definición como a realidade mesma posta por escrito, do que se desprende a enorme importancia da redacción e o coidado co que hai que levala a cabo para que non se interprete como certeza incuestionable o que poida estar contido nunha definición desafortunada. O lexicógrafo debe ser consciente de que está a trasladar a súa autoridade ao dicionario, e de que a miúdo serán interpretadas as súas palabras en clave de descrición precisa e certa:

«[Da descrición normativa da cultura inherente ao dicionario despréndese] o valor restrictivo das respostas ofrecidas polos dicionarios: os enunciados léxicos teñen forza de lei, as súas definicións constitúense en textos xurídicos, e o lexicógrafo,

intérprete privilexiado da comunidade, eríxese en lexislador, en garante dunha norma que decide o que debe entrar no espacio lexicográfico e o que debe ser rexeitado.» (González-Millán 2001: 27)

Alén de todo o dito, é evidente que un traballo da magnitude dun dicionario non pode ser impecable e que os seus autores non poden chegar a controlar todos e cada un dos campos do coñecemento que hai que tratar nunha obra lexicográfica e, xa que logo, é moi posible que lles pasen inadvertidos os erros que poida haber. De aí a importancia de os lexicógrafos incorporaren as suxestións ou correccións que lles acheguen especialistas das distintas disciplinas que están presentes nos dicionarios para evitar, como no caso que nos ocupa -as descrições de linguas e culturas-, visións parciais e tópicas do elemento que se define ou, o que é o mesmo, que se explica para que sexa comprendido polas persoas que realizan unha determinada consulta.

2. Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo deste traballo é achegar, mediante a comprobación da calidade das definicións relativas ás linguas galega e catalá na paisaxe lexicográfica actual, elementos de discusión que poidan ser útiles para as revisións das entradas que cumpra mellorar en vindeiras edicións dos dicionarios comentados ou para a redacción daquelas que se confeccionen de novo en futuras obras lexicográficas. A hipótese é que se poden mellorar tanto os datos correspondentes á extensión e aos límites de cada lingua coma as informacións referidas á situación xeográfica, política e histórica dos lugares que se citan. Ademais, prestarase atención á consideración da lingua (é dicir, se aparece cualificada como lingua, linguaxe, etc.) e á maneira de adscribirla ao territorio ("lingua propia de", "lingua falada en"...).

Falamos de paisaxe lexicográfica actual porque non facemos un percorrido diacrónico por toda a tradición lexicográfica

das nosas linguas, senón polas obras que podemos considerar de referencia na actualidade. Son as seguintes:

OBRA	ABREVIATURA	LINGUA	1ª ED.	ED. CONSULTADA
<i>Dicionário da língua galega</i>	Estraviz	galego	1995	1995 e ed. electrónica actual
<i>Diccionario da Real Academia Galega</i>	DRAG		1997	1997, dispoñible en liña
<i>Gran Dicionario Xerais da Lingua</i>	GDXL		2000	1ª reimpresión: febreiro, 2001; 2009
<i>Dicionario de Galego</i>	Ir Indo		2004	2004, dispoñible en liña
<i>Gran Dicionario Século21 da Lingua Galega</i>	Século21		2005	2005
<i>Diccionari general de la llengua catalana</i>	Fabra	catalán	1932	1932, 1982 ¹⁶
<i>Diccionari Català-Valencià-Balear</i>	DCVB		1930-1962	1930-1962, dispoñible en liña
<i>Diccionari de la llengua catalana</i>	Albertí		1975	2000 ³⁶
<i>Gran Diccionari de la Llengua Catalana</i>	GDLC		1982	1982 e ed. electrónica actual
<i>Diccionari de l'Institut d'Estudis Catalans</i>	DIEC		1995	1995, 2007, dispoñibles en liña
<i>Diccionari 62 manual de la llengua catalana</i>	D62		2000	2000

Non incluímos neste cadro nin o *Dicionario da Lingua Galega* publicado polo ILG e mais a RAG en 1990 nin o *Diccionario gallego-castellano* (DGC) da Real Academia Galega (1913-1928), que tamén consultamos, porque non se poden considerar dicionarios de referencia na actualidade, aínda que este último é o primeiro traballo lexicográfico galego no que aparece a pala-

bra catalán. Non acontece o mesmo cun dicionario publicado tan só catro anos despois do derradeiro fascículo do DGC, o *Diccionari General de la Llengua Catalana*, coñecido popularmente como “el Fabra”, polo nome do seu autor, Pompeu Fabra. Este dicionario foi, desde a súa publicación en 1932 e ata a aparición primeiro do *Gran Diccionari de la Llengua Catalana*, en 1982 e, máis tarde, do *Diccionari de l’Institut d’Estudis Catalans* en 1995, o dicionario normativo da lingua catalá, chegando a ter 32 edicións, a última de 1994 (Fabra 2007: 11). Alén do feito de ser o normativo ata hai tan só quince anos, o Fabra é hoxe un dicionario de referencia porque, ademais de ser, en palabras de Germà Colón (2007: 37), a ferramenta que nos acompañou en tempos difíciles, é o que aínda consultan moitísimas persoas, sobre todo as que xa teñen unha certa idade e non están tan afeitas a consultar os tres dicionarios dispoñibles na rede (DCVB, GDLC e DIEC). Ademais, tanto o *Gran Diccionari de la Llengua Catalana* coma o *Diccionari de l’Institut d’Estudis Catalans* son descendentes directos del, polo que se fai imprescindible a súa consulta e obvia a inclusión entre as obras de referencia aínda arestora.

Atendendo a González-Millán (2001: 23), teremos en conta «a dimensión ideolóxica que determina e condiciona (en maior ou menor medida) as bases sobre as que se estruturan os dicionarios» e procuraremos «diferentes niveis de lectura» sobre as entradas analizadas; basicamente: os niveis (socio)lingüístico, histórico e ideolóxico-político que subxacen nas definicións relativas ás linguas galega e catalá. Os termos analizados, todos extraídos dos dicionarios indicados, son estes:

	Nos dicionarios cataláns	Nos dicionarios galegos
Nome xeral da lingua	<i>gallec</i>	<i>catalán/catalám</i>
Nomes das variedades da lingua		<i>mallorquino/maiorquino</i>
		<i>menorquino/minorquino</i>
		<i>eivisenco / ibicenco</i>
		<i>valenciano</i>
		<i>rosellonés</i>

Un dos obxectivos iniciais era revisar tamén algúns termos da familia de *catalán* e de *gallec* para ver que visión das culturas galega e catalá se ofrece nos dicionarios consultados, mais tivemos que desbotar esta opción ao ver que excedía os límites deste traballo e que requiría unha nova formulación. A pesar de prescindir deles, pómolos tamén aquí para deixar constancia de cales son e por que coidamos que serven de mostra do desequilibrio de que falamos na introdución:

	Nos dicionarios cataláns	Nos dicionarios galegos
Palabras da familia léxica de <i>gallec</i>	galleguisme	
	galleguista	
Palabras da familia léxica de <i>catalán</i>		catalanismo
		catalanista
		catalá
		catalanada
		catalanESCO
		catalanidade
		catalanismo
		catalanística
		catalanización
		catalanizar
		catalanoaragonés
Palabras da familia léxica de <i>valenciano</i>		valencianismo
		valencianista

3. Análise das definicións de *gallec* nos dicionarios cataláns

Para unha mellor comprensión da evolución das definicións de *gallec*, imos analizar cada un dos dicionarios por orde cronolóxica de publicación.

3.1. *Diccionari General de la Llengua Catalana (Fabra)*

gallec -*ega* *adj.* i *m.* i *f.* Natural de Galicia, pertanyent a Galicia o als seus habitants. | *m.* Llenguatge gallec. | *Adj.* Pertanyent a aquest llenguatge.

É obvio que definir o substantivo *gallec* como «llenguatge gallec» é facelo dun xeito impreciso e vago. Impreciso porque «llenguatge gallec» non é unha expresión que poida funcionar como sinónimo da palabra *gallec* nin dá conta do seu significado, e vago porque cómpre preguntarse que quere dicir exactamente «llenguatge». Non axuda demasiado á comprensión a definición de *llenguatge* do mesmo dicionario:

Llenguatge *m.* Expressió dels pensaments per mitjà de la paraula; el conjunt de mots i maneres de combinar-los usat i comprès per una comunitat d'homes, esp. quan és fixat i elaborat per un llarg ús. | El vocabulari i la fraseologia propis d'un art, d'una branca de la ciència, etc. *El llenguatge de la química. Llenguatge tècnic.* | Manera com un hom expressa el pensament per mitjà de la paraula. *No entenc aquest llenguatge: no tens raó de parlar així. Llenguatge culte, groller.* || Expressió del pensament per signes que substitueixen la paraula; manifestació dels sentiments per mitjà de sons inarticulats, de gests, etc. *El llenguatge dels sords-muts. El llenguatge de les flors. El llenguatge dels ulls.*

Parece que adaptar a segunda acepción a partir desta, para que fose «conjunt de mots i maneres de combinar-los usat i comprès pels gallecs», daría unha idea do que se quere dicir e, se cadra, achegaríase ao concepto de lingua ou idioma. Algo semellante acontece con *italià*, que aparece definido como «llenguatge dels italians». A cuestión, porén, é pensarmos por que non introduce a consideración do galego como idioma a diferenza do que fai con outros substantivos. Por exemplo, Fabra define *portuguès* como «llengua portuguesa», *espanyol* como «llengua castellana» e *castellà* dunha maneira moi significativa: «la llengua castellana, parlada en la major part d'Espanya i contrades colonitzades pels espanyols».

Curiosamente, no dicionario Fabra defínese *occità* como «la llengua occitana» e *provençal* como «llengua amb què es designa habitualment la llengua d'oc, esp. la medieval; el conjunt de parlars sud-francesos de la regió del Roine». Aínda que estas dúas últimas definicións non aparecen na primeira edición -a única que autor puido ver realizada en vida- e foron engadidas posteriormente, seguramente propostas pola Sección Filolóxica

do IEC (Veny 2007: 57) ou por Josep Miracle, revisor do dicionario Fabra, dan para comprobar que a distinción entre idioma e linguaxe non está relacionada co status social da lingua, senón con criterios ben máis subxectivos.

3.2. *Diccionari Català-Valencià-Balear (DCVB)*

Malia o DCVB ser unha obra monumental, feita con dificultades de todo tipo, e conter os erros lóxicos dun traballo tan enorme, témonos que cuestionar o porqué, outra vez, dalgunhas irregularidades moi significativas. Antes de ler a definición, cómpre observarmos a riqueza das entradas deste dicionario, que recollen variantes da palabra, a tradución ao castelán, exemplos do seu uso desde a idade media ata mediados do século XX, frases feitas e paremioloxía, a transcripción fonética coas variantes diatópicas e a etimoloxía. A definición correspondente a *gallec* é a seguinte:

GALLEC (i vulgar *gallego*), **-EGA** *adj. i subst. m. i f.*

Nadiu o propi de Galicia; cast. *gallego*. E dix un galego que era ab lo rey de Castella, Jaume I, Cròn., 394. Tots los castellans e gallegos que hi havia se'n maravellaven, Muntaner Cròn., c. 177. Los que vuy s'appellan gallechs, Boades Feys 82.

LOC.

-Tractar una criada *com una gallega*: tractar-la malament, fer la treballar massa (Val.).

FON.: **gəlék, gələ́yu** (Barc.); **galék, galéyu** (Val.); **ɟələ́c, ɟələ́yo** (Palma).

ETIM.: del llatí **Gallaicu**, mat. sign. La forma *gallego* és presa del castellà.

A pesar de ter o precedente do Fabra, *gallec* non aparece definido nin sequera como *llenguatge*. Non é un caso illado, xa que no DCVB hai nomes de linguas, como o sardo, o portugués ou o italiano, que non se definen como tal, e nalgunhas achégase o significado correspondente ao idioma cunha definición es-cueta. Por exemplo, aparece *francès* como «l'idioma dels francesos», *provençal* como «llengua d'oc», *anglès* como «idioma

nadiu dels anglesos», *espanyol* como «l'idiomja espanyol o castellà» e o seu sinónimo *castellà* como «la llengua de Castella». O único que define extensamente é, evidentemente, o catalán, cunha especificación dos territorios onde se fala². Estas diferenzas non deixan de ser estrañas se temos en conta que Francesc de B. Moll, que redactou integramente o dicionario, non só era lexicógrafo, senón que se formara na romanística, exerceu como profesor de idiomas e foi autor de varias gramáticas, tanto de catalán coma doutras linguas.

3.3. *Diccionari de la Llengua Catalana* (Albertí)

Un dicionario moito máis modesto cós que o precederon e cós que o seguirán é o *Diccionari de la Llengua Catalana* que se coñece polo apelido do seu autor, Santiago Albertí i Gubern. Esta obra tivo unha grandísima aceptación entre o público escolar e incluímolo aquí pola difusión da que gozou, aínda que hoxe xa decaese o seu emprego por mor da aparición, desde hai ben tempo, de dicionarios escolares máis modernos.

O que interesa da súa definición é que, por unha banda, define por primeira vez o galego como lingua, coa especificación da familia lingüística e, doutra banda, introduce o concepto de lingua propia, que non recuperarán ningún dos dicionarios posteriores:

gallec, ega *a i s* relatiu o pertanyent a Galícia. || *m* Llengua romànica pròpia de Galícia.

² Os nomes que o Alcover-Moll usa para estes territorios coinciden cos que se empregan no subtítulo do dicionario, que tamén expresa o contido do mesmo: «Inventari lexicogràfic i etimològic de la llengua catalana en totes les seves formes literàries i dialectals, recollides dels documents i textos antics i moderns, i del parlar vivent al Principat de Catalunya, al Regne de València, a les illes Balears, al departament francès dels Pirineus Orientals, a les valls d'Andorra, al marge oriental d'Aragó i a la ciutat d'Alguer de Sardenya.»

3.4. Gran Diccionari de la Llengua Catalana (GDLC)

O GDLC representa un punto de inflexión na lexicografía catalá. Editado en 1982, xa en democracia, nun momento no que o Fabra aínda funcionaba como dicionario normativo, contou co asesoramento do Institut d'Estudis Catalans e respondeu á vontade de ofrecer unha ferramenta normativa que cubrise as necesidades dunha lingua moderna e apta para a gran cantidade de información que se ía xerar en catalán a partir daquel momento. Hoxe en día, o GDLC, dispoñible en liña, sitúase entre a prescrición do DIEC e a descrición, funcionando como un dicionario manual que resolve as cuestións relativas á lingua estándar (e non estritamente normativa) cuns criterios máis abertos có DIEC, moitas veces restritivo e algo ríxido á hora de responder ás esixencias da produción escrita actual.

Deste cambio de tendencia lexicográfica deriva a moderna microestrutura da entrada, na que a definición da lingua vai precedida pola marca de especialización *LING* (lingüística):

gallec¹ -ega

1 *adj i m i f* De Galicia o del gallec (llengua).

2 *m* *LING* Llengua romànica parlada a Galicia, a Astúries fins al Nàvia, a Lleó fins a Ponferrada i a Zamora fins a Padornelo.

É interesante ver que o «llengua romànica pròpia de Galicia» do Albertí deveu agora «llengua romànica parlada a Galicia», un cambio -de “propia” a “falada en”-, que é xeral ao resto de dicionarios consultados, tanto aos galegos coma aos cataláns. A maiores, o GDLC innova e achega a extensión da lingua nunha fórmula breve e precisa, moi axeitada para un dicionario e que serve para que alguén que non coñeza nada do galego se decate de que esta lingua vai máis alá dos límites da comunidade autónoma de Galicia. Sobre o concepto de “lingua propia” volveremos falar no apartado 8.

3.5. Diccionari de l'Institut d'Estudis Catalans (DIEC)

A primeira edición do DIEC (DIEC1), moi agardado polo público e aparecido en 1995, é debedor da definición do GDLC (co cambio da marca *LING* por *FL*, *filologia*):

gallec²-ega

1 1 adj. i m. i f. [LC] Natural de Galicia.

1 2 adj. [LC] Relatiu o pertanyent a aquest país o als seus habitants.

2 1 m. [FL] [LC] Llingua romànica parlada a Galicia i part d'Astúries i de Lleó.

2 2 adj. [FL] [LC] Relatiu o pertanyent a aquesta llingua.

A mudanza principal, introducida na segunda acepción, a relativa á lingua, é polo menos sorprendente. Non se acaba de entender que rexeitasen marcar os límites do galego exterior («fins al Nàvia», «fins a Ponferrada», «fins a Padornelo») mais aínda menos que non inclúan a zona galegofalante da provincia de Zamora. Velaí un caso no que un diccionario non aproveita convenientemente o traballo dos que o precederon e torna unha boa definición nunha máis imprecisa, eliminando información relevante. A definición do DIEC2 (segunda edición publicada no 2007) é case idéntica:

gallec²-ega

1 1 adj. i m. i f. [LC] Natural de Galicia.

1 2 adj. [LC] Relatiu o pertanyent a Galicia o als seus habitants.

2 1 m. [FL] [LC] Llingua romànica parlada a Galicia i part d'Astúries i de Lleó.

2 2 adj. [FL] [LC] Relatiu o pertanyent al gallec.

Logo de transcorridos doce anos non se emenda a definición e mantense a omisión comentada máis arriba. Outro detalle importante, na segunda subacepción da primeira acepción, é o paso de «pertanyent a aquest país» a «pertanyent a Galicia», do mesmo xeito que «pertanyent a aquesta llingua» pasa a ser

«pertanyent al gallec». Non se di nada a este respecto no apartado “Ideología i llengua” da segunda parte da introdución ao DIEC2, mais pódese pensar que este cambio, que non é exclusivo da definición de *gallec* e que afecta outras entradas semellantes do dicionario, podería ser unha decisión motivada pola vontade de evitar marcar un territorio cunha denominación tan ambigua e discutida como *país*. Aínda que a presenza ou a ausencia deste termo non afecta a definición, non deixa de ser unha alteración significativa, xa que a percepción do usuario cambia ben de ver por escrito nun dicionario que un lugar determinado é un país a non atopalo cualificado de xeito ningún.

3.6. *Diccionari 62 manual de la llengua catalana* (D62)

Edicions 62, editorial de referencia nos Países Cataláns, é a editora que publica o DIEC e ten unha liña editorial destinada á publicación de dicionarios, tanto temáticos coma propiamente de lingua (dialectais, de neoloxismos, vocabularios específicos...). Un deles é o *Diccionari 62 manual de la llengua catalana*. O D62 é un dos que substituíron nos últimos tempos outros dicionarios escolares como o Albertí, polo que tamén debe ser obxecto de análise. A definición de *gallec* é a seguinte:

gallec, -ega *adj* i *m* i *f* 1 De Galicia. 2 *adj* Relatiu a la llengua gallega o a la literatura en llengua gallega. 3 *m* Llengua romànica, de tronc comú amb el portuguès, parlada a Galícia i en algunes zones frontereres.

O D62 estrutura a definición en tres acepcións. A primeira procura ser unha expresión sinónima que permite parafrasear a palabra definida, e prescinde de indicacións do tipo “natural de” o “pertanyent a”, sen incluír tampouco referencia ningunha “als seus habitants”. A segunda acepción engade un elemento moi interesante: a literatura galega -aínda que se cadra o adecuado sería que fose a terceira (logo da definición da lingua). Este é único dicionario que fai referencia á literatura “en lingua gallega”, unha fórmula que lles esclarece aos lectores que non é que

haxa unha "literatura galega", que alguén podería considerar como a que se escribe en castelán en Galicia, senón que hai unha literatura escrita en lingua galega, un matiz utilísimo en calquera dicionario máis case imprescindible nun que ten vontade de servir á aprendizaxe nas escolas.

A terceira acepción descende da correspondente á lingua do GDLC. A primeira diferenza é a indicación «de tronco común con o portugués», que engade unha información moi relevante para a lingua galega. A segunda variación é que o detalle das zonas concretas do galego exterior se converte aquí na expresión «parlada a Galicia e en algunhas zonas fronterizas». Se ben sempre é máis exacta a especificación destes lugares, non deixa de ser relevante de abondo para que alguén saiba que o galego vai máis alá das fronteiras da Galicia administrativa e poida recorrer a outras obras de consulta para complementar esta información, aínda que, certamente, o mellor sería un punto intermedio entre a definición do GDLC e a do D62 (§ 8.4), aproveitando que é o primeiro destes, tal como vimos, o que ofrece a información máis precisa sobre a extensión da lingua galega.

4. *Análise das definicións de catalán nos dicionarios galegos*

4.1. *Diccionario gallego-castellano*

O primeiro dicionario galego que recolle o termo *catalán* é o inconcluso *Diccionario gallego-castellano* publicado pola Real Academia Galega entre 1913 e 1928. Malia facelo, por exemplo, con *castellano* («La Lengua de Castilla; el idioma oficial de España»), non ofrece a acepción relativa á lingua dentro de *catalán*:

CATALÁN, -NA s. m. y adj. Catalán. El natural de Cataluña: lo que pertenece a Cataluña.

4.2. Dicionário Electrónico Estraviz

O primeiro dicionario moderno que incorpora a acepción lingüística para o termo *catalán* é o *Dicionário da Língua Galega* de Isaac Alonso Estraviz³. Este dicionario é a base do actual *Dicionário Electrónico Estraviz*, en ampliación permanente. A definición que aparece na edición electrónica é a seguinte:

Catalám

adj. e s. m.

(1) Pertencente ou relativo à Catalunha, território localizado na Europa cuja capital é Barcelona.

(2) Natural ou habitante da Catalunha.

(3) Língua românica falada nos Países Catalães.

[prov. cat. *catalan*]

A única diferenza entre a edición en papel de 1995 e a electrónica é o engadido de «território localizado na Europa cuja capital é Barcelona», adición que fala por si soa da adscrición ideolóxica deste dicionario. No que fai á acepción relativa á lingua, a terceira, observamos que ofrece a filiación lingüística do catalán, emprega a expresión “falada en” -como é xeral ao resto de dicionarios- e, o máis significativo, é a única obra que expresa o conxunto de territorios da lingua catalá co nome de *Países Cataláns*. É certo que o termo *Países Cataláns* non está exento de contido político, mais cómpre distinguir os ámbitos de uso e deberíase poder empregar perfectamente para denominar o conxunto de lugares onde se fala catalán sen que facelo implicase asumir unha determinada proposta política. Nós usamos aquí esta forma como sinónima de “países de lingua catalá”, empregada tamén para referirse ao dominio lingüístico do catalán (Gargallo: 1994: 136).

O inconveniente que ten a aparición desta denominación nun dicionario é que moitos dos usuarios potenciais poden non coñecer cales son os territorios que integran os Países Cataláns, co que a mesma economía da expresión afectaría a boa compren-

³ Daquela aínda co apelido acabado en -s (Estravís).

sión do que se tenta explicar. Ben é certo que chega con procurar na rede o seu significado, mais o contido dunha definición de dicionario debe ser claro de abondo como para non requirir unha pesquisa noutras ferramentas de consulta que o esclarezan quitado de que haxa unha vontade de ampliar a información. Se cadra, pois, son moito máis útiles definicións como as que veremos a seguir.

4.3. Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)

O primeiro dicionario que inclúe o detalle dos territorios dos Países Cataláns, aínda que incompleto, é o DRAG, nunha definición idéntica á do seu precedente, o *Diccionario da Lingua Galega* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, publicado en 1990:

catalán -ana *adx.* 1. De Cataluña ou dos seus habitantes. *Fixo unha viaxe por terras catalanas. Literatura catalana.* // *s.* 2. Persoa natural ou habitante de Cataluña. *Os cataláns.* // *s.m.* 3. Idioma románico falado en Cataluña, Andorra, País Valenciano, Illas Baleares, no Rosellón francés e na cidade sarda de L'Alguer. *Curso de catalán.*

O bo dunha definición deste tipo é que dá os nomes dos territorios de fala catalá e permite que o lector se faga unha idea moito máis completa de cales son. Ademais, observemos que complementa tanto o Rosellón coma a cidade de L'Alguer cos adxectivos francés e sarda, respectivamente, que permiten situalos no caso de que o usuario non teña claro onde quedan. Á parte disto, hai que destacar que de todos os dicionarios consultados o DRAG é o único que emprega a denominación *País Valenciano*; o resto, como axiña imos ir vendo, refírense a este territorio como *Valencia*. Se ben o seu nome oficial é o de *Comunidade Valenciana*, *País Valenciano* é un nome con tradición que expresa moito mellor ca *Valencia* o territorio ao que nomea, xa que *Valencia* é tamén unha cidade, ademais da provincia homónima, e leva a confusións nomear un territorio máis amplo co nome da súa capital.

Canto á denominación oficial *Comunidade Valenciana*, esta é unha forma moderna froito da organización do Estado español en comunidades autónomas a partir de 1978, e estraña se a comparamos coa do resto das comunidades autónomas, xa que todas levan o nome xenérico *comunidade* seguido da preposición *de* e do nome propio correspondente, como a Comunidade autónoma de Galicia ou a Comunidade autónoma de Cataluña. A lexicografía debe esquivar polémicas como as que adoitan protagonizar certos partidos políticos cando denuncian o uso doutros nomes distintos ao de *Comunidade Valenciana* onde seguramente non lles compete, cal pode ser calquera tipo de publicación, desde libros de texto ata dicionarios. Tamén é evidente que non hai que recorrer a outros nomes históricos que hoxe non son indicativos da realidade á que representan, como o de *Reino de Valencia*.

Ademais, ao ser o de *Comunidade Valenciana* un nome oficial sen demasiada tradición, corre tamén o risco, aínda que non sexa inminente, de ser cambiado por un goberno que prefira outra denominación. É certo que o seu uso pode quedar xustificado se o que se pretende é unha certa eficacia pedagóxica: hoxe é máis probable que un alumno atope nun mapa escolar *Comunidade Valenciana* ca non *País Valenciano*. Este último topónimo, porén, é a opción máis axeitada, xa que malia non ser oficial ten unha longa tradición e representa moito mellor ca outros como *Valencia* -a pesar de este último ter unha gran popularidade- o territorio correspondente, e pode manter a súa vixencia por moito máis tempo á marxe dos avatares que poida sufrir o nome actualmente oficial da comunidade autónoma na que está constituído o País Valenciano. En palabras de Joan Veny:

«*Valencià* -o *llengua valenciana*, tant se val- vol dir simplement la modalitat de català parlat o escrit a les terres valencianes. Aquestes comprenen gran part de l'antic *Regne de València*, nom i concepte arcaic que, des del segle XVIII, és substituït pel de *País Valencià*, acceptat per alguns amb reticències, però que resulta pràctic.» (Veny 2002: 106)

No apartado 5.4 dedicamos uns parágrafos ao topónimo *Rosellón*, e a ausencia dos territorios aragoneses de fala catalá e da comarca murciana de El Carxe, tamén catalanfalante, tratámola no apartado 6.

4.4. *Gran Diccionario Xerais da Lingua (GDXL)*

A continuación comentaremos a definición do GDXL (2009):

CATALÁN –**ANA** *adx.* 1. Relativo ou pertencente a Cataluña, ós seus habitantes ou á súa lingua. // *adx.* e *s.* 2. Natural de Cataluña. 3. Tipo de uva que produce un viño con certo grao de acidez. // *s.* 4. Habitante de Cataluña. // *s.m.* 5. Lingua románica do grupo occidental emparentada cos galorromances que se fala en Cataluña, Países Cataláns, Valencia, illas Baleares, Andorra, Rosellón francés e a a [sic] cidade sarda de Alguer. // *s.f.* 6. Cunca de arxila de cor vermella. **ETIM.** cat. ant. *catalán*, id.

De entrada, á expresión “lingua románica” engádeselle un grao máis de especificación na súa filiación, xa que se indica que é do grupo occidental é que está emparentada cos galorromances. Aínda que é certo, se se fai esta afirmación cumpriría matizala un pouco máis e dicir que está emparentada tanto cos ibero-romances coma cos galorromances. O que non deixa de ser sorprendente é que se indique o parentesco do catalán respecto das linguas circundantes e non se faga o mesmo coa lingua galega, xa que no GDXL só se di dela que é unha «lingua románica», sen engadir nin que é do grupo occidental nin tampouco que está emparentada co portugués, ou directamente, tal como fai o *Diccionari 62 manual de la llengua catalana*, que teñen o tronco común.

En segundo lugar, vemos que se emprega o nome *Valencia* para referirse ao País Valenciano, cuxa imprecisión xa comentamos máis arriba, a pesar de usar *País Valenciano* no corpo da entrada *valenciano*. Por outra banda, é ben constatar un cambio para mellor respecto da primeira edición do GDXL: a adición do adxectivo *sarda* no sintagma «cidade sarda de Alguer», co que

aumentan as posibilidades de a situar no mapa un usuario que non a coñeza. Tocante a esta cidade, observemos que se omite, no corpo da definición, o artigo que acompaña o topónimo. Sendo o galego unha lingua que incorpora os artigos nos topónimos mesmo na linguaxe escrita ou na sinalética (a diferenza do que fai a tradición portuguesa), convén empregar a forma que lle corresponde ao nome desta cidade sarda que, ao non ser galego, o artigo non contrae coa preposición anterior e debe aparecer tamén en maiúscula. A fórmula, logo debería ser “a cidade sarda de L’Alguer”, tal como fai o DRAG.⁴

Por último, é un erro evidente a inclusión do termo *Países Cataláns* entre os nomes dos seus propios territorios. Fixándonos na primeira edición, todo indica que se quixo redactar esta definición partindo do DRAG e se quixo reformular tirando dela algún elemento, como o adxectivo *sarda* que xa comentamos, e ampliándoa con novos datos, entre eles, quizais, o engadido de *Países Cataláns*. Se reparamos tamén no feito da repetición do artigo *a* diante da palabra *cidade*, todo apunta a que a definición que saíu publicada estaba inacabada e que apareceu, en vez da definitiva, unha coa redacción provisional pendente de revisión. Comparemos a definición que acabamos de ver, da segunda edición, coa primeira, respecto da que hai algunhas modificacións:

CATALÁN –ANA *adx.* 1. Relativo ou pertencente a Cataluña, ós Países Cataláns, ós seus habitantes ou á súa lingua; catalenescos [sic]. // *adx.* e *s.* 2. Natural de Cataluña ou dos Países Cataláns. 3. Dise dun tipo de uva que produce un viño con certo grao de acidez. // *s.* 4. Habitante de Cataluña. // *s.m.* 5. Lingua románica do grupo occidental emparentada cos galorromances que se fala en Cataluña, Países Cataláns, Valencia, illas Baleares, Andorra, Rosellón francés e a a [sic] cidade de Alguer. // *s.f.* 6. Cunca de arxila de cor vermella.

Unha das decisións que se tomaron na segunda edición do GDXL foi a eliminación do topónimo *Países Cataláns*, tanto

⁴ Pode parecer contradictorio que no DCVB (nota ao pé n. 2) apareza *Alguer* sen artigo, tal como o encontramos na lingua medieval, aínda que na tradición escrita catalá actual sempre se acompaña do determinante.

dentro da primeira e da segunda acepcións de *catalán* coma nas definicións de palabras desta familia lingüística (que non comentamos neste traballo, *vid.* § 2). Malia estes cambios, non se eliminou o nome *Países Cataláns* que aparecía, e segue a aparecer, entre os topónimos dos lugares que abrangue, e non se emendou a duplicación da preposición á que xa nos referimos. Tamén se eliminou *catalenesc*, erro evidente por *catalanesco*, como sinónimo de *catalán*.

Cómpre facer unha reflexión sobre o porqué da supresión (agás de onde precisamente facía falla facelo) do nome *Países Cataláns*. Se ben na segunda acepción alguén podería discutir a súa conveniencia, non parece tan apropiado eliminalo da primeira, xa que o adxectivo *catalán*, como é lóxico, tamén se emprega para a lingua non só de Cataluña e dos seus habitantes, senón do resto dos Países Cataláns e dos seus habitantes.

Finalmente, sería máis axeitado escribir *Illas Baleares* con maiúscula inicial tamén no nome común, tal como fai o DRAG, dado que forma parte do topónimo (aínda que decote se diga *as Baleares*) e da súa denominación oficial:

«Se o nome [do topónimo] está composto de varias palabras que se escriben separadas, gráfanse con maiúscula todas, agás preposicións e conxuncións[.]» (Álvarez e Xove 2002: 64)

4.5. *Diccionario de Galego (Ir Indo)*

O *Ir Indo* é o único dicionario que emprega a marca *LING* antes da terceira acepción:

catalán -lá

1 *adx* Relativo ou pertencente a Catalunya, aos seus habitantes ou á súa lingua.

2 *s* Natural ou habitante de Catalunya.

3 *s m LING* Lingua románica do grupo da romanía occidental, con trazos comúns ás linguas iberorrománicas e galorrománicas. É lingua cooficial en Catalunya, València e Illes Balears, e oficial en Andorra. Presenta as variedades central, insular ou balear, setentrional ou rosellonés, occidental, meridional ou valenciano, e o alguerés.

Esta definición parte da proposta no GDXL, onde se indicaba a relación do catalán coas linguas galorrománicas, mais introducindo a matización conveniente: pásase a explicitar que, ademais de ser do grupo occidental de linguas románicas, comparte trazos tanto cos idiomas galorrománicos coma cos iberorrománicos. Se este aspecto aparece mellorado, non se pode dicir o mesmo do que vén a continuación. O Ir Indo abandona a fórmula “lingua falada en” para usar unha moito máis restritiva, a de «lingua cooficial en». Ambas as dúas presentan problemas: se a de “lingua falada en” esixe que se digan todos os territorios nos que se fala, sen excepción, o problema destoutra é que se se indica onde é cooficial e oficial, tamén se debera indicar onde non é oficial (é dicir, e volveremos a isto máis adiante [§ 6], na franxa oriental de Aragón limítrofe con Cataluña, na comarca murciana de El Carxe e na cidade -sarda- de L’Alguer).

E mesmo o feito de indicar a oficialidade da lingua pode invalidar a definición segundo os cambios que neste aspecto poidan acontecer. De feito, o 10 de decembro de 2007, o Consello Xeral do departamento francés dos Pirineos Orientais aprobou a *Charte en faveur du catalán* na que reconece a oficialidade da lingua catalá, a carón da francesa, neste departamento (que coincide coa Cataluña do Norte, é dicir, con toda a zona catalanfalante do Estado francés -salvo a comarca da Fenolleda, occitanófona).

É contradictorio, ademais, que se digan os territorios onde é oficial e cooficial sen facelo dos territorios de fala catalá onde non é oficial, e que estes últimos si que aparezan, aínda que non explicitamente, cando se indican a continuación as variedades dialectais da lingua catalá. Unhas variedades que, agás aquelas que teñen un nome máis transparente (balear e valenciano), non lle indican nada a un lector non iniciado. Se un non ten coñecementos de dialectoloxía, terao difícil para adiviñar que o catalán central é un subdialecto oriental do catalán falado nas comarcas centrais do Principado de Cataluña, ou que o catalán occidental tamén engloba todas as comarcas catalanfalantes de Aragón.

Mesmo nos casos de nomes transparentes, como son *rosellónés* ou *alguerés*, que sentido ten presentalos como dialectos da lingua catalá se antes non se explicitou que tamén se fala no Rosellón e en L'Alguer ou que non é lingua oficial nestes lugares? Ademais, mentres que neste dicionario teñen entrada as palabras *balear*, *rosellónés* e *valenciano* coa acepción correspondente ás variedades lingüísticas, *alguerés* non aparece. Con isto, pois, incúmprese unha regra moi básica dun bo dicionario: todas as palabras contidas nas definicións deben estar tamén contidas no corpo do dicionario.

Tamén cumpriría falar sobre a pertinencia de empregar as formas catalás dos topónimos *Catalunya*, *València* e *Illes Balears*. Tendo estes topónimos tradición en galego, ao seren lugares importantes e coñecidos, non cómpre usar as formas catalás e é mellor empregar as correspondentes galegas, de xeito que lle sirvan tamén de referencia a un usuario no caso de querelas empregar por escrito nalgún momento. Alén disto, hai que lembrar o que dixemos (§ 4.3) a respecto da exactitude da forma *Valencia* para referirse á totalidade do País Valenciano (topónimo este último que conviría non escribir como *País Valencià*, senón coa forma adaptada ao galego, xa que é un nome con tradición tamén noutras linguas, incluído o español).

4.6. *Gran Dicionario Século21 da Lingua Galega*

Para acabar, no máis recente dos dicionarios galegos actuais atopamos unha definición cunha formulación distinta ás anteriores:

catalán –á s. 1 Natural ou habitante de Cataluña. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Cataluña e aos seus habitantes. 3. *m.* Lingua románica falada no NE de España (Cataluña, Valencia, illas Baleares), S de Francia (Rosellón), Andorra e Alguer (Sardeña).

Efectivamente, o Século21 prescinde dos datos complementarios sobre a filiación lingüística do catalán e introduce unha información que podería ser interesante: a situación

xeográfica da lingua en relación aos estados nos que se fala (salvo L'Alguer, onde se indica a illa na que está sen especificar que sexa do Estado italiano). A vantaxe é que, facéndoo mediante este sistema, un lector de calquera lugar do mundo que non saiba situar estes territorios pode localizalos aproximadamente no seu mapa mental coa axuda destas breves indicacións. Sen embargo, é obvio que nunhas poucas liñas non se pode expresar á perfección unha situación no mapa, mais tamén é evidente que nin o País Valenciano (de novo baixo o confuso nome *Valencia*) nin as Baleares están no nordeste de España. Vemos tamén como a cidade de L'Alguer volve aparecer sen o artigo correspondente. Sobre a escritura do topónimo *Illas Baleares* volvemos en 5.2

5. *Análise das definicións dos nomes das variedades da lingua catalá nos dicionarios galegos*

O feito de a lingua catalá se distribuír por varios territorios sen unha unidade política favoreceu que os seus falantes xerasen nomes populares para referirse a ela⁵. Este non é un fenómeno exclusivo das linguas que non son as maioritarias e oficiais de todo un estado -sen irmos máis lonxe, temos o exemplo de vocábulos como *castelán*, *español* ou *andaluz* para referirmonos á mesma lingua-, mais no caso do catalán esta

⁵ Algúns destes autoglotónimos son: *català* no Principado de Cataluña (xunto con outros como *lleidatà*, *tortosí*, etc., segundo as zonas), *valencià* no País Valenciano, *mallorquí* en Mallorca, *menorquí* en Menorca, *eivissenc* en Eivisa, *formenter* en Formentera e *alguerès* en L'Alguer; na Cataluña do Norte o catalán é chamado polo seu nome -boa parte da poboación do Rosellón considérase catalá e ten consciencia de vivir en Cataluña malia non falar en catalán- aínda que, por mor do menosprezo a que foi sometida a poboación non francófona, tamén hai quen se refire á lingua co termo despectivo "*patuès*" (*patois* en francés), que tantos falantes de linguas non francesas do Estado francés empregan para denominalas. Hai que engadir tamén o de "*xapurrat*" nas terras que quedaron á marxe da oficialidade e onde foi máis difícil que se producise un nome da lingua derivado do topónimo correspondente, como La Franja (por ausencia dun topónimo unificador) ou El Carxe.

diversidade de nomes por veces serviu para que as propostas secesionistas que reclaman falar unha lingua distinta do catalán se apoiasen no nome concreto que este recibe nun lugar determinado.

O catalán é lingua oficial en tres territorios distintos con este mesmo nome, a saber, a Cataluña do Norte, Cataluña e as Illas Baleares; e oficial baixo o nome de *valencià* no País Valenciano. Nas Baleares, nomeadamente en Mallorca, xorde periodicamente algún movemento secesionista que, se non triunfa, é porque non ten un poder político forte que o respalde e por un feito xeográfico incuestionable: unha proposta que reclame o *mallorquino* como lingua non pode ter apoios máis alá da illa de Mallorca. E mesmo algún intento de denominalo *balear*, e de crear unhas normas e unha gramática isolacionista, nunca vai máis alá de recoller nas súas propostas as peculiaridades lingüísticas desta illa.

No caso do País Valenciano, o primeiro punto do artigo sexto do Estatuto de autonomía do 2007 declara non só oficial o valenciano, senón este como lingua propia da Comunidade Valenciana. O oitavo punto do mesmo artigo, a maiores, establece a Acadèmia Valenciana de la Llengua (que non "Acadèmia de la Llengua Valenciana") como institución normativa do idioma valenciano. Este feito non é tan preocupante se temos en conta que esta academia, aínda que integrada tamén por membros designados directamente polos partidos políticos, reconece as *Normes de Castelló*⁶ como as propias da lingua valenciana e fai unha declaración de principios como a seguinte no apartado "Criteris inspiradors de la GNV" da súa *Gramàtica normativa valenciana*:

«La llengua pròpia i històrica dels valencians és també la que compartixen les comunitats autònomes de Catalunya i de les Illes Balears i el Principat d'Andorra, així com altres territoris de l'antiga Corona d'Aragó (el departament francès dels Pirineus

⁶ As *Normes de Castelló* son unha adaptación das *Normes Ortogràfiques* de Pompeu Fabra de 1913 ás peculiaridades do valenciano. Foron asinadas en Castellón, en 1932, por personalidades e entidades culturais do País Valenciano.

Oriental, la ciutat sarda de l'Alguer i la franja oriental d'Aragó) i la comarca murciana del Carxe. Els diferents parlars de tots estos territoris constituïxen una mateixa llengua o sistema lingüístic» (AVL 2006: 15)

Unha vez esclarecida a problemática sobre os nomes da lingua, que soamente é tal para certos sectores políticos mais non para a comunidade científica, pasaremos a ver como recollen estas denominacións os dicionarios galegos e como as tratan.

5.1. Dicionário Electrónico Estraviz

O Estraviz recolle as seguintes entradas relativas aos nomes da lingua catalá, que son as máis faxeiras das que imos ver:

Maiorquino

adj. e s. m.

- (1) Pertencente ou relativo a Maiorca, capital das Ilhas Baleares.
- (2) Natural ou habitante de Maiorca.
- (3) Variedade de catalám falado nos [sic] Ilhas.
[de Maiorca, top. + -ino]

Minorquino

adj.

Pertencente ou relativo à ilha de Minorca, uma das ilhas Baleares, pertencentes a Espanha.

s. m.

O natural ou habitante de Minorca.

Ibicenco

adj. e s.

- (1) Pertencente ou relativo à ilha de Eivissa (Ibiza), uma das ilhas Baleares.
- (2) Habitante ou natural dessa ilha.

Valenciano

adj. e s. m.

- (1) Pertencente ou relativo a Valência, capital da Comunidade Autónoma do mesmo nome (Espanha).

(2) Natural ou habitante de Valência.
[de Valência, top. -ano]

A primeira contradición que hai que salientar destas definicións é que o *maiorquino* non é a «variedade de catalán falado n[a]s illas», senón a variedade falada na illa de Mallorca. É certo que desde a Península se adoita empregar popularmente o termo *mallorquí* para referirse ao catalán de calquera das illas, mais non é o sentido co que emprega este termo a lingüística nin o que debe aparecer nun dicionario. A segunda das contradicións vén dada pola ideoloxía que manifesta o propio dicionario Estraviz. Se, tal como puidemos ver, na definición de *catalán* aparece «[p]ertencente ou relativo à Catalunha, territorio localizado na Europa cuja capital é Barcelona» e «[l]íngua românica falada nos Países Catalães», non parece o máis coherente que na definición de *minorquino* se diga que a illa de Menorca é «uma das ilhas Baleares, pertencentes a Espanha», cando o termo *Países Cataláns* xa abrangue esta illa, como abrangue tamén a «Comunidade Autónoma [de Valência] (...) (Espanha)», aínda que non sexa este o seu nome (§ 4.3).

E, indo ao que máis nos interesa, non se inclúe a definición relativa á variedade da lingua catalá falada nesta illa como tampouco se fai coa illa de Eivisa, evidentemente a causa de incluír todas as variedades insulares dentro do *maiorquino*. Se cadra sería máis axustado, como fan outros dicionarios, incluír o catalán de todas as illas na entrada de *balear*, termo que si que se emprega na lingüística (a carón de *baleárico*) para referirse ao catalán das illas, mais tampouco lle dá este tratamento o Estraviz:

Balear²

adj. e s.

Habitante ou natural das ilhas Baleares.

Outra entrada que non cadra coa liña da obra é *ibicenco*. O Estraviz adoita empregar o nome (galego)portugués dos topónimos que teñan tradición, como fai con *Maiorca* ou *Minorca*. Con

Eivisa non actúa así e cita o nome da illa primeiro en catalán e entre paréntese en (galego)portugués, o que non concorda co criterio xeral do dicionario. Cómpre engadir que a entrada *maiorquino* da edición en papel de 1995 do Estraviz non contén a acepción relativa á variedade da lingua, e que *menorquino* non aparece. Ademais, tanto nesta edición en papel coma na electrónica actual non se recolle a palabra *rosellónés*.

É tamén estraña a supresión, na versión electrónica do dicionario, da acepción correspondente á lingua da entrada *valenciano*, que si recollía a anterior edición en papel, aínda que o fíxese cos topónimos ambiguos de *Valenza*, *Castellón* e *Alicante*: «(3) Variedade do idioma catalán occidental, falado en Valenza, Castellón e Alicante [de *Valenza*, Top.]. Ambiguos porque, como xa dixemos, se confunde o da cidade co das respectivas provincias homónimas, ao tempo que volve ser contraditorio ter en conta unidades provinciais nun dicionario que evita inscribir as realidades lingüísticas dentro do marco estrito do Estado español.

5.2. *Gran Dicionario Xerais da Lingua (GDXL)*

Na transcripción das entradas do GDXL prescindimos da indicación fonética, da etimoloxía e daquelas acepcións que non teñan interese para este traballo. As que cómpre analizar son as seguintes:

BALEAR¹ [...] *s.m.* 5. Variedade lingüística do catalán que se fala nas illas Baleares [e que comprende os dialectos mallorquín (sic), menorquín (sic) e eivisenco].

MALLORQUINO –A *adx.* 1. Relativo ou pertencente a Mallorca (Illas Baleares) ou ós seus habitantes. [...] // *s.m.* 4. Variedade dialectal do catalán falada en Mallorca.

MENORQUINO –A *adx.* 1. Relativo ou pertencente a Menorca (Baleares) ou ós seus habitantes. [...] // *s.m.* 4. Modalidade de catalán falado en Menorca.

EIVISENCO –A 1. Relativo ou pertencente a Eivisa, unha das illas Baleares, ou ós seus habitantes. [...] // *s.m.* 4. Modalidade da lingua catalá falada nas illas Baleares de Eivisa e Formentera.

VALENCIANO –A *adx.* 1. Pertencente ou relativo a Valencia, ó País Valenciano ou ós seus habitantes. [...] // *s.m.* 7. Modalidade do idioma catalán falada no País Valenciano.

ROSELLONÉS –ESA *adx.* 1. Relativo ou pertencente ó Rosellón (rexión do extremo SE de Francia) ou ós seus habitantes [...] // *s.m.* 4. Lingua catalá setentrional.

En primeiro lugar, e acertadamente, o GDXL recolle dentro de *balear* o significado correspondente á variedade lingüística común ás illas, coa indicación dos seus subdialectos (na que hai dous erros: **mallorquín* debera ser *mallorquino* e **menorquín*, *menorquino*; ademais, ambas as palabras erróneas están recollidas como barbarismos no propio dicionario e dirixen o usuario cara ás correspondentes válidas). En canto aos subdialectos do catalán balear, aparecen algunhas diferenzas de redacción en cadansúa entrada mais que non afectan a comprensión nin conteñen imprecisión ningunha. O único que cabería uniformizar, quizais, é o nome das Baleares, que aparece dentro da entrada *mallorquino* entre paréntese cos dous elementos no topónimo en maiúscula, co que se entende que é o nome da comunidade autónoma (na primeira edición -2001- figuraba «Relativo ou pertencente a Mallorca, illa mediterránea»), dentro de *menorquino* só co nome propio do arquipélago prescindindo do xenérico *illas* e, no último caso, en *eivisenco*, coa fórmula «unha das illas Baleares», co nome común en minúscula porque está empregado en sentido xenérico como termo xeográfico e non formando parte dun topónimo composto. Ben é certo que deixándoo tal como aparece no dicionario tamén se lle poden dar pistas ao lector de como cómpre escribir a secuencia *Illas Baleares* segundo o uso concreto de cada momento, mais tamén cabe a posibilidade de que un lector non consulte e compare as tres entradas.

No que respecta a *valenciano*, xa vimos ao comentar a definición de *catalán* no apartado 4.4 que, se naquela se empregaba *Valencia* en sentido global, dentro da entrada *valenciano* distínguese o topónimo referido á cidade ou á provincia do xenérico *País Valenciano*, moito máis útil. Cómpre dicir que na

anterior edición aínda se especificaba máis, xa que aparecía «pertencente ou relativo á cidade e provincia de Valencia», fórmula que, aínda que se podería mellorar introducindo a conxunción disxuntiva *ou* entre “cidade” e “provincia” en vez da copulativa, acrecentaba un dato que podía ser útil e que desaparece na edición actual. Tamén houbo un cambio da primeira á segunda edición dentro da definición de *rosellonés*, dado que mentres na anterior aparecía «[n]ome con que se coñece habitualmente o catalán setentrional», na do 2001 cambiouse para «[l]ingua catalá setentrional». O cambio debeu ser debido á vontade de eliminar expresións do tipo “nome con que...” do corpo das definicións, mais o resultado non é demasiado afortunado. Sería mellor empregar algunha das fórmulas con que están definidas as outras variantes da lingua (§ 8.4).

5.3. *Dicionario de Galego (Ir Indo)*

O Ir Indo recolle o mesmo número de entradas có GDXL:

¹balear

< *topónimo Balears*

11 *adx* Relativo ou pertencente ás Illes Balears, aos seus habitantes ou a [sic] súa lingua.

12 Natural ou habitante das Illes Balears.

2 *m* **LING** Variedade insular do catalán que se fala nas Illes Balears e abrangue o mallorquino, o menorquino e o eivisenco.

mallorquino -na

< *topónimo Mallorca*

1 *adx* Relativo ou pertencente a Mallorca ou aos seus habitantes

2 *s* Natural ou habitante de Mallorca.

3 *s m* **LING** Modalidade de catalán, subdialecto do catalán insular ou balear.

menorquino -na

< *antropónimo Menorca*

1 *adx* Relativo ou pertencente a Menorca ou aos seus habitantes.

2 *s* Natural ou habitante de Menorca.

3 s m LING Modalidade do catalán, subdialecto do catalán insular ou balear.

eivisenco -ca

1 adx Relativo ou pertencente a Eivissa ou aos seus habitantes.

2 s Natural ou habitante de Eivissa.

valenciano -na

< *topónimo Valencia*

1 adx Relativo ou pertencente a València, á Comunitat Valenciana, aos seus habitantes ou á variedade meridional do catalán.

2 s Natural ou habitante de València ou da Comunitat Valenciana.

3 s m LING Variedade lingüística do catalán que se fala na Comunitat Valenciana.

rosellonés

1 adx Relativo ou pertencente a Rosellón ou aos seus habitantes.

2 s Natural ou habitante de Rosellón.

Sobre a primeira, só hai que destacar que á diferenza dos outros é o único que recolle o sentido relativo á lingua dos habitantes das Balears dentro do adxectivo *balear*: «Relativo ou pertencente ás Illes Balears, aos seus habitantes ou [á] súa lingua». A definición do substantivo, que é moi semellante á do GDXL, introduce o concepto «[v]ariedade *insular* do catalán», aínda que a diferenza do anterior dicionario non fala do mallorquino, do menorquino e do eivisenco como subdialectos dunha variedade superior, unha indicación que pode ser moi útil para comprender a xerarquía entre os distintos dialectos da lingua (e que é máis precisa cá expresión «e abrangue o» usada polo Ir Indo).

Sobre *mallorquino* e *menorquino* non hai nada que destacar, son dúas boas definicións (polo que parece papeletizadas do GDLC) que tamén marcan a xerarquía entre variedades diatópicas; tan só habería que advertir do erro -involuntario, como parece evidente- de considerar *Menorca* un antropónimo. Mais, habendo como hai dúas definicións moi correctas como estas, por que non aparece a acepción relativa á lingua dentro de *eivisenco* nin de *rosellonés*? Tamén hai que facer notar que o topónimo

Rosellón sempre vai acompañado do artigo, ao contrario de como aparece neste dicionario.

Finalmente, en canto a *valenciano*, bótase de ver que na súa definición se comete o mesmo erro ca no do GDXL: mentres que na definición de *catalán* se fala de *València* co sentido xenérico de País Valenciano, dentro da definición de *valenciano* distínguese entre a cidade (ou provincia) e a *Comunitat Valenciana*, topónimo que non volveremos comentar. Todo fai sospeitar que o Ir Indo se baseou no GDXL para elaborar esta definición e, ao cambiar *País Valenciano* por *Comunitat Valenciana* non se reparou nesta incoherencia. No que mellora o Ir Indo é na adición da expresión «variedade meridional do catalán», dando unha información que lle pode ser útil ao lector. Por último só cómpre lembrar que *alguerés* non ten entrada no dicionario (como tampouco a ten en ningún dos outros), aínda que si que se usa este termo ao falar das variedades da lingua dentro da entrada *catalán* (§ 4.5).

5.4. Gran Dicionario Século21 da Lingua Galega

O Século21 recolle as mesmas seis entradas cós dous dicionarios anteriores:

balear² [...] 3. *m.* Variedade da lingua catalá que se fala nas illas Baleares.

eivisenco –a (de *Eivisa*, topónimo) *s.* 1. Natural ou habitante de Eivisa (nas illas Baleares). 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Eivisa e aos seus habitantes.

mallorquino –a (de *Mallorca*, topónimo) *s.* 1. Natural ou habitante de Mallorca. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Mallorca e aos seus habitantes.

menorquino –a (de *Menorca*, topónimo) *s.* 1. Natural ou habitante de Menorca. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Menorca e aos seus habitantes.

rosellonés -esa (do *Rosellón*, topónimo + suf. *-és*, que indica procedencia, orixe ou pertenza) s. 1. Natural ou habitante do Rosellón, rexión histórica do sur de Francia. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo ao Rosellón e aos seus habitantes.

valenciano -ana (de *Valencia*, topónimo + suf. *-ano*, que indica orixe en, procedencia de ou pertenza e) s. 1. Natural ou habitante de Valencia. 2. *m.* Variedade da lingua catalá falada na comunidade de Valencia. 3. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a Valencia e aos seus habitantes.

Sorprendentemente, malia ser o último dos dicionarios de referencia da lingua galega (2005), a variedade insular do catalán aparece dentro da entrada *balear*, mais non incorpora as acepcións correspondentes á lingua catalá para ningún dos xentilicios das illas Baleares, como tampouco o fai dentro da entrada correspondente ao Rosellón. Alén deste baleiro inescusable, hai que facer tamén algunhas precisións. Dunha banda, o Século 21 non sitúa dentro das Baleares as illas de Mallorca e Menorca, e faino en cambio coa illa de Eivisa. A pesar de esta illa formar parte do arquipélago das Baleares e, evidentemente, da Comunidade autónoma das Illas Baleares, non ten sentido que sexa a única que se considera (no dicionario) balear, xa que Eivisa e Formentera, chamadas *pitiúsas* (*pitiüses* en catalán) foron desde sempre diferenciadas xeográfica e historicamente das illas propiamente baleares, que son Mallorca e Menorca. Dito doutro xeito, tería sentido afirmar que é balear se se dixese o mesmo das outras illas, mais non cando soamente se aplica esta indicación xeográfica para a illa de Eivisa.

Sobre o Rosellón, é certo que é unha «rexión histórica do sur de Francia» mais, dado que é unha parte do Principado de Cataluña (aínda que sempre gozou dunha unidade e entidade propias) que foi cedida por Felipe IV de Castela a Lois XIV de Francia en 1659, quizais sería máis axeitada, xa que se fala de historia, unha expresión do tipo “rexión do sur de Francia historicamente ligada a Cataluña”. E conviría tamén considerar a posibilidade de introducir o topónimo Cataluña do Norte, que se emprega desde principios do s. XX para designar a parte de Cataluña administrada polo Estado francés.

De feito, este nome triunfou a banda e banda dos Pireneos e mesmo non é estraño que os cataláns da Cataluña do Norte se refiran así (*Catalunya del Nord* ou, simplemente, *Catalunya Nord*) á súa parte de país e, por oposición, chamen ao resto do Principado *Catalunya del Sud*. O uso deste topónimo, ademais, evita a confusión coa comarca do Rosellón, que é unha das que integran (xunto coa Cerdaña, dividida entre os dous estados, o Capcir, o Conflent, o Vallespir e a Fenolleda) a Cataluña do Norte, co que permite indicar con máis precisión o conxunto do territorio catalán que non está baixo administración española, e non tan só unha parte del. O feito de chamármollos *rosellonés* á variedade lingüística propia da Cataluña do Norte responde ao feito de o Rosellón ser a comarca máis importante cuxa capital é Perpiñá, polo que se adoitou referirse ao todo o territorio, por extensión, co nome da súa comarca principal (e tamén por mor da importancia do antigo condado homónimo).

Sobre *valenciano* hai que recuncar na mesma explicación: se xa non é adecuado empregar *Valencia* en exclusiva, porque leva a confusións, é aínda máis estraño o uso do termo «comunidade de Valencia», xa que Valencia, nin a provincia nin a cidade, non está constituída en ningunha comunidade. Deberíase empregar *Comunidade Valenciana*, no peor dos casos, ou *País Valenciano*, como xa recomendei (§ 4.3).

6. Os territorios esquecidos: a franxa aragonesa e El Carxe

Unha omisión gravísima da totalidade dos dicionarios consultados é a dos territorios catalanfalantes de Aragón e de Murcia. O único dicionario que pode ter desculpa é o Estraviz, grazas ao uso do topónimo xenérico *Países Catalães*, aínda que xa analizamos no apartado correspondente (4.2) os seus inconvenientes.

Recuperando o que fomos dicindo, se un dicionario usa na definición de *catalán* a expresión “lingua falada en”, ten que indicar todos os territorios onde se fala a lingua, e non soamente algúns por razóns que poden ir desde o esquecemento, ata o

medo de recibir críticas ou de abrir un conflito con sectores contrarios á lingua catalá, sendo o primeiro destes motivos o menos probable e chegando, quen sabe, á ignorancia. O peor do caso é que ningún dos catro dicionarios que detallan os territorios (DRAG, GDXL, Ir Indo e Século21) inclúe a zona aragonesa e murciana de fala catalá.

O primeiro dos territorios esquecidos é a zona catalanfalante de Aragón, chamada habitualmente *La Franja*, que se estende polas súas comarcas orientais, limítrofes con Cataluña. Estas terras pertencen ao subdialecto noroccidental do catalán, que se estende pola metade oeste do Principado de Cataluña e por esta franxa aragonesa de lingua catalá. A fala destas comarcas non se considera unha variante específica, senón que se integra nos principais subdialectos noroccidentais. Vexamos, en negriña, cales son estas comarcas dentro do conxunto do catalán noroccidental:

«El català nord-occidental comprèn la **Ribagorça** [repartida entre Cataluña e Aragón], el Pallars, Andorra, l'Alt Urgell, la **Llitera**, la Noguera, la meitat occidental del Solsonès, la Segarra, l'Urgell, el Segrià, el **Baix Cinca**, les Garrigues i el Priorat. La faixa compresa per la Terra Alta, el **Matarranya**, el Baix Ebre i el Montsià pot considerar-se, *grosso modo*, com a zona de transició cap al valencià; participen en certa manera daquest caràcter els Ports de Morella, l'Alcalatén i el Maestrat, amb isoglosses de traçat variable. La pertinença del territori a tres demarcacions politicoadministratives (Andorra, regió autonòmica d'Aragó, Generalitat de Catalunya) pot explicar algunes diferències dialectals.» (Veny 2002: 86)

Se baixamos cara ao sur dos Países Cataláns atopamos o segundo dos territorios esquecidos: El Carxe, unha pequena zona do norte da Rexión de Murcia que recibe o nome dunha entidade de poboación do municipio de Iecla chamada Carxe ou Raspai (oficialmente, *Raspay*). Esta zona repártese entre os municipios de Iecla, Jumella e Favarella (oficialmente, *Yecla*, *Jumilla* e *Abanilla*) e comprende 21 núcleos de poboación catalanfalantes que están máis preto da vila alacantina de El Pi-

nós -na comarca de El Vinalopó Mitjà- ca das súas capitais municipais (Veny 2002: 108).

Actualmente, desde xa hai algún tempo, El Carxe sofre unha sangría demográfica que fai que mesmo algúns dos seus núcleos non teñan poboación permanente, e que a que hai sexa de arredor dun milleiro de persoas. De feito, foi xa unha despoboación a que motivou que hoxe se fale catalán alí, xa que esta zona quedou case deshabitada pola expulsión dos mouriscos no s. XVII e foi repoboada por labregos dos municipios catalanfalantes máis cercanos durante o s. XIX, unha migración que se acentuou a finais dese século por mor da crise da filoxera:

«[E]l domini lingüístic del català penetra (lleument) en terres murcianas: en concret, a la demarcació dels "Altiplans del Carxe" (arran d'una colonització agrària bastant recent)». (Gargallo Gil 1994: 182)

Para concretar o que acabamos de dicir, tanto se se emprega a expresión "lingua falada en" coma a de "lingua cooficial/oficial en", hai que incluír El Carxe e mais as comarcas aragonesas de lingua catalá, sexa para dicir que son territorios onde se fala, sexa para indicar os territorios onde non é oficial a pesar de ser a lingua propia.

7. Conclusións

Con todo o exposto ata agora, vese a necesidade de mellorar as definicións correspondentes á entrada *gallec* dos dicionarios cataláns, e a *catalán* dos dicionarios galegos, xunto coas correspondentes aos outros glotónimos desta última lingua. Tamén se comproba que os erros e as imprecisións afectan tanto aos dicionarios cataláns coma aos galegos, e que non podemos extrapolar unha mellor comprensión sociolingüística nun sentido ou noutro. Tamén hai que ter en conta que a realidade lingüística do catalán é máis complexa (social e territorialmente) cá galega, pero que o feito de esta ser máis fácil de comprender

(menos diversidade territorial, poboación máis homoxénea...) non garante tampouco que se lle dea un tratamento axeitado nos dicionarios cataláns. Demóstrase así, e aínda que só sexa nun aspecto moi concreto, a tradución nas obras lexicográficas do descoñecemento recíproco entre as culturas galega e catalá.

A mellora destas definicións, pois, pode ser unha pequena contribución cara ao mellor coñecemento mutuo desde unha obra privilexiada como o dicionario, de xeito que se evite que os erros que haxa poidan chegar a ter forza de lei e sexan interpretados como datos válidos que os usuarios, nomeadamente os estudantes, poidan reproducir. É certo, porén, que cumprirían outros estudos cruzados (por exemplo, as definicións de *espanhol* nos dicionarios portugueses e de *português* nos dicionarios españois) para corroborar se estas imprecisións son xeneralizables á descrición de calquera lingua ou se realmente afectan máis as das culturas cunhas relacións non normalizadas -ao estaren mediatizadas por unha supracultura alóctona- co resto do mundo. Tamén cómpre termos en conta que detrás dunha lingua interveñen compoñentes sociais, ideolóxicas, políticas e mesmo científicas distintas que a fan ser susceptible, a diferenza das entidades físicas, de recibir interpretacións e explicacións varias, polo que non é doado, sexa como for a realidade social e política na que se inscribe a lingua, dar no albo dunha definición que a describa impecablemente.

Se falamos de *mellorar* as definicións é porque hai que aproveitar o traballo feito e partir das entradas analizadas aquí para tirar delas todo aquilo que se considere oportuno; por iso propomos, no apartado seguinte, unha definición da acepción relativa á lingua de cada un dos termos que foron obxecto deste estudo. Definicións que deberán ser, evidentemente, analizadas e estarán sempre expostas ás críticas e ás propostas de mellora que calquera especialista ou usuario poida achegar, mais que pretenden ser sólidas de abondo como para podelas incorporar ás revisións ou redaccións das obras lexicográficas, e queren contribuír, en definitiva, á normalización da corrente de coñecemento que flúe entre as nosas linguas e as nosas culturas.

8. Proposta de definicións

Dado que ao longo do traballo xa expresamos varias opinións sobre a forma de presentaren as definicións os dicionarios, neste apartado limitáremosnos a propor unha definición para a acepción relativa á lingua, sen entrarmos en aspectos da microestrutura, como poden ser as marcas de especialización ou a orde das acepcións, que son agora secundarios e dependen de cada dicionario. Si que imos comentar, porén, algúns criterios ideolóxicos e filolóxicos que teremos en conta á hora de confeccionar as definicións.

8.1. *Lingua propia de en vez de lingua falada en*

Xa introducimos no apartado 4.5 a problemática da fórmula "lingua falada en", usada por case todos os dicionarios analizados, e a de "lingua (co)oficial en" que emprega o Ir Indo. Esta última é moi comprometida: tal como dixemos, o Ir Indo comete o erro de indicar onde é (co)oficial o catalán mais sen dicir en que territorios non é oficial a pesar de ser lingua propia (§ 6), e tamén quedou demostrado que é unha fórmula exposta de máis aos cambios iuslingüísticos que poidan acontecer. Doutra banda, a expresión "lingua falada en" é demasiado inexacta; é ben certo, por exemplo, que o galego é unha lingua falada en Galicia, mais tampouco sería falso afirmar que o galego é unha lingua falada na Arxentina ou en Barcelona.

Por que, a excepción do Albertí (§ 3.3) ningún dicionario emprega a expresión "lingua propia de"? Unha lingua pódese falar en moitos lugares, pode estar prohibida, en situación de alegalidade ou ser oficial, mais toda lingua é propia dun territorio. Como di o lingüista Jesús Tusón, co seu característico humor didáctico:

«Ben mirades les coses, i com que les llengües no són parlades per esperits purs que vagaregen pels espais intergalàctics, caldrà entendre que una llengua és d'algun lloc: normalment, del lloc

on viu, de manera estable, la població que parla d'aquella manera.» (Tuson 2004: 17)

Ademais, que unha lingua sexa propia dun territorio non implica que sexa a única histórica daquel lugar nin que nese territorio non poidan convivir moitas outras linguas. Polo tanto, propomos obviar as polémicas bizantinas que usaron e seguen a usar as linguas *propias* como armas (políticas) para recuperar-mos o concepto *lingua propria*, máis exacto cós anteriores e que permite introducir excepcións que non acepta, polo propio sentido da expresión, a fórmula "lingua falada en".

8.2. Proposta de definición de catalán

Ademais de empregarmos o termo *lingua propria*, na proposta de definición de *catalán* -aínda a risco de alongala ou tornala un chisco enciclopédica- optaremos por indicar a filiación lingüística do catalán (seguindo o modelo do GDXL), polo emprego do topónimo Países Cataláns co detalle dos territorios que os integran e a especificación dos casos nos que un territorio non sexa integramente de fala catalá, a excepción do Rosellón.

Sobre este último punto, parécenos importante que nun dicionario se explicita tanto que o Val de Arán, en Cataluña, non é catalanfalante (aínda que os seus habitantes poidan falar en catalán), coma que se esclareza que boa parte do País Valenciano é de fala castelá. E é que, efectivamente, o Val de Arán, secularmente illado do resto de Cataluña por montañas de case 3000 m., pertence ao dominio da lingua occitana -e, concretamente, á variante gascona-, chamada *aranés* no val:

«La frontera septentrional del català nord-occidental segueix, des de l'extremitat oriental d'Andorra, el límit polític amb França, però en arribar a la Vall d'Aran, la línia fronterera baixa i encercla aquesta vall, deixant-la fora del domini, car aquesta ja pertany al domini gascó» (Veny 2002: 86)

Non é soamente a vontade de non inscribir, aínda que sexa implicitamente, o Val de Arán ao dominio da lingua catalá, senón que ademais cómpre termos en conta que os araneses

teñen un sentimento identitario e unha historia que os individualiza respecto do resto do Principado de Cataluña, diferenza que mesmo está recoñecida no punto 2 do artigo 11 ("Arán") do Estatuto de autonomía de Cataluña do ano 2006:

«Os cidadáns de Cataluña e as súas institucións políticas recoñecen Arán como unha realidade occitana, dotada de identidade cultural, histórica, xeográfica e lingüística, defendida polos araneses ao longo dos séculos. Este estatuto recoñece, ampara e respecta esta singularidade e recoñece Arán como entidade territorial singular dentro de Cataluña, a cal é obxecto dunha particular protección por medio dun réxime xurídico especial».

Ao seguir este criterio co Val de Arán, parecería o máis coherente facer o mesmo coa Cataluña do Norte e indicar que toda ela é catalanfalante agás a comarca da Fenolleda:

«Amb els noms de *català septentrional* o *rossellonès* coneixem els parlars de les comarques nord-catalanes del Rosselló, Vallespir, Conflent, Cerdanya i Capcir, que corresponen a l'antic bisbat d'Elna, sense comptar-hi la Fenolleda ni el País de Sornia que són ja de parla occitana[.].» (Alegre 1991: 71)

O problema é que, así como o Val de Arán é unha realidade coñecida para moitas persoas (é un centro turístico importante), non se pode dicir o mesmo da Cataluña do Norte e, polo tanto, menos aínda da comarca da Fenolleda. Así as cousas, introducirmos na definición unha frase do tipo "lingua propia [...] da Cataluña do Norte (agás a comarca da Fenolleda, occitanófono)" poderíalle non dicir nada ao lector e se cadra contribuiría a alongar a definición de máis cun dato, non diremos irrelevante, porque non o é, mais si prescindible. É evidente que esta opción é persoal e pode entrar en contradición con algúns outros criterios adoptados ao longo do traballo, mais pensamos que queda xustificada de abondo.

Finalmente, consideramos moi importante dar a coñecer a realidade lingüística do País Valenciano, inicialmente bilingüe aragonés-catalán e hoxe bilingüe castelán-catalán, cunha liña

divisoria que -facendo unha xeneralización- se estende de norte a sur e parte en dúas metades lingüísticas o seu territorio, polo que é dicir moi pouco afirmar simplemente que o catalán é lingua propia do País Valenciano:

«El català meridional, anomenat habitualment *valencià*, es parla a les comarques dels Ports de Morella, Alt i Baix Maestrat, Plana de Castelló (demarcació de Castelló), Camp de Morvedre, Camp de Túria, l'Horta, Ribera Alta i Baixa (València) i Alcoià, Comtat, Costera, Marina Alta, Safor i Vall d'Albaida (demarcació de Xàtiva) i Alacantí, Baix Vinalopó, Marina Baixa i Valls del Vinalopó (Alacant) [...] S'estén, doncs per la major part de l'antic "Regne de València», **concretament abraça les comarques més properes a la costa mediterrània**⁷. La resta del territori no és, ni ha estat mai, de parla catalana, perquè fou repoblat per aragonesos i castellans. Amb la progressiva expansió de Castella, l'estructura lingüística inicial es va modificar fins a l'estatus actual.» (Alegre 1991: 195)

Xa advertimos que considerar todas estas puntualizacións pode alongar a definición algo máis do que é habitual, mais pensamos que son necesarias e, doutra banda, non é menos necesaria a normalización das nosas relacións culturais, un proceso do que non pode quedar exento o dicionario. Con todo o dito, a proposta de definición é a seguinte:

CATALÁN: Lingua románica, con trazos comúns ás linguas iberorrománicas e galorrománicas, propia de Cataluña (agás do Val de Arán, occitanófono), da Cataluña do Norte, de Andorra, das Illas Baleares, da franxa de comarcas aragonesas limítrofes con Cataluña, da metade oriental do País Valenciano, da comarca murciana de El Carxe e da cidade sarda de L'Alguer [territorios que tamén se denominan, no seu conxunto, Países Cataláns].

⁷ A negriña é nosa.

8.3. *Propostas de definicións dos nomes das variedades da lingua catalá*

As variedades da lingua catalá que deben aparecer definidas son as seguintes: *rosellonés, balear, menorquino, mallorquino, eivisenco, valenciano e alguerés*. Xa fomos comentando dentro do apartado 5 como deberían ser estas definicións, polo que pasamos directamente a facer as propostas correspondentes. Repárese que, coherentemente co expresado no punto 5.4, usamos o topónimo Cataluña do Norte en vez do tamén tradicional, aínda que equívoco, Rosellón.

ROSELLONÉS: variedade lingüística do catalán propia da Cataluña do Norte.

BALEAR: conxunto do catalán insular, que abrangue o mallorquino, o menorquino e o eivisenco.

MENORQUINO: variedade lingüística do catalán insular ou balear propia da illa de Menorca.

MALLORQUINO: variedade lingüística do catalán insular ou balear propia da illa de Mallorca.

EIVISENCO: variedade lingüística do catalán insular ou balear propia das illas de Eivisa e Formentera.

VALENCIANO: variedade lingüística do catalán propia do País Valenciano.

ALGUERÉS: variedade lingüística do catalán propia da cidade sarda de L'Alguer.

8.4. *Proposta de definición de gallec*

Antes de pasar á proposta de definición de *gallec* para os dicionarios cataláns convén facer unha reflexión sobre os territorios que hai que adscribir ao seu dominio lingüístico. Alén dos límites da actual comunidade autónoma, o galego traspasa as fronteiras de Galicia e adéntrase en Zamora, en León e no Principado de Asturias. Neste último caso, as polémicas xiran arredor da consideración das falas eonaviegas como galego, como asturiano (só por grupos pouco iniciados na filoloxía) ou como unha fala de transición entre as dúas linguas que constitúe unha unidade á parte e que se adoita coñecer polo ambiguo nome de "a fala":

«A filoloxía gallega vén clasificando a fala del Navia-Eo como “gallego”, partindo sempre d’un concepto unde se mezcra, ben veces, consideraciós filolóxicas y afáis políticos. D’este xeito fan de “galego exterior” ou “galego de Asturias” pra referirse á realidade llingüística del Navia-Eo [...] En conclusión, a zona é un exemplo claro de *continuum* dialectal. Ese feito llingüístico -qu’el territorio tía atravesado por tantas isoglosas y se mezcra nel trazas asturianas y gallegas, ademáis de características propias-, explica a situación sociolingüística actual del Navia-eo, unde os seus falantes teñen conciencia d’usar unha variedade llingüística con unha personalidade ben marcada, diferente del gallego y del asturiano, al tempo qu’aparecida a entrambas llinguas. Esta realidade amóstrase tamén en análise de carácter pragmático que reflexa a crencia xeneralizada dos falantes eonaviegos, inequívocamente situados na idea da súa particularidade llingüística[.]» (ALLA 2006: 28-33)

É ben certo que a división entre linguas é, fundamentalmente, política, mais non só entre galego e asturiano, senón entre calquera lingua do mundo. Tamén é verdade que «a zona [eonaviega] é un exemplo claro de *continuum* dialectal», mais é que todo o norte da península Ibérica, coas súas falas constitutivas, é un exemplo clarísimo de *continuum* lingüístico que non se dá nas zonas onde as linguas foron exportadas por mor de conquistas e repoboacións, onde as fronteiras entre unhas e outras son claras e abruptas. Ora ben, na nosa tradición sempre se adscriben cada unha das variedades concretas do norte da península a unha ou a outra lingua, e xeralmente as polémicas danse nos casos de enclaves lingüísticoadministrativos (Gargallo 2009: 31) con falas ou dialectos que poderíamos inserir nun dominio lingüístico que non é o oficial no propio enclave (o parangón do galego eonaviego podería ser o benasqués, na Ribagorza - Aragón-).

Dito doutro xeito: se a zona eonaviega estivese dentro dos límites administrativos da Comunidade autónoma de Galicia, preocuparíase alguén, ademais dos lingüistas, da adscripción da súa variedade lingüística? Probablemente, non, e chamárasele *galego* desacomplexadamente e non *fala*. En resumo, dado que a

maioría da tradición filolóxica adscribe o dialecto eonaviego ao suprasistema da lingua galega (e así aparece na tradición lexicográfica catalá), pódese afirmar sen reticencias que o galego é a lingua propia da parte de Asturias comprendida entre os ríos Navia e Eo, do mesmo xeito que poderemos dicir que é propia dunha parte de León e dunha parte de Zamora (esta situación ten o seu paralelismo no Val de Arán ou na metade occidental do País Valenciano, onde non hai que ter problema ningún á hora de afirmar que as linguas propias destes lugares son, respectivamente, o occitano e o castelán -evidentemente, o problema sempre xorde cando a lingua *propia* é outra distinta á oficial en todo o Estado español).

A seguinte reflexión cómpre facela verbo da conveniencia de incluír a variedade lingüística de San Martín de Trevello, das Ellas e de Valverde do Fresno (Cáceres) dentro do dominio lingüístico do galego. Se facemos estas consideracións é porque calquera lector atento se podería preguntar por que incluímos o alquerés dentro do dominio lingüístico do catalán e non facemos o mesmo coa *fala* dos "Tres Lugaris", máis aínda cando se chegou a alcumar a realidade lingüística destas vilas estremeñas como L'Alguer galego (Fernández Rei, 2000). Para empezar, mentres que a comunidade científica ten claro que o que se fala na cidade sarda é catalán (coa evolución lóxica do paso do tempo e as influencias do sardo e do italiano), non está tan claro que o que se fala no val do Ellas sexa, *simplemente*, galego.

Polo de agora está aceptado que os colonos do val do Ellas eran galegos chegados en tempos de Afonso VIII -seguindo a cronoloxía do reino de León e non a do reino de Castela- e que o idioma que levaron se mantivo porque nas tres vilas de nova fundación os seus habitantes non tiveron nunca a necesidade de cambiar de lingua, e os repoboadores posteriores tiveron que adaptarse a ela (Domené 2008). Para Costas esta lingua é, «consequentemente, o resultado dun galego antigo implantado neste val no século XIII que perdeu todo contacto co territorio orixinario e camiñou setecentos anos por libre». Este lingüista é quizais o máis ousado á hora de mostrarse convencido da «"galegitude" innegable destas falas, galegitude por orixe e

galeguidade de as compararmos cos resultados actuais das variedades galegas do sueste do noso dominio lingüístico», engadindo, ademais, a respecto do léxico do val, que é «básica e fundamentalmente galego. E quen di galego di tamén galego-portugués» (2000: 295-307).

Salvador Plans, filólogo extremeño, reconece a «base gallega» desta fala, «anterior a la separación entre gallego y portugués en el siglo XIV, a la que se han ido uniendo progresivamente elementos leoneses, castellanos, de los dialectos portugueses circunvecinos, etc.», aínda que non sexa adecuado identificar sincronicamente o que se fala hoxe no val do Ellas co galego actual: «El error muchas veces ha consistido en sustentar con ideas apriorísticas una base comparativa entre la actual situación y la del gallego estandarizado del siglo XX.» (2003: 22). Este criterio sincrónico parece que é o que seguiron outros como, por exemplo, Francisco Fernández Rei para posicionarse sobre a adscripción da *fala* do val do Ellas:

«En Galicia uso sempre a denominación “galego” de Cáceres -coa palabra galego entre comiñas ou entre aspas-, e non “portugués” de Cáceres porque da xa abundante bibliografía existente parece claro que estas falas, pertencentes sen dúbida ningunha ó tronco galaico-portugués, lingüisticamente teñen moito máis que ver coas falas galegas (e portuguesas septentrionais) que co portugués estándar (e falares portugueses veciños)». (Fernández Rei, 2000)

Unha das voces máis conciliadoras é a de José Enrique Gargallo, romanista da Universitat de Barcelona, que achega un matiz á cuestión e adscribe o enclave dos Tres Lugaris á zona romance consecutiva e considera que o feito de esta fala ter maior afinidade «con el romance gallego (constitutivo) que con el vecino portugués dialectal (consecutivo)» non é obstáculo «para clasificar la fala de los tres lugares como parte del conjunto gallego-portugués peninsular», ao tempo que nos dá a clave para responder á pregunta de se a *fala* é portugués ou galego (Gargallo 2007: 34):

«A la pregunta de si la *fala* es portugués o gallego creo adecuado responder que gallego-portugués, aun si se puede conceder que probablemente algo más “gallego” que portugués. Pero, en cualquier caso, no gallego sin más. Gallego-portugués tiznado de (viejos) leonesismos y cada vez más influido por la lengua-techo castellana.»

Ademais, Gargallo alerta da contradición que supón definir a *fala* como galego “sen máis”:

«La fuerza de la costumbre ha arraigado en Galicia desde hace ya años la idea de que estas hablas se adscriben al gallego por razones históricas de colonización medieval. Razones que harían también “gallego” al portugués, de acuerdo con un reintegracionismo consecuente (del gallego al portugués o de este al gallego)». (Gargallo 2009: 38)

Esta *fala* dos Tres Lugaris, do val do Ellas ou de Xálima, sería, en definitiva, unha terceira póla do antigo galegoportugués, opción que é, nesta altura, a máis aceptada entre os lingüistas, tanto os de fóra de Galicia coma os propios galegos:

«[V]alverdeiro, lagarteiro e mañego son a terceira póla [do galego-portugués], pero unha póla que arrinca desde o antigo galego». (Costas 2000: 307)

«Da medieval lingua *abstand* galaico-portuguesa [...] proceden dúas modernas linguas *ausbau*, a galega e a portuguesa. [...] Da lingua *abstand* galaico-portuguesa provén esta terceira ponla, a do grupo dialectal formado polo valverdeiro, o lagarteiro e o mañego, que a pesar das diferencias entre eles constitúen tres variedades dun mesmo “dialecto”[.]». (Fernández Rei, 2000)

Se, con estes datos na man, xa vemos que é imposible incluír esta terceira póla do galego-portugués dentro da definición de galego nun dicionario non enciclopédico, temos aínda outra dificultade: que nome lle damos a esta *fala*? Gargallo, por exemplo, propón (2007: 40) chamarlle *a fala de Xálima* para respectar a etiqueta popular que aglutina as falas das tres vilas estremeñas e

distinguilas doutras *falas* do dominio lingüístico galegoportugués; outros, como Costas (2000: 293), propoñen chamala *a fala dos Tres Lugaris*, para respectar a denominación que lle dan os seus habitantes e evitar usar un nome sen consenso; e aínda hai quen opta por denominar a zona *val do Ellas* (Domené 2008: 68), co que se desprende que se lle debería chamar, consecuentemente, *a fala do val do Ellas*; todo isto á par doutras denominacións que tamén aparecen en varios lugares como os acrónimos *xalimego* ou *valego*.

En resumo, sería reduccionista dicir simplemente que esta *fala* é “galego” sen engadir ningunha outra información e, a maiores, non hai un nome amplamente consensuado para ela, polo que é imposible e inviable (alén de que non sería honesto) dicir que o galego é tamén a lingua propia do val de Xálima, do Ellas ou destes Tres Lugaris estremeños.

Velaí, con todas estas consideracións detrás, a proposta de definición de *gallec* para os dicionarios cataláns, na que unimos o concepto de “llengua pròpia” do Albertí, as referencias xeográficas que ofrece o GDLC (mais pondo entre parénteses os límites) e a indicación da filiación lingüística do D62:

GALLEC: Llengua iberorromànica, de tronc comú amb el portuguès, pròpia de Galícia, d'Astúries (fins al Nàvia), de Lleó (fins a Ponferrada) i de Zamora (fins al Padornelo).

Bibliografía

Dicionarios consultados

Albertí (2000³⁶) = Albertí, Santiago: *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Albertí, editor S. L.

DCVB (1926-1968) = Antoni M^a. Alcover / Francesc de B. Moll: *Diccionari català-valencià-balear*. Moll: Palma (10 vols.). Tamén dispoñible en liña en: <<http://dcvb.iecat.net/>> [Consulta: 11 xaneiro 2011]

- DIEC1 (1997) = Institut d'Estudis Catalans: *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Enciclopèdia Catalana. Tamén dispoñible en liña en: <<http://institucional.iec.cat/diec1/entrada/diec.asp>> [Consulta: 1 marzo 2011]
- DIEC2 (2007²) = Institut d'Estudis Catalans: *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Enciclopèdia Catalana. Tamén dispoñible en liña en: <<http://dlc.iec.cat/>> [Consulta: 1 marzo 2011]
- DRAG (1997) = García, Constantino e González González, Manuel (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- D62 (marzo de 2000) = Cormand, Bernat (ed.): *Diccionari 62 manual de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions 62.
- Estraviz (1995) = Estravís, Isaac Alonso: *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións. Edición actualizada en liña en: <<http://www.estraviz.org/>> [Consulta: 1 marzo 2011]
- García, Constantino (dir.) (1990): *Diccionario da Lingua Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Tamén dispoñible en liña en: <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index_rag.html> [Consulta: 1 marzo 2011]
- GDLC (2004) = Giralt i Radigales, Jesús: *Gran diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Enciclopèdia catalana. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.diccionari.cat/>> [Consulta: 11 xaneiro 2011]
- GDXL (2001) = Cid Cabido, Xosé (ed.): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- GDXL (2009) = Cid Cabido, Xosé (ed.): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- Ir Indo (2004) = Ledo Cabido, Bieito (ed.): *Diccionario de galego*. Vigo: Ir Indo. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.digalego.com/>> [Consulta: 1 marzo 2011]
- Fabra (abril de 1982¹⁶) = Fabra, Pompeu: *Diccionari general de la llengua catalana*. Barcelona: EDHASA.

- Fabra (2007) = Fabra, Pompeu: *Diccionari general de la llengua catalana* [facsimilar da primeira edición]. *Obres completes*. Vol. 5. Dir. de Jordi Mir e Joan Solà, intr. de Germà Colón e Joan Veny. Barcelona / València / Palma: Proa / Edicions 62 / Edicions 3i4 / Editorial Moll.
- Real Academia Galega (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: RAG. Tamén dispoñible en liña en: <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>> [Consulta: 20 decembro 2010]
- Século21 (2005) = Pena, Xosé Antonio: *Gran Dicionario Século21 da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio.

Bibliografía citada

- Alegre, Montserrat (1991): *Dialectologia catalana*. Barcelona: Teide.
- Álvarez, R / Xove, X (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- ALIA (2006) = Academia de la Llingua Asturiana: *Informe sobre a fala ou gallego-asturiano. Úa perspectiva hestórica, social y llingüística*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana / Secretaría Llingüística del Navia-Eo. Tamén dispoñible en liña en: <http://www.academiadelalingua.com/pdf/Informe_sobre_a_fala_ou_gallego_asturiano.pdf> [Consulta: 11 xaneiro 2011]
- AVL (2006) = Acadèmia Valenciana de la Llengua: *GRAMÀTICA NORMATIVA VALENCIANA*. València: Publicacions de l'Acadèmia Valenciana de la Llengua. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.avl.gva.es/PDF/GNV.pdf>> [Consulta: 15 decembro 2010]
- Colón, Germà (2007): "Introducció al *Diccionari general de la llengua catalana*", in Jordi Mir / Joan Solà (dirs.): *Diccionari general de la llengua catalana. Obres completes*. Barcelona / València / Palma: Proa / Edicions 62 / Edicions 3i4 / Editorial Moll, vol. 5, 15-40.

- Costas González, Xosé Henrique (2000): "Tipoloxía das falas do río Ellas", in Vieira de Castro, R. / Barbosa, P. (orgs.): *Actas do XV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística* (Vol. I). Braga: Associação Portuguesa de Lingüística, 293-310. Tamén dispoñible en liña en: <http://www.apl.org.pt/docs/actas-15-encontro-apl-1999_vol2.pdf> [Consulta 3 marzo 2011]
- Costas González, Xosé Henrique (2001): "Fronteiras lingüísticas no Val do Río Ellas (Cáceres)", *Revista de Filología Románica* 18, 33-50. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/flil/0212999x/articulos/RFRM0101120035A.PDF>> [Consulta: 3 marzo 2010]
- Domené Sánchez, Domingo (2008): "Orígenes históricos y pervivencia de «A fala»", *Alcántara* 68, 79-94. Cáceres: Institución Cultural "El Brocense". Tamén dispoñible en liña en: <http://ab.dip-caceres.org/alcantara/alcantara_online/68/68_05.pdf> [Consulta: 3 xaneiro 2010]
- Fernández Rei, Francisco (2000): "As falas de Xálama e a súa relación coa lingua galega. Notas sobre o 'descubrimiento' do 'galego' de Cáceres", in Salvador Plans, Antonio / Carrasco González, Juan / García Oliva, María Dolores (coords.): *Actas del I Congreso sobre 'A Fala'* (Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno, 20 y 21 de mayo de 1999). Mérida: Editora Regional de Extremadura / Junta de Extremadura, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.oocities.org/es/alendoval/CFernandez-Xalima.htm>> [Consulta: 1 marzo 2010]
- Gargallo Gil, José Enrique (1994): *Les llengües romàniques. Tot un món lingüístic fet de romanços*. Barcelona: Empúries.
- Gargallo Gil, José Enrique (2007): "Gallego-portugués, iberorromance. La 'fala' en su contexto románico peninsular", *Limite* 1, 31-49. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.revistalimite.es/volumen%201/EnriqueGargallo.pdf>> [Consulta: 2 xaneiro 2011]

- Gargallo Gil, José Enrique (2007): "Fronteras y enclaves en la Romania. Encuadre romance para la *fala de Xálima*", *Limite* 3, 27-43. Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.revistalimite.es/volumen%203/limite3-gargallogil.pdf>> [Consulta: 3 xaneiro 2011]
- González-Millán, Xoán (2001): *O Dicionario Enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Xerais.
- Veny, Joan (2002): *Els parlars catalans (Síntesi de dialectologia)*. Mallorca: Moll.
- Veny, Joan (2007): "El *Diccionari general de la llengua catalana*: precedents, posterioritat, dialectalismes", in Jordi Mir / Joan Solà (dirs.): *Diccionari general de la llengua catalana. Obres completes*. Barcelona / València / Palma: Proa / Edicions 62 / Edicions 3i4 / Editorial Moll, vol. 5, 41-76.
- Hassler, Gerda (2000): "A Fala: normalización tardía e identidade cultural", in Salvador Plans, Antonio / Carrasco González, Juan / García Oliva, María Dolores (coords.): *Actas del I Congreso sobre 'A Fala' (Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno, 20 y 21 de mayo de 1999)*. Mérida: Editora Regional de Extremadura / Junta de Extremadura, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas. Tamén dispoñible en liña en: <http://www.dip-badajoz.es/publicaciones/reex/rcex_2_2006/estudios_07_rcex_2_2006.pdf> [Consulta: 3 xaneiro 2011]
- Salvador Plans, Antonio (2002): "Unidad y variedad lingüística en Extremadura", in *Congreso "Lenguas y Educación" (Ponencias y Comunicaciones)*. Mérida: Junta de Extremadura, Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología, 13-24. | Tamén dispoñible en liña en: <<http://www.doredin.mec.es/documentos/009200220038.pdf>> [Consulta: 3 xaneiro 2011]
- Tuson, Jesús (2004): *Patrimoni natural. Elogi i defensa de la diversitat lingüística*. Barcelona: Empúries.

Documentos legais citados

Charte en faveur du catalan. En liña en:

<http://www.cg66.fr/include/viewFile.php?idtf=95&path=c4%2FWEB_CHEMIN_95_1266240805.pdf> [Consulta: 28 decembro 2010]

Comunitat Valenciana. LLEI ORGÀNICA 1/2006, de 10 d'abril, de Reforma de la Llei Orgànica 5/1982, d'1 de juliol, d'Estatut d'Autonomia de la Comunitat Valenciana. *Diari Oficial de la Generalitat Valenciana*, de 11 de abril de 2006, n. 5238, pp. 13339-13384. Tamén dispoñible en liña en: <http://www.docv.gva.es/datos/2006/04/11/pdf/doc/2006_4177.pdf> [Consulta: 28 decembro 2010]

Illes Balears. LLEI ORGÀNICA 1/2007, de 28 de febrer, de reforma de l'Estatut d'autonomia de les Illes Balears. *Butlletí Oficial de les Illes Balears*, de 1 de marzo de 2007, n. 32 ext., p. 2-32. Tamén dispoñible en liña en: <<http://nouestatut.caib.es/des/estatut2007.pdf>> [Consulta: 28 decembro 2010]

Generalitat de Catalunya. DECRET 306/2006, de 20 de juliol, pel qual es dóna publicitat a la Llei orgànica 6/2006, de 19 de juliol, de reforma de l'Estatut d'autonomia de Catalunya. *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, de 20 de xullo de 2006, n. 4680, p. 31875-31936 (texto en catalán, aranés e castelán). Tamén dispoñible en liña en:

<<https://www.gencat.cat/eadop/imatges/4680/c4680.pdf>> [Consulta: 10 xaneiro 2011]. Versión en galego dispoñible en liña en:

<http://www.parlament.cat/porteso/estatut/eac_gl_20061116.pdf> [Consulta: 10 xaneiro 2011].

ONDAS E MAREAS: PALABRAS QUE VAN E VEÑEN

HÉCTOR CAJARAVILLE ARAÚJO

RESUMO

Neste artigo realízase unha recollida comparativa en diferentes lugares da costa galega de termos relacionados co mundo do mar, en concreto coas ondas e as mareas; é dicir, conceptos in-materiais que, talvez pola maior dificultade para traballar sobre eles, quedaron tradicionalmente excluídos en estudos deste tipo, máis centrados en elementos concretos: embarcacións, flora e fauna, artes, aparellos... A recompilación está realizada a partir dunha serie de entrevistas colectivas a mariñeiros xubilados en seis localidades representativas de cada unha das áreas lingüísticas costeiras, e é mostra da inmensa variedade que posúe o léxico patrimonial galego para se referir a unha realidade, a do mar, á que Galicia está vinculada de maneira indisoluble.

ABSTRACT

This paper is a comparative set of marine terms collected from different locations along the Galician coast. Particularly, it deals with terms related to waves and tides, which were traditionally excluded from dialectological studies because of its intangible character. This collection is obtained from series of group interviews made to retired sailors in six villages, each representing one different coastal linguistic area, and is indicative of the immense variety of the Galician lexicon used to refer to the sea, to which Galicia is inextricably linked.

PALABRAS CLAVE

léxico patrimonial – mar – ondas – mareas

KEY WORDS

lexicon - sea - waves - tides

1. Introducción

O mar é o paradigma do inmenso, do inabarcable. E o mesmo sucede cos elementos que o conforman ou que teñen no mar a súa orixe e, polo tanto, coas formas de nominar cada unha desas realidades: a flora e a fauna, os fenómenos meteorolóxicos, as actividades profesionais e os instrumentos de traballo, as embarcacións, os accidentes xeográficos, mesmo as cancións, expresións e refráns que xorden da interacción entre o home e o mar, todo un mundo paralelo ao da terra e que en Galicia é a un tempo escultor da paisaxe, implacable inimigo, fonte de inspiración e medio de vida.

Non tería sentido, polo seu carácter colosal, acometer un estudo integral sobre os termos procedentes do mundo mariñeiro, sen caer na simpleza ou no exceso: é preciso escoller unha pequena parte de todo o que o mar é, representa ou ofrece para elaborar un traballo razoable en extensión e fondo en contidos (é dicir, que non quedara ao nivel dun simple glosario).

Dentro da moitas veces sinalada escaseza coa que nos atopamos cando se fala do tratamento do mundo do mar en lexicografía, cómpre establecer unha distinción: están, por un lado, todos aquelas investigacións referidas aos elementos físicos (embarcacións, flora e fauna, artes, aparellos...); e, por outro, os estudos sobre a parte inmaterial da realidade mariña: ventos, fenómenos meteorolóxicos, mareas... Do primeiro grupo xa hai bastante avanzado, mentres que do segundo (polo seu propio carácter abstracto e intanxible), os traballos son menos. De aí que quixeramos emprender este estudo sobre as mareas (e todo o que con elas se puidera asociar), por ser un ámbito escasamente traballado e con moitas posibilidades de ofrecer material de interese.

Pero unha cousa vai levando á outra e ao falar das mareas, outros conceptos da súa contorna semántica foron facéndose un oco neste traballo. Porque tratar de trasladar unha visión completa das mareas sen facer referencia, por exemplo, ás ondas, é como explicar o día sen falar do sol. Así que fomos ampliando o marco deste traballo a aspectos complementarios

coma as ondas citadas, pero tamén o tempo meteorolóxico, as correntes, a rompenete, a espuma, a liña de costa... Por este motivo, en ocasións os termos recollidos exceden o inicialmente marcado; pero os que están incluídos é porque cremos que axudan a contextualizar e completan a base deste estudo.

Para recompilar a información necesaria consideramos que a mellor maneira era desprazarnos ata a costa e falar no seu propio contorno con quen verdadeiramente coñecen a realidade que resulta de interese para o noso traballo: os mariñeiros. E, de entre eles, aqueles de maior idade, que son os que aínda conservan no seu vocabulario os termos e expresións que os máis novos xa perderon, ou nin sequera chegaron a coñecer.

2. Xustificación do traballo e obxectivos

As ondas e as mareas son un fenómeno universal propio de calquera lugar situado a carón da costa. Os temporais van e veñen, pode haber peixe ou non habelo, barcos de diferente fasquía, distintos aparellos ou artes de pesca, cons nos que a auga bate con forza ou area na que morre lenemente... Pero alí onde chega o mar, sempre hai ondas e mareas; non só iso, senón que a súa sucesión é sempre cíclica e previsible: catro mareas ao día, dúas altas e dúas baixas (ademais da alternancia de mareas vivas e mortas que se producen en cada ciclo da lúa e das mareas aínda maiores que se rexistan en marzo e setembro, coincidindo cos equinoccios).

Así e todo, alén desta certeza da existencia de mareas en calquera zona de ribeira, tamén é verdade que non é a mesma a súa repercusión no mar aberto que no interior dunha ría, onde os seus efectos son menos evidentes. Incluso nun mesmo lugar, as mareas teñen máis ou menos forza segundo a fase da lúa, a época do ano, a intensidade coa que sopra o vento...

E onde hai variedade na realidade a describir, a bo seguro imos achar tamén variedade á hora de denominar esa realidade cambiante; é dicir, no léxico. E máis tratándose de algo tan próximo, tan visible e tan importante no ciclo económico tradicional

das zonas costeiras como son as mareas (os labores de marisqueo, sen necesidade de nos meter mar adentro, dependen case exclusivamente da fase da marea, e o labor organízase en torno a este ciclo mareal).

A finalidade deste estudo consiste en recoller, a partir dun cuestionario informal (se é posible, a modo de conversa) as diferentes maneiras de denominar as ondas, as mareas e outros conceptos relacionados con estes fenómenos naturais nas diferentes zonas de Galicia. Este cuestionario, que vai facer as veces de guión para as diferentes conversas, divídese en catro partes:

1) *As mareas*: as fases de subida e baixada, as denominacións para os momentos de maior e menor nivel da marea, os nomes para as mareas especiais (segundo a fase da lúa ou a época do ano).

2) *As ondas no mar*: o xeito de chamar as ondas de maior tamaño có resto, as que están provocadas polo mar de fondo (non polo vento), as que rompen contra as embarcacións e as que as propias embarcacións provocan co seu movemento sobre a superficie mariña.

3) *O mar que bate nas pedras*: a denominación do lugar no que o mar rompe contra as rochas (e o da propia acción de romper), a forza centrípeta que se xera na zona de rompente, a maneira de referirse á espuma que cobre a auga e a que se desprende da crista dunha onda.

4) *O mar que morre na area*: o léxico empregado para identificar a parte do areal no que as ondas morren, a zona que queda ao descuberto na marea baixa, a liña que marca o punto de maior nivel da marea ou mesmo o nome que recibe o refugallo que o mar deixa na area ao retirarse.

A segunda parte do traballo busca comparar as maneiras de referirse a cada unha realidade recollidas no cuestionario de partida, para buscar pautas segundo as zonas, observar variantes sobre un termo base, comprobar a pervivencia das formas tradicionais fronte a castelanismos ou tecnicismos...

Na seguinte sección faremos unha pescuda nos dicionarios galegos máis recentes e con maior número de entradas (co apoio tamén de glosarios, estudos e algunha obra literaria) para

ver de que modo veñen incluídos estes termos (en caso de que veñan), que outras acepcións aparecen neles ou que variantes se recollen.

Do mesmo xeito, faremos unha consulta en varios dicionarios portugueses, partindo da hipótese dunha posible correspondencia de termos entre os recollidos no traballo de campo ou nos dicionarios galegos cos que aparecen nos dicionarios da nosa lingua irmá.

Finalmente, achéganse as conclusións de maior interese á vista dos datos recompilados e a súa análise polo miúdo.

3. Lugares de recollida de datos e perfil dos informantes

Para a realización deste traballo leváronse a cabo unha serie de entrevistas en seis portos da costa galega, tratando de que quedaran representadas as principais zonas do noso amplísimo litoral (lembramos que Galicia ten arredor de 1.200 quilómetros de costa, máis da cuarta parte dos que ten en total a península Ibérica).

Para este fin, seleccionamos seis localidades que puideran ser representativas de cada unha das áreas, sobre todo atendendo a criterios lingüísticos. As elixidas foron as seguintes: Burela (Lugo), Cariño (A Coruña), Miño (A Coruña), Cambados (Pontevedra) e A Guarda (Pontevedra).

En cada un destes lugares contactamos cun grupo de informantes, para cuxa elección marcamos unha serie de requisitos previos: mariñeiro de profesión (preferentemente xubilado), maior de 60 anos, nacido na zona de estudo e que a maioría da súa actividade profesional se desenvolvera nesa zona.

Para establecer contacto cos potenciais informantes, valémonos de tres vías: coñecemento previo dalgún dos informantes (A Guarda) ou dalgunha persoa que fixo as veces de intermediaria co grupo (Fisterra); solicitude ao pósito de mariñeiros da localidade, para que nos deran a referencia dos posibles informantes que cumpriran os requisitos (Burela, Cariño e Cambados); ou desprazamento directo aos peiraos das vilas seleccio-

nadas previamente para, unha vez alí, dirixírmonos ao grupo de mariñeiros para buscar os informantes finais (Miño).

Para a gravación das conversas desprazámonos a cada unha das localidades, de modo que a entrevista puidera desenvolverse *in situ*, co fin de garantir a comodidade dos mariñeiros entrevistados e de que a proximidade á realidade da que estábamos a falar fixese que a información transmitida fose máis completa e de maior calidade. Sempre que foi posible, as conversas desenvolvéronse na sede da propia confraría da localidade.

A nosa idea de partida era dispoñer en cada un dos lugares visitados dun grupo de 4-5 persoas coas que poder conversar, aínda que finalmente algunha das entrevistas contou con máis informantes, do mesmo xeito que houbo algunha no que o número foi menor. Tamén manexabamos unha duración media das entrevistas en torno a 90 minutos, e aínda que nalgún dos casos non se acadou a hora e media de conversa, noutras superouse sobradamente.

A estrutura da entrevista partiu dunha conversa aberta que logo se completaba con preguntas específicas en caso de que algún dos aspectos recollidos no cuestionario non fora tratado con anterioridade. Se era necesario, realizábanse preguntas directas sobre algún dos puntos do noso interese, aínda que a prioridade era conseguir que os termos xurdiran espontaneamente, ao que contribuíu en gran medida o feito de que as entrevistas se realizaran de maneira conxunta, xa que habitualmente as informacións achegadas por algún dos mariñeiros era completada, corrixida ou reforzada por outro dos participantes na conversa.

Outra das nosas premisas de partida era a participación equilibrada de todos os mariñeiros dunha mesma localidade, para que non houbera ningún que acaparase a conversa ou, por contra, a achega doutros fose mínima. Isto conseguiuase na maioría dos casos, aínda que noutros hai unha certa descompensación en canto ao nivel de interacción dos informantes.

4. Listaxe dos termos recollidos

Para mostrar os termos de interese recompilados nas diferentes entrevistas, seguimos o mesmo esquema ca o proposto no cuestionario de partida. Evidentemente, non en todas as preguntas realizadas se recolleron datos de interese: en moitas ocasións, ou non se obtiña termo ningún, ou o empregado era o mesmo que se utiliza de xeito xeneralizado.

AS MAREAS I: CONCEPTOS XERAIS
- 'Movemento oscilatorio vertical e periódico de ascenso e descenso do mar': Burela: <i>Marea</i> . Cariño: <i>Marea</i> . Miño: <i>Marea</i> . Fisterra: <i>Marea</i> . Cambados: <i>Marea</i> . A Guarda: <i>Maré</i>
- 'Movemento ascendente da auga do mar ata acadar ao nivel máximo (subir a marea)': Burela: <i>Ir a máis a marea</i> . Cariño: <i>Encher a marea, Flujo</i> ¹ . Miño: <i>Alombar, Enchente, Encher o mar</i> . Cambados: <i>Aghua</i> ² <i>da chea</i> . A Guarda: <i>Encher a marea, Marea subinte</i>
- 'Movemento descendente da auga ata acadar o nivel mínimo (baixar a marea)': Burela: <i>Escoar (a marea), Ir a menos a marea, Vazar (a marea)</i> . Cariño: <i>Secar a marea, Reflujo</i> . Miño: <i>Devalar, Baixar o mar</i> . Cambados: <i>Aghua ó mar, Desvalar</i> . A Guarda: <i>Dovalar, Dovalante</i>
AS MAREAS II: MAREAS ALTAS E BAIXAS
- 'Altura máxima que acada o nivel da auga do mar durante o fenómeno da marea. Tempo que dura (preamar, marea alta)': Burela: <i>Marea chea</i> . Cariño: <i>Marea ghrande, Praiamar</i> . Miño: <i>Praiamar</i> . Fisterra: <i>Marea chea</i>
- 'Fase final da marea alta, antes da preamar': Cambados: <i>Suchoe</i>
- 'Momento no que a marea permanece estática': Cariño: <i>Quedarse (a marea)</i> .
- 'Fase inicial da marea baixa, xusto despois da preamar': Cariño: <i>Volta de marea (abaixo)</i> . Miño: <i>Repunta / Repuntar</i> . Fisterra: <i>Punta de aghua (abaixo)</i> . A Guarda: <i>Punta (abaixo), Repunte</i>

¹ Este termo, xunto con *reflujo* e *marajada*, son evidentes interferencias co castelán, polo que se conserva a grafía foránea.

² Marcamos aquí os fenómenos detectados de seseo e gheada, aínda que logo, na táboa conxunta e nos índices, o termo de referencia sexa o estandarizado.

- 'Fase inicial da marea alta, xunto despois da baixamar': Cariño: <i>Volta de marea (arriba)</i> . Miño: <i>Repunta / Repuntar</i> . Fisterra: <i>Punta de aghua (arriba)</i> . Cambados: <i>Punta de aghua</i> . A Guarda: <i>Punta (arriba), Punte</i>
- 'Altura mínima que alcanza a marea. Tempo que dura (marea baixa, baixamar)': Burela: <i>Vaza</i> . Cariño: <i>Marea escorrida, Marea pequena, Secante</i> . Fisterra: <i>Mar en ghotá</i> . Cambados: <i>Marea baldeira, Marea parada, Repouso (da marea), Seca</i>
AS MAREAS III: MAREAS ESPECIAIS
- 'Nome das mareas nas que o mar baixa e sobe moito máis ca nas mareas habituais, pola lúa chea ou nova: Burela': <i>Marea gorda, Marea grande</i> . Cariño: <i>Marea viva</i> . Miño: <i>Marea grande, Mareira</i> . Fisterra: <i>Marea viva</i> . Cambados: <i>Marea viva</i> . A Guarda: <i>Maré viva</i>
- 'Mareas máis repousadas logo das mareas vivas': Cariño: <i>Marea morta</i> . Miño: <i>Marea pequena</i> . Fisterra: <i>Marea morta</i> . Cambados: <i>Marea crebada, Marea morta</i> . A Guarda: <i>Maré morta</i>
- 'Nome para as grandes mareas de marzo/abril e agosto/setembro': Burela: <i>Marcelinas, Agostinas</i> . Cariño: <i>Mareas de Semana Santa (marzo), Laghartearas de agosto</i> . Miño: <i>Lagartiñas (agosto)</i> . Fisterra: <i>Crocás de marzo</i> . Cambados: <i>Mareas de Carnaval (marzo), Mareas de Semana Santa (marzo), Mareas do lugar (setembro)</i>
ONDAS NO MAR
- 'Sucesión de ondas': Burela: <i>Andada</i>
- 'Ondas de moi pequeno tamaño': Burela: <i>Balaxe</i> . Cambados: <i>Baldrascada</i>
- 'Ondas de maior tamaño ca o resto': Burela: <i>Blonco, Facer sombreiro</i> . Cariño: <i>Cachón, Camouco, Vogha de mar</i> . Miño: <i>Botarse o mar, Ovella, Rota</i> . Cambados: <i>Lombo de mar</i> . A Guarda: <i>Escangha, Ghancho, Roncallo, Tombo</i>
- 'Ondas provocadas polo mar de fondo, non polo vento': Burela: <i>Correntar (a auga)</i> . Cambados: <i>Andisía</i> ³
- 'Pequenas subidas e baixadas do mar': Cambados: <i>Faser bocareu</i>
- 'Onda que bate unha embarcación': Burela: <i>Charpazo, Golpe de mar, Pantocazo</i> . Cariño: <i>Arrufo, Gholpe de mar, Quebranto</i> . Fisterra: <i>Gholpe de mar</i> . Cambados: <i>Charpazo, Gholpe de mar, Ramallete, Salseiro</i> . A Guarda: <i>Gholpe de mar</i>
- 'Ondas que fai o barco ao avanzar': Cariño: <i>Vareta</i>

³ En Cambados tamén se recolleu de auga doce provocada pola desembocadura dun río). E en Cariño, *corrección* e *aoghaxe* (esta tamén en Miño), para as correntes que ao modo de ríos percorren a *tona* ou *flor do mar* arrastrando plancto e peixe.

- 'Auga e espuma que entra pola proa das embarcacións ao navegar': Cariño: <i>Salseiro</i> . Fisterra: <i>Chacote</i> . A Guarda: <i>Chiparrazo</i>
- 'Escuma que se solta das ondas': Burela: <i>Facer ovellas (o mar)</i>
- 'Fío de auga que deixa o barco pola popa': Burela: <i>Estela, Rasel(es)</i> . Miño: <i>Estela</i> . Cariño: <i>Estela</i> . Fisterra: <i>Estela</i> . Cambados: <i>Estela, Ronsel</i> . A Guarda: <i>Estela, Marajada</i>
MAR QUE BATE NAS PEDRAS
- 'Lugar rochoso nos que rompen as ondas': Burela: <i>Rompiente</i> . Cariño: <i>Rompiente</i> . Fisterra: <i>Rompiente</i> . Cambados: <i>Rompiente</i>
- 'Acción de romper as ondas nas rochas': Burela: <i>Choupar, Desfacerse o mar</i> . Cariño: <i>Escachar</i> . Fisterra: <i>Escachar</i> . Cambados: <i>Cachoar</i>
- 'Remuíño que se forma onde o mar rompe con forza': Burela: <i>Remuíño</i> . Cariño: <i>Remolino</i> . Miño: <i>Remuíño</i> . Cambados: <i>Relleiro</i>
- 'Movemento de retroceso da auga que avanza pola beira logo de des- facerse a onda': Burela: <i>Traballar o mar</i> . Cariño: <i>Embate, Resaca</i> . Miño: <i>Re- cuxía, Traballar o mar</i> . Fisterra: <i>Embate, Resaca</i>
- 'Superficie escumosa que se forma onde bate o mar': Burela: <i>Babeiro</i> . Cariño: <i>Carqueixa</i> . Fisterra: <i>Babaxe, Espumallo</i>
MAR QUE MORRE NA AREA
- 'Parte da praia onde morren as ondas (beira)': Cariño: <i>Beiramar</i>
- 'A onda, no momento mesmo de se desfacer': Burela: <i>Rota</i>
- 'Liña da preamar': Burela: <i>Lengua de marea</i> . Miño: <i>Lavacán</i> . Fisterra: <i>Rodo do mar</i> . Cambados: <i>Mallente</i> . A Guarda: <i>Limbada</i>
- 'Zona que queda ao descuberto na marea baixa': Cambados: <i>Seca</i>
- 'Escuma que se forma na area seca os días de mar encalmado': A Guarda: <i>Espumiña</i>

5. Táboas de resultados

Nas seguintes páxinas ofrecemos unha serie de táboas nas que, ademais dos termos recollidos no traballo de campo, incluímos todos aqueles atopados en dicionarios, glosarios, tesouros, estudos (nomeadamente, os de Fernández Rei e o realizado por Ríos Panisse sobre a vida mariñeira en Sada, citados na bibliografía) ou algunhas obras de referencias ambientadas no

mundo do mar, e que teñen relación co noso ámbito de investigación.

Co fin de comprobar a presenza dos termos recollidos para este traballo nos dicionarios galegos máis recentes e con maior número de entradas (e para buscar outros máis que as entrevistas non nos proporcionaron), seleccionamos os seguintes:

- *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (2ª edición, 2009). Versión impresa. A partir de agora, *Gran Xerais*.
- *Diccionario Electrónico Estraviz* (2008). Versión dixital. A partir de agora, *Estraviz*.
- *Dicionario de Galego* da editorial Ir Indo (2008). Versión dixital. A partir de agora, *Ir Indo*.
- *Gran Dicionario Século 21 da Lingua Galega* (2005). Versión impresa. A partir de agora, *Século 21*.

Ademais, recorreremos tamén aos datos incluídos noutras dúas obras lexicográficas:

- *Dicionario de Dicionarios da Lingua Galega* (2006). Recompilación de obras lexicográficas desde o s. XVIII ata finais do s. XX. A partir de agora, *DdD*.
- *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILGa)*. Base de datos dos termos incluídos en obras literarias desde 1612 ata a actualidade. A partir de agora, *TILGa*.

Ao mesmo tempo, botamos man de catro dos dicionarios portugueses de maior difusión, para tratar de atopar as posibles correspondencias entre os termos empregados nas dúas beiras do Miño:

- *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*, de Antônio Houaiss et alii. (2001). Versión impresa. A partir de agora, *Houaiss*.
- *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*, da Real Academia de Ciências de Lisboa (2001). Versión impresa. A partir de agora, *DLPC*.
- *Dicionário da Língua Portuguesa*, de J. Almeida Costa e A. Sampaio e Melo (1998). Versión impresa. A partir de agora, *Almeida*.
- *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*, de Aurélio Buarque de Holanda Ferreira (1986). Versión impresa. A partir de agora, *Aurélio*.

Como apoio puntual, consultamos tamén tres poemarios ambientados no mundo mariñeiro e que son obra de tres dos máis grandes poetas do noso mar, pertencentes ademais a tres xeracións distintas:

- *De catro a catro*, de Manuel Antonio (na edición comentada de R. Raña Lama). A partir de agora, *M. Antonio* (1928).

- *Profecía do mar*, de Bernardino Graña. A partir de agora, *B. Graña* (1966).

- *Vogar de couse*, de Alexandre Nerium. A partir de agora, *A. Nerium* (2003).

Os tres libros inclúen un glosario de termos, con voces propias da lingua mariñeira das zonas de procedencia dos seus autores, e que en máis dunha ocasión foron a vía de entrada de ses termos nos dicionarios galegos.

Ademais de comprobar a presenza dos termos recollidos no traballo de campo, esta parte da investigación consistiu nun labor de prospección para tratar de atopar outros vocábulos do ámbito do estudo, buscando ofrecer unha visión o máis ampla posible sobre o léxico do mundo das mareas. En cada caso, especificarase se a palabra en cuestión foi recollida nalgunha das entrevistas realizadas ou se só se ten constancia dela a través dalgún traballo lexicográfico.

Debido ao carácter deste traballo, o noso interese centrouse especialmente naqueles termos menos asentados na lingua estándar (ou que nin sequera se coñecen); deste xeito, palabras coma *areal*, *beira*, *costa*, *estela*, *marea* (tamén *marea alta*, *subir a marea* e *preamar* e *marea baixa*, *baixar a marea* e *baixamar*), *onda*, *praia* ou *ribeira*, plenamente incorporadas ao léxico común, non se contemplan para esta parte do traballo, porque todos os dicionarios os recollen e apenas hai diferenzas nas definicións que cada un deles ofrece.

As seguintes seccións deste capítulo 5 preséntanse en formato de táboa, onde cada rexistro se corresponde cun dos termos estudados. A información incluída en cada caso é a seguinte:

- Termo e variantes (ou outras formas da mesma familia léxica).

- Lugar ou lugares nos que se recolleu o vocábulo durante as entrevistas, en caso de que así fose.
- Emprego do termo nas obras de referencia e mais no *TILGa*⁴.
- Presenza nalgún dos estudos específicos sobre a lingua mariñeira que manexamos para este traballo.
- Definicións nos dicionarios galegos consultados, en caso de que apareza.
- Definicións nos dicionarios portugueses consultados, en caso de que apareza.

Os termos recollidos aparecen en orde alfabética dentro de cada unha das catro categorías mencionadas.

A. MAREAS

ABALAR

GRAN XERAIS: (8) Subir a marea.

SÉCULO 21: (4) Subir a marea.

ABALO

GRAN XERAIS: (3) Punto máis alto ao que chega a marea.

ESTRAVIZ: (3) Subida da maré.

IR INDO: (2) MAR Fluxo ascendente da auga do mar ata acadar o seu nivel máximo.

SÉCULO 21: (2) Preamar. Sin. Mar cheo, marea chea.

DdD: RAG (1913-28): (5) El flujo de la marea; el crecimiento de la luna.

Es lo contrario de debalo. L. Carré Alvarellos (1928-31): (4) El flujo de la marea; el crecimiento de la luna. E. Rodríguez González (1958-61): (1)

Flujo de la marea, crecimiento de la luna, que es lo contrario de *devalo*.

X. L. Franco Grande (1972): (2) Flujo de la marea, crecimiento de la luna, que es lo contrario de *devalo*. C. García González (1985): (1) (O

Grove) subida de la marea.

AGOSTINAS

RECOLLIDO EN: Burela ('Mareas vivas do mes de agosto').

⁴ No caso do *TILGa*, nos casos de referencias múltiples non se recollen exhaustivamente todas elas; a mostra limitáase ás máis representativas, pola súa data (as primeiras referencias sempre se recollen) ou pola obra e o autor da que está extraída.

GRAN XERAIS: *Agostiño*: (1) Propio do mes de agosto.

IR INDO: *Agostiño*: (1) Propio do mes de agosto.

ALOMBAR

RECOLLIDO EN: Miño ('Encher o mar').

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 214).

GRAN XERAIS: (3) Subir o nivel da auga do mar.

IR INDO: (3) Facer que suba o nivel das augas en xeral.

SÉCULO 21: (4) Facer subir o nivel dun río, lagoa, etc.

DdD: C. García González (1985): (Sada⁵) Subir el nivel del mar.

AUGA Ó MAR

RECOLLIDO EN: Cambados (*Aghua ó mar*: 'Baixada da marea').

ESTUDOS: (*aghuamar*) Fernández Rei (1999: 114).

AUGA DA CHEA

RECOLLIDO EN: Cambados (*Aghua da chea*: 'Subida da marea').

BAIXA / VAZA

RECOLLIDO EN: Burela (*Vaza*: 'Marea baixa').

GRAN XERAIS: *Baixa*: (8) Movemento e situación en que a marea está no seu punto máis baixo; baixamar, devalo, seca.

BAIXAR / VAZAR O MAR

RECOLLIDO EN: Burela (*Vazar*: 'Baixar a marea'). Miño (*Baixar o mar*: 'Baixar a marea').

ESTUDOS: (*baixar o mar*) Fernández Rei (1999: 112).

GRAN XERAIS: *Baixar*: Loc. v. Baixar o nivel da auga co devalo da marea. *Vazar*: (2) Baixar a marea.

ESTRAVIZ: *Vazar*: (7) A açom do mar ao estar no refluxo.

HOUAISS: *Maré vazia*: baixa-mar.

DLPC: *Maré vazia*: baixa-mar.

AURÉLIO: *Maré vazia*: baixa-mar.

BALDRASCO / BALDRASCADA

RECOLLIDO EN: Cambados (*Baldrascada*: 'Pequena marusía cando a aghua vai por un lado e o vento polo outro').

⁵ A obra de C. García é un glosario de termos recollidos en diversos puntos de Galicia. Neste caso, por exemplo, a de Ríos Panisse (1974) e esta son a mesma referencia, pois o labor de recollida en Sada foi realizado por esta autora.

ESTUDOS: (*baldrascada*) Fernández Rei (2004: 52).

GRAN XERAIS: *Baldrascada*: (1) Sucesión de golpes de mar de pouca intensidade. (2) Movemento intenso das ondas do mar que segue a un temporal.

ESTRAVIZ: *Baldrasco*: (1) Golpe de mar de pouca intensidade. (2) Marugia em que as ondas tropeçan umas com as outras, e que tem lugar principalmente ao finalizar um temporal, como um vento de leste.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): *Baldrasco*: (1) Golpe de mar de poca intensidad. (2) Oleaje en el que las olas tropiezan unas con otras y que sobrevienen principalmente al finalizar un temporal, como un resto de este (Cangas de Morrazo). X. L. Franco Grande (1972): *Baldrasco*: (1) Golpe de mar de poca intensidad. (2) Oleaje en el que las olas tropiezan unas con otras y que sobrevienen principalmente al finalizar un temporal, como un resto de éste.

CROCAS DE MARZO

RECOLLIDO EN: Fisterra (*Crocas de marso*: 'As mareas máis ghrandes do ano')⁶.

DE BOTE EN BOTE

GRAN XERAIS: Bote: termo que forma parte da expresión *de bote en bote* co significado de 'completamente cheo'. ETIM. fr. ant. *de bout en bout*, íd.

SÉCULO 21: *De bote en bote*. Indica que un sitio ou local está atestado de xente.

DESCABEZAR / ESCABEZAR (ESCABEZANTE)⁷

ESTUDOS: (*escabesante*) Fernández Rei (1999: 113): '[...] minutos inmediatamente posteriores ó sucheo (e ó socheo) en que se aprecia que a marea xa está a baixar'.

GRAN XERAIS: (4) Empezar a baixar o mar.

ESTRAVIZ: *Descabeçar*: (2) Começar a subir a maré.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Empezar a subir la marea (Cangas de Morrazo). X. L. Franco Grande (1972): (1) Empezar a subir la marea.

⁶ Tamén en Fisterra rexistrouse a variante *Cocras de marso*.

⁷ Como podemos comprobar nas definicións, este termo ten un valor duplo e oposto segundo o dicionario consultado: o mesmo serve para denominar o momento no que comeza a subir a marea como o intervalo no que empeza a baixar.

DEVALAR / DESVALAR / DOVALAR

RECOLLIDO EN: Miño (*Devalar*: 'Baixar o mar'). Cambados (*Desvalar*: 'Baixar a marea'). A Guarda (*Dovalar*: 'Baixada da maré').

ESTUDOS: (*devalar* e *desvalar*) Fernández Rei (1999: 112).

GRAN XERAIS: *Devalar*: (1) Baixar o nivel da auga [do mar, dun río ou dun líquido].

ESTRAVIZ: *Devalar*: (1) Baixar a maré ou descer o caudal de um rio.

IR INDO: *Devalar*: (1) Baixar a marea.

SÉCULO 21: *Devalar*: (3) Baixar a marea.

DdD⁸: M. Sarmiento (1746-55): *Devalar*: (1) La marea. Se dice cuando baja en el reflujo, y en el flujo crecer. M. Valladares Núñez (1884): *Devalar*: (1) Decrecer, decrecer, diminuir, ir á menos una cosa líquida, como la baja-mar, un río, el agua de una caldera etc., despues que hierve mucho. J. Ibáñez Fernández (1950): *Devalar*: (1) Flujo y reflujo del mar. E. Rodríguez González (1958-61): *Devalar*: (1) Decrecer, disminuir un líquido, menguar las aguas, como cuando baja la marea o decrece el caudal de un río. A. Otero Álvarez (1960): *Dovalar*: Bajar la marea. *Tá o mar dovalado ou escoado*. La Guardia. *Desvalar*, en Marín. X.L. Franco Grande (1972): *Devalar*: (1) Decrecer, mermar.

DEVALO / DEVALANTE / DOVALANTE

RECOLLIDO EN: A Guarda (*Dovalante*: 'Movemento de baixada da maré').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

ESTUDOS: (*devalo* e *devalante*) Ríos Panisse (1974: 214), (*devalo* e *devalante*) Fernández Rei (1999: 114).

GRAN XERAIS: *Devalo*: Descenso da marea. Baixamar.

ESTRAVIZ: *Devalante*: (2) Descenso das águas do mar, rio... *Devalo*: (1) Decrecimento do caudal de água num rio ou no mar.

IR INDO: *Devalo*: (1) Descenso da marea.

SÉCULO 21: *Devalo*: (2) Baixamar.

DdD: A. Otero Álvarez (1960): *Dovalante*: p. a. de dovalar. *Menguante*, 5 acep. La Guardia.

ENCHENTE

RECOLLIDO EN: Miño: ('Subida da marea').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 214), Fernández Rei (1999: 114).

⁸ Ademais da acepción de 'descenso da marea', moitos dicionarios recollen a de 'desviarse unha embarcación do seu rumbo'.

ESTRAVIZ: (5) Subida das águas do mar, preia-mar...

IR INDO: (4) Fase da marea en que as augas alcanzan o nivel máis alto.
DdD: L. Aguirre del Río (1858): (1) Marea, flujo. X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Pleamar. Creciente de río, inundación. E. Rodríguez González (1958-1961): (5) Pleamar, mayor altura de las marea; *enchenza*. Es lo contrario de *vaciante*. X. L. Franco Grande (1972): (6) Pleamar; *enchenza*. Es lo contrario de *vaciante*. C. García González (1985): (1) (Sada, Razo-Carballo, Laxe) marea que sube. (1) var. de chea 1; V. *marea enchente*.

ENCHER O MAR / A MAREA

RECOLLIDO EN: Cariño (*Encher a marea*: 'Subir a marea'). Miño (*Encher o mar*: 'Subir a marea'). A Guarda (*Encher a marea*: 'Subir a maré').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

ESTUDOS: (*encher o mar*) Ríos Panisse (1974: 214), Fernández Rei (1999: 114).

GRAN XERAIS: (9) Aumentar o nivel das augas [dun río ou do mar].
Encher o mar: Loc. v. Subir a marea.

SÉCULO 21: *Encher o mar*: Subir a marea.

ESCOAR

RECOLLIDO EN: Burela ('Baixar a marea').

FLUXO

RECOLLIDO EN: Cariño (*Flujo*: 'Baixar a marea').

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 113).

GRAN XERAIS: (6) Abalo, movemento de ascenso da marea.

ESTRAVIZ: (2) Mar. Movemento regulado de enchente das águas do mar em certas horas do dia. (3) Preia-mar⁹.

IR INDO: (2) Movemento ascendente da marea.

SÉCULO 21: (2) Movemento ascendente da marea.

DdD: L. Carré Alvarellos (1928-31): (2) Creciente de las mareas. V. abalo. E. Rodríguez González (1958-61): (2) Movimiento periódico del mar hacia las orillas de las cuales se retira produciendo el *refluxo*.

HOUAISS: (3) Movemento alternado de aproximação e afastamento do mar en relação á praia.

DLPC: (2) Subida periódica das águas do mar ou dum rio por efecto da maré.

⁹ Nesta acepción, *Estraviz* define *fluxo* non só como o movemento de subida, senón como o resultado dese proceso (é dicir, a *preamar*).

ALMEIDA: (1) Movimento regular das águas do mar para a praia, de um rio para a foz.

AURÉLIO: (3) Movimento alternado (enchente e vazante) do mar para a praia.

IR A MÁIS A MAREA

RECOLLIDO EN: Burela ('Subir a marea').

IR A MENOS A MAREA

RECOLLIDO EN: Burela ('Baixar a marea').

LAGARTEIRAS / LAGARTIÑAS

RECOLLIDO EN: Cariño (*Lagharteiras*: 'As mareas máis fortes do ano, no mes de agosto'¹⁰). Miño (*Lagartiñas*: 'Unhas das mareas máis grandes do ano, en agosto ou setembro').

OBRAS EN TILGa: (*lagarteiras*) Rosa Aneiros (*Corazóns amolecidos en salitre* - 2002).

ESTUDOS: (*lagarteiras*) Fernández Rei (2003: 321): 'Mareas altas de agosto'.

DdD: X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) *Lagarteiras*, mareas altas de agosto.

MAR BAIXO

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 114).

GRAN XERAIS: Loc. s. Baixamar.

MAR CHEO / CHEA

RECOLLIDO EN: Burela ('Preamar').

GRAN XERAIS: Loc. s. Preamar.

MAR EN GOTA

RECOLLIDO EN: Fisterra (*Mar en ghotá*: 'Marea baixa').

MAR EN SECO

GRAN XERAIS: Loc. s. Baixamar.

MARCELINAS

RECOLLIDO EN: Burela ('Mareas vivas do mes de marzo').

GRAN XERAIS: *Marcelino*: (1) Propio do mes de marzo.

¹⁰ O informante explica o motivo de se chamar así estas mareas: *chegan tan arriba que cobren as pedras onde os lagartos se poñen ao sol no verán.*

MARÉ

RECOLLIDO EN: A Guarda ('Maré é a marea').

GRAN XERAIS: V. marea.

ESTRAVIZ: (1) Movimento periódico e alternado das águas do mar que duas vezes por dia se elevam (fluxo) e descem (refluxo) até retornarem ao seu nível médio, produzido principalmente pola atracção da Lua e do Sol. (2) Período de tempo de pesca que um marinheiro ou barco de alto-mar estão desde a saída do porto à chegada a este.

DdD: L. Carré Alvarellos (1928-31): (1) Marea. Flujo y reflujo del mar (masculino). J. Ibáñez Fernández (1950): (1) La marea. (2) Marea. Flujo o reflujo del mar. X. L. Franco Grande (1972): (1) Marea. L. Carré Alvarellos (1979): (1) Flujo y reflujo del mar.

HOUAISS: (1) Fenómeno cíclico de elevação (preamar) e abaixamento (baixa-mar) das águas do mar, com a respectiva corrente, por atracção do Sol e da Lua em suas posições relativas.

DLPC: (1) Movimento diário das águas do mar que se traduz na oscilação entre o nível máximo e o mínimo das mesmas, com intervalos de tempo idênticos.

ALMEIDA: (1) Movimento periódico de subida e descida das águas do mar, produzido principalmente pela atracção da Lua e do Sol, em geral com duas marés cheias e duas marés baixas por dia.

AURÉLIO: Geofís. Movimento periódico das águas do mar, pelo qual elas se elevam ou se abaixam em relação a uma referência fixa no solo.

MAREA BAIXANTE

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 114).

DdD: C. García González (1985): *marea baixante* (Escarabote-Boiro) marea que baja.

MAREA BALDEIRA

RECOLLIDO EN: Cambados ('Marea baixa').

MAREA CHEA

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Preamar').

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 113¹¹).

GRAN XERAIS: Loc. s. Preamar.

¹¹ Fernández Rei aclara aquí a diferenza entre *marea chea* ('aquela na que as augas están no seu nivel máis alto') e *marea viva* ('marea en que o mar baixa e sobe moito máis ca nas mareas normais'), que ás veces se empregan incorrectamente como sinónimos.

ESTRAVIZ: *Maré-cheia*: preia-mar.

DLPC: *Maré cheia*.

MAREA CREBADA

RECOLLIDO EN: Cambados ('Marea máis pequena que a marea viva'¹²). A Guarda (*Maré crebada*: 'Marea morta').

GRAN XERAIS: Loc. s. Aquela na que é moi pequena a subida e baixada do nivel das augas.

DdD: C. García González (1985): *mareas crebadas* (O Grove) *mareas muertas*.

MAREA CRECENTE

GRAN XERAIS: Loc. s. Proceso de ascenso da marea que remata en marea alta.

DLPC: *Maré crescente*.

MAREA CURTA

GRAN XERAIS: Loc. s. Aquela na que é moi pequena a subida e baixada do nivel das augas.

MAREA DE CARNAVAL

RECOLLIDO EN: Cambados ('Mareas vivas da primavera')¹³.

MAREA DE DEFUNTOS

GRAN XERAIS: Loc. s. A que se produce cando o mar baixa e sobe moito máis que nas mareas habituais [por ter lugar cando hai lúa nova ou lúa chea e, en consecuencia, sumarse as accións do Sol e a Lúa].

DdD: C. García González (1985): *marea de defuntos* (Escarabote-Boiro) *marea viva*.

MAREA DE SEMANA SANTA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Mareas fortes do mes de marzo'). Cambados ('Mareas vivas da primavera').

¹² En Cambados distínguese entre *mareas crebadas* ('as que veñen logo das vivas; non enchen tanto e non hai tanta seca') e *mareas mortas* ('veñen despois das crebadas; aínda bota menos e a seca é pequena').

¹³ En Miño tamén se fixo referencia a esta época de Entroido como a das mareas máis grandes do ano.

MAREA DEVALADA

DdD: E. Rodríguez González (1958-1961): *marea devalada*, la marea baja.
L. Carré Alvarellos (1979): *marea debalada*, bajamar.

MAREA DO LAGAR (DOS LAGARES)¹⁴

RECOLLIDO EN: Cambados ('Mareas vivas de despois do verán').

MAREA ENCHENTE

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 114).

GRAN XERAIS: Loc. s. Proceso de ascenso da marea que remata en marea alta.

DdD: C. García González (1985): *marea enchente* (Escarabote-Boiro) marea que sube.

MAREA ENTRANTE

IR INDO: V. fluxo.

MAREA ESCORRIDA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Marea baixa').

MAREA GORDA

RECOLLIDO EN: Burela ('Marea viva').

MAREA GRANDE

RECOLLIDO EN: Burela ('Marea viva'). Cariño ('Marea alta')¹⁵. Miño ('Marea viva').

MAREA LIBRE

GRAN XERAIS: Loc. s. baixamar.

MAREA MINGUANTE

GRAN XERAIS: Loc. s. Proceso de descenso da marea que remata en marea baixa.

¹⁴ Recollido por F. Fernández Rei: "O patrimonio inmaterial da Gallaecia", en *Vieiros*, 3-11-2005.

<http://vello.vieiros.com/opinion/opinion.php?id=45807&Ed=1>

¹⁵ Nótese a diferente acepción nos dous lugares onde se recolleu o termo, malia a súa relativa proximidade. En Miño repítese, como en Burela, o sentido de 'marea viva'.

MAREA MORTA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Mareas menos movidas que as mareas vivas'). Fistera ('Marea na que o mar case non se move'). Cambados ('Marea que enche pouco e baixa pouco').

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 215).

GRAN XERAIS: Loc. s. Aquela na que é moi pequena a subida e baixada do nivel das augas.

DdD: C. García González (1985): *marea morta* (Sada, Escarabote-Boiro) marea que casi no cambia.

DLPC: *Maré de águas mortas*.

MAREA PARADA

RECOLLIDO EN: Cambados ('Baixamar').

MAREA PEQUENA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Marea baixa'). Miño ('Marea morta'¹⁶).

MAREA PODRE

GRAN XERAIS: Loc. s. Aquela na que é moi pequena a subida e baixada do nivel das augas.

DdD: C. García González (1985): *mareas podres* (O Grove) mareas muertas.

MAREA SAÍNTE

IR INDO: V. refluxo.

MAREA SECA

GRAN XERAIS: Loc. s. Marea baixa de todo.

MAREA SUBIDA

GRAN XERAIS: Loc. s. Preamar.

MAREA SUBINTE

RECOLLIDO EN: A Guarda ('Movemento de subida da maré').

¹⁶ De novo se produce a mesma variedade das acepcións que no caso de *marea grande*.

MAREA VIVA

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Mareas nas que o mar sube e baixa moito'). Cambados ('Mareas nas que o mar sube e baixa máis'). A Guarda ('Mares nas que se move máis o mar').

OBRAS DE REFERENCIA: A Nerium (2003).

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 215) e Fernández Rei (1999: 113).

GRAN XERAIS: Loc. s. A que se produce cando o mar baixa e sobe moito máis que nas mareas habituais [por ter lugar cando hai lúa nova ou lúa chea e, en consecuencia, sumarse as accións do Sol e a Lúa].

IR INDO: MAR Marea en que o mar baixa e sobe moito máis ca nas mareas habituais, causada pola lúa chea ou nova.

DdD: C. García González (1985): *mareas bibas* (Sada, Laxe, Escarabote-Boiro, O Grove) mareas vivas.

DLPC: *Maré de águas vivas; maré viva*. Aquela cuja altura máxima do fluxo das águas é acompañada de correntes fortes e que normalmente ocorre nos equinócios de marzo e setembro.

MAREIRA¹⁷

RECOLLIDO EN: Miño: ('Marea viva').

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 215).

GRAN XERAIS: (2) Marea que se produce cando o mar sobe e baixa moito máis que nas mareas habituais [por ter lugar cando hai lúa nova ou lúa chea e, en consecuencia, sumarse as accións do Sol e a Lúa]; marea de defuntos, marea viva, marusía.

ESTRAVIZ: (1) Leve agitación de ondas.

IR INDO: V. marusía.

SÉCULO 21: (6) Movemento axitado do mar, con ondas grandes pero sen borrasca; mar picado, teso, rizado.

DdD: L. Carré Alvarellos (1979): (4) Onda grande y de mucha fuerza que en días de marejada se forma de cuando en cuando. C. García González (1985): (Sada) marea viva.

MARETA / VARETA

RECOLLIDO EN: Cariño (*Vareta*: 'Pequenas olas que deixa o barco').

OBRAS DE REFERENCIA: (*mareta*) M. Antonio (1928)¹⁸.

¹⁷ Asociamos *mareira* á categoría *mareas*, malia que tamén podería ir en *ondas*, debido ao seu duplo significado ('marea viva' e 'onda grande').

¹⁸ O uso que lle dá Manuel Antonio en *De catro a catro*, de 'pequenas ondas que vai producindo o barco a medida que se afasta' non aparece recollida logo nos dicionarios.

GRAN XERAIS¹⁹: (1) Movemento das ondas do mar ao empezar ou acabar unha tormenta [menos violento cá marusía]. (2) Auga superficial do mar. *Vareta*: (2) pl. Ondas no mar producidas polo paso dun barco.

ESTRAVIZ: (1) Pequena onda, sobretudo quando sopra vento do norte.

IR INDO: (1) Movemento das ondas do mar ao empezar ou acabar unha tormenta. (2) Auga superficial do mar

SÉCULO 21: (2) Onda pequena, onda dos ríos.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Pequena marejada, sobre todo cuando sopra viento del Norte (Cangas de Morrazo). X. L. Franco Grande (1972): (1) Pequena marejada, sobre todo cuando sopra viento del Norte. E. Rivas Quintas (2001): Pequena marejada de viento norte. (M. Antonio). C. García González (1985): *Maretas*: (Escarabote-Boiro) aguas superficiales del mar.

HOUAISS: (1) Onda pequena.

DLPC: (1) Pequena onda marítima.

ALMEIDA: (1) Onda pequena, onda dos ríos.

AURÉLIO: (1) Pequena onda.

MARUSÍA²⁰

OBRAS DE REFERENCIA: M. Antonio (1928), B. Graña (1966), A. Nerium (2003)

OBRAS EN TILGa: R. Cabanillas (*No desterro* - 1913), X. Filgueira Valverde (*O vigairo* 1927), A. Iglesia Alvariño (*Nenias* - 1961), V. Fernández Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia* - 1982).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 321): 'No léxico mariñeiro arousán empregado por Cabanillas nos poemas das primeiras obras cómpre salientar formas como *marusía*, que introduciu no galego escrito'.

GRAN XERAIS: (1): Marea que se produce cando o mar sobe e baixa moito máis que nas mareas habituais [por ter lugar cando hai lúa nova ou lúa chea e, en consecuencia, sumarse as accións do Sol e a Lúa]; mareira, marea de defuntos, marea viva. (4) Movemento axitado do mar, de grandes ondas; mar bravo, mar picado, mar rizado, mar rixo, mareira, roleira.

ESTRAVIZ: (1) Mar rijo, mar picado. (3) Maré viva do equinócio.

¹⁹ Este é o único dicionario que recolle a variante *vareta*.

²⁰ Asociamos *marusía* á categoría *mareas*, malia o seu duplo significado ('marea viva' -a que aquí nos interesa- e 'mar picado'). Porén, como se pode ver, o Padre Sarmiento indica na súa definición que só é válida a segunda acepción, e no noso traballo de campo, de feito, só recolleemos *marusía* como 'mar picado'.

IR INDO: (1) Estado do mar cando as ondas son máis gordas ca o mar picado e máis pequenas ca o mar bravo. (2) Marea viva.

SÉCULO 21: V. marea.

DdD: M. Sarmiento (1746-55): (1) No significa mareas vivas sino la fuerte inquietud del mar, v. g.: hay mucha *marusia*. E. Rodríguez González (1958-61): (1) Mar picada, mar *rixo*. X. L. Franco Grande (1972): (1) Marejada muy fuerte. (2) Mar picada, mar *rixo*. C. García González (1985): (1) (O Grove), maresía (Ares) mar muy gruesa.

DLPC: Maresia: (1) Leve agitação das ondas do mar; marejada.

PRAIAMAR²¹

RECOLLIDO EN: Cariño ('Marea alta'). Miño ('Marea alta').

PUNTA DE AUGA, PUNTA, PUNTE²²

RECOLLIDO EN: Fisterra (*Punta de aghua arriba*: 'Cando a marea empesa a subir logho da baixamar' e *Punta de aghua abaixo*: 'Cando empesa a baixar a marea'). Cambados (*Punta de aghua*: 'Primeiro momento de subida da marea'). A Guarda: (*Punta arriba*: 'Primeiro momento da subida da maré' e *Punta abaixo*: 'Primeiro momento da baixada da maré'; *Punte*: 'Punta arriba').

ESTUDOS: (*punta de aghua*) Fernández Rei (1999: 114): 'Punto máximo do *debaló*, cando hai seca total'.

GRAN XERAIS: *Punta de auga*: V. repunta.

DdD: C. García (1985): *punta dagua* (O Grove) repunte. // *punta dagua chea* (O Grove) fase de la pleamar anterior al momento en que comienza a bajar la marea.

QUEDARSE (A MAREA)

RECOLLIDO EN: Cariño ('Momento no que parese que o mar non se move').

REFLUXO

RECOLLIDO EN: Cariño (*Reflujo*: 'Cando baixa a marea').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 113).

²¹ Variante de *preamar*, mediante o cruzamento deste termo con *praia*, ou talvez co portugués *preia-mar*.

²² Aquí (como sucederá despois con *repunta/repuntar*) temos definicións completamente opostas para o termo *punta de auga*: 'momento de inicio da pleamar' ou 'momento final da pleamar, antes de que a marea comece a baixar'.

GRAN XERAIS: (1) Devalo, movemento de descenso da marea.
 ESTRAVIZ: (2) Movemento das águas marinhas ao baixar a maré, o mesmo que debalo.
 IR INDO: (2) XEOG/BIOL Movemento descendente da marea. Obs: Tamén se denomina marea saínte.
 SÉCULO 21: (1) Movemento en descenso da marea. Baixamar.
 DdD: L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Reflujo. V. debalo. J. Ibáñez Fernández (1950): (1) Reflujo. Reflujo del mar: debalo. E. Rodríguez González (1958-1961): (2) Reflujo, movimiento de descenso de la marea, *devalo*. X. L. Franco Grande (1972): (1) Reflujo; *devalo*. L. Carré Alvarellos (1979): Reflujo. V. debalo.
 HOUAISS: (1) Movemento da maré que se afasta da margem.
 DLPC: (1) Movemento das ondas do mar quando a maré está a vaziar.
 ALMEIDA: (1) Movemento das águas do mar quando da maré é vazante.
 AURÉLIO: (2) Movemento da maré vazante.

REPOUSO DA MAREA

RECOLLIDO EN: Cambados ('Marea baixa').

REPUNTAR (REPUNTA / REPUNTE)²³

RECOLLIDO EN: Cariño (*Repuntar / Repunta*: 'Cando a marea empeza a subir ou a baixar'). Guarda (*Repunte*: 'Primeiro momento da baixada da maré').

OBRAS DE REFERENCIA: (*repunte*) A Nerium (2003).

OBRAS EN TILGa: (*repunte*) Armando Cotarelo Valledor (*Beiramar* - 1931).

GRAN XERAIS: *Repunta*: (2) Primeiro avance da marea, que inicia o fluxo e empeza a subir.

ESTRAVIZ: *Repuntar*: (1) Começar a subida da maré, descabeçar. *Repunte*: (1) Altura máxima da maré.

IR INDO: *Repuntar*: (1) MAR Comezar a moverse o mar ao subir a marea.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): *Repuntar*: (1) Iniciarse la subida de la marea. X.L. Franco Grande (1972): *Repuntar*: (1): Dícese cuando la mar empieza a subir y hace sus primeros avances. L. Carré Alvarellos (1979): *Repunta*: (1) Oleada, altura máxima de la pleamar.

²³ Como en *punta de auga / punta / punte*, as definicións para *repuntar / repunta / repunte* son ás veces opostas.

SOCHEO / SUCHEO²⁴

RECOLLIDO EN: Cambados (*Socheo*: 'Momento final da marea alta'). Guarda (*Socheo*: 'Resaca'²⁵).

OBRAS DE REFERENCIA: (*socheo*) A Nerium (2003).

ESTUDOS: (*socheo* e *sucheo*) Fernández Rei (1999: 113 e 2003: 305): 'Fase final do crecente'.

GRAN XERAIS: *Socheo* e *Sucheo*: Fase final do crecente da marea, anterior á preamar.

ESTRAVIZ²⁶: *Socheio*: (1) Movemento do mar quando há marulhada. (2) Fase final do crescente, anterior à preia-mar. *Sucheio*: (1) Recuo das ondas do mar.

IR INDO: *Socheo*: (1) Fase final da marea, antes da preamar.

SÉCULO 21: *Socheo*: (2) Fase final do crecente da marea, anterior á preamar.

DdD: A. Otero Álvarez (1951): *Socheo*: (1) Movemento de mar que forma el oleaje atrás o delante de sí. *Anda muito socheo. Socheo arriba*, cuando va el oleaje para arriba; *socheo abaixo*, cuando descende. La Guardia. E. Rodríguez González (1958-61): *Socheo*: (1) Movemento del mar que forma el oleaje atrás o delante de sí. Ej.: *Anda muito socheo. Socheo arriba*, cuando va el oleaje para arriba; *socheo abaixo*, cuando descende (La Guardia. Ab. A. Otero). X. L. Franco Grande (1972): *Socheo*: (1) Movemento del mar que forma el oleaje atrás o delante de sí. Ej.: *Anda moito socheo. Socheo arriba*, cuando va el oleaje para arriba, *socheo abaixo*, cuando descende. L. Carré Alvarellos (1979): *Socheo*: (1) Ondulación o movemento del mar cuando hay oleaje. (2) Acción y efecto de sochear. C. García González (1985): *Socheo*: (1) (O Grove) fase final del creciente, anterior a la pleamar.

SUBIR O MAR

ESTUDOS: Fernández Rei (1999: 113).

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): *Sobir o mar*, ir creciendo cuando está baja la marea, lo que sucede dos veces al día.

²⁴ En *socheo* alternan as definicións relativas á 'parte final da marea crecente' coas que se refiren ao 'movemento do mar cando hai ondas'.

²⁵ Obsérvese a diferenza de significado entre as dúas ocorrencias de *sucheo/suchoe*.

²⁶ Este é o único dicionario que recolle o dobre significado de *socheo/suchoe* ('fase final da crecente' e 'resaca').

VOLTA DE MAREA

RECOLLIDO EN: Cariño (*Volta de marea arriba*: 'Momento no que a marea empeza a subir' e *Volta de marea abaixo*: 'Momento no que a marea empeza a baixar').²⁷

B. ONDAS NO MAR

AGUACIÓN

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966).

OBRAS EN TILGa: Xavier Rodríguez Baixeiras (*Anos de viaxe* - 1987).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 308): 'Designa a corrente mariña e a resaca'.

ESTRAVIZ: *Aguaçom*: (1) Corrente marinha

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Corrente marina. Empuje submarino del agua del mar. (Cangas de Morrazo). X.L. Franco Grande (1972): (1): Corrente marina. Empuje submarino del agua del mar. L. Carré Alvarellos (1979): (1) Dirección de la corriente del mar en las rías.

ANDADA / ONDADA²⁸

RECOLLIDO EN: Burela (*Andada*: 'Sucesión de olas')

ESTRAVIZ: *Ondada*: (1) Quantidade de ondas. (2) Afluência, afluxo, onda.

IR INDO: *Ondada*: (1) Onda de gran tamaño. (2) Situación continuada de ondas no mar.

SÉCULO 21: *Ondada*: (1) Sucesión continuada de ondas.

ANDISÍA / ANDUSÍA

RECOLLIDO EN: Cambados (*Andisía*: 'Movemento do mar en por si').

ESTUDOS: (*andisía*) Fernández Rei (2004: 51): 'Forza propia do mar, sen acción do vento'.

ARRUFO

RECOLLIDO EN: Cariño ('Cando o barco o levantan dúas olas, unha pola proa e outra pola popa').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

²⁷ Obsérvase a similitude con *punta de aghua* (Cambados), tamén ambivalente.

²⁸ Nos dicionarios galegos, *ondada* o mesmo é un sinónimo de 'onda', 'onda grande' ou 'sucesión de ondas'.

ESTUDOS EN TILGa: Staffan Mörling (*As embarcacións tradicionais de Galicia* - 1989).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 325): 'Fenómeno que fai que unha onda levante a proa e outra a popa'.

BALAXE

RECOLLIDO EN: Burela ('Olas pequenas').

BLONCO

RECOLLIDO EN: Burela ('Onda grande que rompe antes de chegar á praia').

BOBELLA / MOVELLA²⁹

ESTUDOS: (*bobella e movella*) Fernández Rei (2004: 52): 'Ondas de varios metros chamadas *movellas* (ou *bobellas*) producidas por "tres ou catro risos de vento"'.

ESTRAVIZ: *Movelha*: (1) Onda que rompe em espuma no meio do mar por causa do vento.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): *Movella*: (1) Ola que rompe en espuma en el medio del mar por efecto del viento. X. L. Franco Grande (1972): *Movella*: (1) Ola que rompe en espuma en el medio del mar por efecto del viento.

BOTARSE O MAR

RECOLLIDO EN: Miño ('Haber ondas grandes').

CAMOUCO

RECOLLIDO EN: Cariño ('Onda grande'³⁰).

ESTUDOS: Fernández Rei (2004: 52): 'Fóra de Sálvora, na costa, a forza do mar levanta *camoucos*, grandes ondas que acaban producindo *escachoadas* cando vén o vento. No interior da ría da Arousa son raros, aínda que pode haber *camouquiños* no chamado "canal"'.

CHACOTE

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Espuma salada que salta da proa e molla os que van dentro do barco').

²⁹ Posible vinculación con *facen ovellas*.

³⁰ En Cariño tamén se recolleu *camouquiño* para as ondas de menor tamaño.

CHARPAZO

RECOLLIDO EN: Burela ('Golpe de mar'). Cambados ('Gholpe de mar moi forte').

CHIPARRAZO

RECOLLIDO EN: A Guarda ('Aghua que entra pola proa ao avanzar o barco').

CORRENTAR A AUGA

RECOLLIDO EN: Burela ('Mar de fondo').

ESCANGA

RECOLLIDO EN: A Guarda (*Escangha*: 'Estado do mar no que as olas son máis ghrandes do normal').

FACER BOCAREU

RECOLLIDO EN: Cambados (*Faser bocareu*: 'Cando vén a marea pouco a pouco: parece que baixa pero logo volve subir').

ESTRAVIZ: (2) Haver ondeio vertical, de arriba abaixo.

DdD: E. Rivas Quintas (1978): (1) Haber en el mar oleaje vertical, de arriba abajo y no horizontal (Lourizán): *Hoxe fai moito bocareu e non se pode pescar*.

FACER OVELLAS / OVELLA / OVELLAR³¹

RECOLLIDO EN: Burela (*Facer ovellas*: 'Espuma das olas cando rompen polo vento'). Miño (*Ovella/Ovellar*: 'Olas grandes con espuma que rompen no mar. Cando se ven dise que ovella o mar').

FACER SOMBREIRO

RECOLLIDO EN: Burela ('Levantarse as ondas antes de romper').

FEILA / FOULA

OBRAS DE REFERENCIA: (*foula*) M. Antonio (1928).

OBRAS EN TILGa: (*foula*) R. Dieste (*Antre a terra e o ceo* - 1926), L. Amado Carballo (*Proel* - 1927), R. Otero Pedrayo (*Devalar* - 1935). (*feila*) F. Barxa Iglesias (*Os ovos da pita choca* - 1975).

ESTUDOS: (*foula*) Fernández Rei (2003: 300): '[...] *foula*, tan de Manuel Antonio, que introducira Eugenio Montes no galego escrito'.

GRAN XERAIS³²: (4) Escuma que levanta o barco pola proa ao navegar.

³¹ Posible vinculación con *bobella* / *movella*.

ESTRAVIZ: (5) Espuma fina provocada polas ondas ou polos barcos ao avantarem.

IR INDO: (3) Escuma que forma a proa do barco no mar ao navegar ou que se levanta ao bater as ondas na costa cando vai moito vento.

SÉCULO 21: (3) Escuma que se levanta nunha fervenza ou ao bateren as ondas.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (3) Dícese además de la espuma que levanta el barco por la proa al andar. X. L. Franco Grande (1972): (3) Dícese además de la espuma que levanta el barco por la proa al andar. L. Carré Alvarellos (1979): (2) Espuma finísima que se eleva de las olas agitadas y que produce una especie de fosforescencia en la noche.

GANCHO

RECOLLIDO EN: A Guarda (*Ghancho*: 'Tombos, olas que rompen sobre elas mesmas').

GOLPE DE MAR

RECOLLIDO EN: Burela ('Ola que bate contra o barco'). Cariño (*Gholpe de mar*: 'Olas que dan contra o costado do barco'). Fisterra (*Gholpe de mar*: 'Olas que baten contra o barco'). Cambados (*Gholpe de mar*: 'O mar que embiste contra o barco'). A Guarda (*Gholpe de mar*: 'Olas que dan no barco e o moven').

GRAN XERAIS: *Golpe de mar*. loc. s. Embate violento dunha onda.

ESTRAVIZ: *Golpe de mar*. Golpe grande producido por uma onda.

IR INDO: *Golpe de mar*. Grande onda de mar que rompe con violencia contra unha embarcación ou contra a costa.

SÉCULO 21: *Golpe de mar*. Onda forte.

DdD: C. García González (1985): *golpe de mar* (Ares, O Grove) golpe de mar.

HOUAISS: *Golpe de mar*. Choque violento de vaga contra o pavimento ou costado da embarcación.

DLPC: *Golpe de mar*. Vaga grande.

AURÉLIO: *Golpe de mar*. Golpe violento de grande vaga contra a embarcación, e que lhe salta por cima da borda.

³² Este é o único dicionario que recolle a variante *feila*.

LAVACÁN³³

RECOLLIDO EN: Miño ('Marca da marea alta, con algas e outras cousas').

ESTUDOS: Ríos Panisse (1974: 214).

SÉCULO 21: (1) Algas e demais plantas que quedan na praia no devalo, usadas como esterco.

LOMBO DE MAR

RECOLLIDO EN: Cambados ('Olas moi altas').

MARAJADA

RECOLLIDO EN: A Guarda (*Marajada*: 'Estela que deixa o barco por detrás ao avanzar').

PANTOCAZO

RECOLLIDO EN: Burela ('Golpe de mar').

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 319): 'Embate forte do mar contra o barco'.

GRAN XERAIS: (1) Golpe que dá o barco ó ser levantado por unha onda e chocar coa seguinte³⁴.

IR INDO: (1) Golpe que dá o barco contra o mar despois de ser levantado por unha onda.

QUEBRANTO

RECOLLIDO EN: Cariño ('Cando o barco queda no aire logo de que unha ola o levante polo medio').

OBRAS DE REFERENCIA: A Nerium (2003).

OBRAS EN TILGa: Xavier Alcalá (*Alén da desventura* - 1998).

ESTUDOS (TILGA): Xosé Manuel Cerviño (*Apuntamentos históricos da navegación en Galicia* - 2001).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 325): '[...] que unha onda levante o barco polo centro, co que a proa e a popa quedan no aire'.

RAMALLETE

RECOLLIDO EN: Cambados ('Gholpe de mar con pouca forsa').

³³ A maioría dos dicionarios recollen tamén esta acepción de 'alga', de nome científico *ulva rigida*.

³⁴ *Pantocazo* aparece tamén nos dicionarios de castelán con esta mesma acepción, asociado a *pantoque*, 'parte curva da quilla dun barco'.

RECOLLIDO EN: Burela (*Rasel*: 'Estela'). Cambados³⁶ (*Ronsel*: 'Marca que vai deixando o barco').

OBRAS DE REFERENCIA: (*ronsel*) M. Antonio (1928), (*rosel*) B. Graña (1966), (*ronsel*) A. Nerium (2003).

OBRAS EN TILGA: (*ronsel*) Ramón Cabanillas (*Na noite estrelecida* - 1926), L. Amado Carballo (*Proel* - 1927).

ESTUDOS³⁷: (*ronsel e rosel*) Fernández Rei (2003: 299) 'As barcas de Na noite estrelecida deixan *ronsel* no mar raso, mentres que a traíñeira ou a dorna das primeiras obras de Cabanillas deixaba *estela*, que é como en Cambados se denomina o fío de auga que vai quedando pola popa do barco'.

GRAN XERAIS: *Ronsel / Rosel*: (1) Rastro de espuma que deixa unha embarcación sobre as augas ao navegar.

ESTRAVIZ: *Ronsel / Rosel*: Esteira, sinal que deixa na água um barco que vai navegando. Esteira de espuma detrás de uma embarcação. Var *Rosel*.

IR INDO: *Ronsel*: (1) Rastro que deixa ao seu paso un corpo que se move, preferentemente sobre a auga.

SÉCULO 21: *Ronsel*: (1) Rastro de espuma que deixa unha embarcación na superficie da auga ao navegar.

DdD: L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Estela. Huella que deja en el agua un barco cuando navega. J. Ibáñez Fernández (1950): (2) Estela. Huella en el agua que deja un barco al navegar. E. Rodríguez González (1958-61): (1) Estela, señal o huella que deja en el agua un barco que va navegando. En Marín, *rosel*; en Covas, *rasel*; en Teis, *rilla de agoa*. X. L. Franco Grande (1972): (1) Estela, señal o huella que deja en el agua un barco que va navegando. *Rosel*, *rasel*, *rilla de agoa*. A. Otero Álvarez (1953): *Rosel*: (1) Estela, 1.ª acep., en Marín; *ronsel*, en C.; *rasel*, en Covas. E. Rodríguez González (1958-61): *Rosel*: (1) Estela, señal, marca, manchón que produce en el mar un barco, un banco de peces, cualquier objeto que se deslice por el agua (una ola incluso) sobre todo en las noches en que hay *ardentía*. También se usa para referirse a la estela o

³⁵ Neste caso é interesante destacar a extensión do significado de *ronsel* fóra do ámbito mariñeiro, para referirse a calquera pegada, rastro, vestixio ou consecuencia que unha cousa deixa noutra.

³⁶ En Cambados os informantes diferencian entre *ronsel* ('marca que queda na auga ao avanzar o barco') e *estela* ('pequenas ondas que se producen ao avanzar o barco').

³⁷ Ríos Panisse (1974: 214) recolle en Sada a expresión *aughas mortas*, con este mesmo significado.

huella dejada en el suelo por un carro, un coche, etc. (Cangas de Morrazo). ronsel. X. L. Franco Grande (1972): *Rosel*: (1) Estela, señal, marca, manchón que produce en el mar un barco, un banco de peces, cualquier objeto que se deslice por el agua (una ola incluso) sobre todo en las noches en que hay *ardentía*. También se usa para referirse a la estela o huella dejada en el suelo por un carro, un coche, etc. ronsel.

RONCALLO

RECOLLIDO EN: A Guarda (*Roncallo*: 'Ola ghrande').

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966).

OBRAS EN TILGa: X.L. Méndez Ferrín (*Bretaña Esmeraldina* - 1987).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 308): 'Onda producida polo vento que avanza rectilínea e en paralelo á costa, con cresta de espuma e con moita forza'.

GRAN XERAIS: (1) Onda da superficie do mar de forma alongada con moita espuma.

ESTRAVIZ: Roncalho: (1) Onda produzida polo vento na superficie do mar, de forma alongada e com uma espécie de crista de espumas.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Ola producida por el viento en la superficie del mar, de forma alargada y con una especie de cresta de espumas (Cangas). X. L. Franco Grande (1972): (1) Ola producida por el viento en la superficie del mar, de forma alargada y con una especie de cresta de espumas.

SALSEIRO³⁸

RECOLLIDO EN: Cariño ('Aghua que se levanta pola proa e entra no barco').³⁹ Cambados ('Gholpe de mar de pouca forsa').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

OBRAS EN TILGa: M. Leiras Pulpeiro (Obras completas -1912-), R. Cabanillas (*No desterro* -1921-, *Na noite estrelecida* -1926-), B. Graña (*Se o noso amor e os peixes* - 1980), X.L. Méndez Ferrín (*Crónica de nós* - 1980).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 294).

GRAN XERAIS: (1) Escuma que se produce ó romper as ondas contra os cons ou contra un barco. (2) Pingas de auga que producen unha especie de néboa espesa provocada polo vento na superficie do mar.

³⁸ Os dicionarios portugueses rexistran a acepción de 'batida de vento violenta'.

³⁹ Obsérvese a diverxencia na definición nos dous puntos nos que se recolleu o termo; malia todo, ambas as dúas acepcións aparecen nos dicionarios, con preferencia pola de *salpicadura*.

ESTRAVIZ: (1) Salpicadura de água de mar.

SÉCULO 21: (1) Auga en gotas moi finas ou espuma producida ao romper as ondas contra os cons da costa, rochas, barcos, etc. Foula. (2) Auga en gotas moi finas que levanta o vento e que pode chegar a formar unha especie de densa néboa a causa do sal.

IR INDO: (1) Auga en forma de espuma ou de pingas moi finas que se produce ao bater as ondas do mar contra a costa. (2) Auga en forma de pingas miúdas que levanta o vento da superficie do mar producindo unha néboa espesa.

DdD: X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Olas que salpican encima de los barcos. L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Salpicadura de las olas del mar. J. Ibáñez Fernández (1950): (1) Salpicadura de las olas del mar. E. Rodríguez González (1958-1961): (1) Salsero, salpicadura de las aguas del mar. X. L. Franco Grande (1972): (1) Salsero. (2) Roción ligero. (3) Golpe de mar.

TOMBO⁴⁰

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Olas ghrandes, que rompen sobre elas mesmas'). A Guarda ('Olas que se desfán no mar').

OBRAS DE REFERENCIA: A Nerium (2003).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 305): 'Antes de que Victoriano Abente usara *tombo* en 1881 ("tombos de mar fervendo"), Xoán Manuel Pintos introducira a variante *tumbos* en 1853 ("os tumbos [da Lanzada] que escumaban a cachóns")'.

GRAN XERAIS: (2) Onda do mar cando rompe. Loc. *Dar tombos*: dar volta e naufragar [unha embarcación]⁴¹.

ESTRAVIZ: (3) Onda do mar.

DdD: X. L. Franco Grande (1972): (4) Ola de mar. C. García González (1985): (1) (Toba-Cee) ola de mar.

⁴⁰ As primeiras acepcións de *tombo* nos dicionarios galegos van referidas á volta que dá unha cousa cando cae (a asociación coas ondas que reciben este nome é evidente).

⁴¹ Recollemos esta expresión polo seu valor gráfico e pola relación coa acepción de interese para este traballo.

RECOLLIDO EN: Burela (*Vaga (de mar)*: 'Ola grande'). Cariño (*Vogha (de mar)*: 'Olas cando o mar bate con forza').

OBRAS DE REFERENCIA: (*vaga*) M. Antonio (1928), (*vaga*) A. Nerium (2003)

ESTUDOS: (*vaga de mar*) Fernández Rei (2003: 305): '[...] as grandes vagas que se producen cando hai mar picado e que rompen nos baixos ou nas praias'.

GRAN XERAIS: (1) Onda do mar de gran tamaño, producida, principalmente, pola forza dos ventos. (2) Estado do mar con forte marusía.

ESTRAVIZ: (1) Água do mar, de um rio, agitada e elevada polos ventos. Onda: *vagas espumantes*.

IR INDO: (1) Elevación que forman o vento ou as correntes na superficie da auga.

SÉCULO 21: V. onda.

DdD: X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Ola. Oleada. L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Ola encrespada. Mar deshecha, que rompe constantemente en grandes distancias. B. Acevedo y Huelves e M. Fernández y Fernández (1932): (1) Oleaje alto que se produce con los vientos fuertes y tempestades. J. Ibáñez Fernández (1950): (1) Ola encrespada. Mar deshecha, que rompe constantemente en grandes distancias. E. Rodríguez González (1958-1961): (2) Ola encrespada del mar. (3) Tormenta del mar que rompe en fuerte oleaje y en gran extensión. Llámase también *mareira*. X. L. Franco Grande (1972): (2) Ola encrespada del mar. (4) Mareira. L. Carré Alvarellos (1979): (2) *de mar*, ola encrespada. Mar deshecha, que rompe en grandes distancias.

HOUAISS: (2) Água que se agita e se eleva.

DLPC: (1) Massa de água, especialmente marítima, que executa um movimento de elevação seguido de abaixamento, produzida pela acção do vento e de outras forzas naturais.

ALMEIDA: (1) Onda grande.

AURÉLIO: (1) Cada uma das compridas elevações da superfície do oceano ou mar.

⁴² *Vaga* serve tanto como sinónimo de *onda* como para denominar as ondas de maior tamaño ou mesmo a situación na que se atopa o mar cando hai forte marusía. Así mesmo (e tal e como sucedía con *ronsel*) é unha das poucas palabras do léxico mariñeiro que estendeu o seu significado fóra deste ámbito, para pasar a significar 'gran cantidade dalgunha cousa que se estende de súpeto por un determinado lugar'.

VAGADA

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966).

OBRAS EN TILGa: A. Iglesia Alvariño (*De día a día. Poesía* - 1960).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 307): '[...] ondas grandes, anchas e lentas e sen espuma que se producen cando hai mar de fondo'.

GRAN XERAIS: V. vaga.

ESTRAVIZ: (1) Onda do mar.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Ola del mar; VAGOADA (Cangas de Morrazo). X. L. Franco Grande (1972): (1) Ola del mar; vagoada.

VAGALLÓN

OBRAS EN TILGa: M. Leiras Pulpeiro (*Obras completas* - 1912), A. Iglesia Alvariño (*Lanza de soidá* -1961-, *Nenias* -1961-) e X. Neira Vilas (*Galegos no golfo de México* - 1980).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 305).

GRAN XERAIS: (1) Vaga, onda de gran tamaño.

ESTRAVIZ: (1) Onda ou vaga muito grande, tempestuosa.

IR INDO: (1) Vaga moi grande.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Ola o VAGA muy grande, tempestuosa (Arousa). X. L. Franco Grande (1972): (1) Ola o vaga muy grande, tempestuosa. L. Carré Alvarellos (1979): (1) Aum. de Vaga. Grande ola tempestuosa.

HOUAISS: *Vagalhão*: aum. de *vaga*.

DLPC: *Vagalhão*: (1) Onda ou vaga muito grande.

AURÉLIO: *Vagalhão*: (1) Grande vaga.

VIR O MAR

DICIONARIOS GALEGOS

GRAN XERAIS: Loc. v. Achegarse un grupo de ondas.

C. MAR QUE BATE NAS PEDRAS

BABAXE

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Espuma na rompiente').

ESTUDOS: (*babexiña*) Fernández Rei (2003: 307): 'Escuma que forma a auga do mar na beira os días de calma'.

BABEIRO

RECOLLIDO EN: Burela (*Babeiro*: 'Espuma que se forma na rompiente').

OBRAS EN TILGa: V. Fernández Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia* - 1982).

ESTUDOS (TILGa): X. Lorenzo Fernández (*Etnografía: cultura material* - 1962).

CACHOAR / ESCACHOAR / ESCACHAR

RECOLLIDO EN: Fistera (*Escachar*: Romper as olas contra a rompiente'). Cambados (*Cachoar*: 'Romper o mar').

OBRAS EN TILGa: (*escachoar*) Francisco Calo Lourido (*Salseiros* - 2001).

ESTUDOS: (*escachoar*) Fernández Rei (2004: 51).

GRAN XERAIS: (3) Chocar a auga contra as pedras; acachoar.

ESTRAVIZ: (3) Desfazer-se e romper as ondas ao bater contra as rochas da costa.

SÉCULO 21: (2) Romper as ondas do mar contra algo.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (3) Agitarse el mar formando espuma y *bruando*, al chocar contra los acantilados de la costa. X.L.

Franco Grande (1972): (3) Agitarse el mar formando espuma y *bruando*, al chocar contra los acantilados de la costa. L. Carré Alvarellos (1979):

Escachoar o mar, embravecerse, romper el oleaje como *cachoeira*. Romper las olas, batirse y deshacerse contra los acantilados de la costa.

CACHÓN / ESCACHÓN⁴³

RECOLLIDO EN: Cariño (*Cachón*: 'Ola que escachoa contra a pedra').

OBRAS DE REFERENCIA: (*cachón*) B. Graña (1966), A. Nerium (2003)

ESTUDOS: (*cachón*) Fernández Rei (2004: 52).

GRAN XERAIS: *Cachón*: (2) Onda do mar que se rompe na praia facendo espuma.

ESTRAVIZ: *Cachom*: (1) Espuma, fervenza que levanta uma onda rompendo ou a água que bate ou se precipita. *Escachom*: Acto ou efecto de escachoar.

IR INDO: *Cachón*: (1) Onda que rompe con forza na praia e fai espuma.

SÉCULO 21: *Cachón*: (2) Onda que rompe na praia facendo espuma.

DdD: RAG (1913-28): *Cachón*: (3) náut. La ola del mar moderada que da contra la embarcación. (4) Remolino de las olas. (5) Ola del mar que rompe en la playa. (6) La espuma y borbollón que forma el agua al des-

⁴³ A orixe de *cachón* esta nas burbullas que se producen ao ferver con forza un líquido. A asociación entre auga batida e líquido que ferve está presente en moitos outros termos; sen ir máis lonxe, no nome *fervenza* referido a unha caída de auga.

peñarse⁴⁴. L. Carré Alvarellos (1928-31): *Cachón*: (2) Ola del mar que rompe en la playa. (3) Espuma del agua al saltar sobre piedras, como en las cascadas. E. Rodríguez González (1958-61): *Cachón*: (2) Ola del mar que rompe en la playa y hace espuma. A. Otero Álvarez (1951): *Escachón*: (1) Cachón, 1.^a acep. Cangas. (3) Ola de fuerza moderada que da contra el costado de una embarcación. X.L. Franco Grande (1972): *Escachón*: (2) Ola de mar que rompe en la playa y hace espuma.

CARQUEIXA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Espuma onde as olas rompen contra a pedra').

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966).

DdD: C. García González (1985): (2) (Cariño) ola blanquecina que se forma cuando el mar empieza a alborotarse.

CERVEZA⁴⁵

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966).

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Espuma sucia, amarillenta (Cangas de Morrazo). X.L. Franco Grande (1972): (1) Espuma sucia, amarillenta, del mar por efecto de la *goldría*.

CHOU PAR

RECOLLIDO EN: Burela ('Romper as olas').

OBRAS EN TILGa: A. Gómez Ledo (trad.) (*Virxilio. As Xeórxigas verquidas á língua galega* - 1964).

DESFACERSE O MAR

RECOLLIDO EN: Burela ('Bater as olas contra os petóns').

EMBATE

RECOLLIDO EN: Cariño ('Resaca'). Fisterra ('Resaca').

⁴⁴ Estas catro definicións que ofrece o dicionario da RAG resumen as múltiples acepcións que aparecen para esta palabra: onda que bate contra a embarcación, onda que morre na praia facendo escuma, a propia escuma e mesmo o remuíño resultante da acción das ondas.

⁴⁵ Evidente castelanismo, aínda que tampouco se atopou *cervexa* con esta acepción.

ESCUMALLO / ESPUMALLO⁴⁶

RECOLLIDO EN: Fisterra (*Espumallo*: 'Espuma que se forma na rompiente').

OBRAS DE REFERENCIA: (*espumallo*) B. Graña (1966), (*escumallo*) A. Nerium (2003).

OBRAS EN TILGa: (*espumallo*) F. Calo Lourido (*Salseiros* - 2001).

ESTUDOS: (*espumallo*) Fernández Rei (2003: 306): 'Escuma fresca do mar que xorde das ondas e da rompente'.

GRAN XERAIS: (1) Espuma dun fluxo de auga.

GOLDRÍA

OBRAS DE REFERENCIA: B. Graña (1966), A. Nerium (2003)

OBRAS EN TILGa: X.L. Méndez Ferrín (*Bretaña Esmeraldina* - 1987).

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 307): 'Resaca forte e mailo remuíño da auga nas pedra que arrastra espuma e substancias como algas e area'.

GRAN XERAIS: (1) Remuíño de auga

ESTRAVIZ: *Goldría*: (1) Redemoinho de água nas pedras que arrastra espuma misturada com outras cousas. (2) Movimento de recuo na água do mar.

IR INDO: (1) Remuíño de auga que se forma nas pedras. (2) Burbulla ou cachón que se forma nunha fervenza.

SÉCULO 21: (1) Remuíño de augas nas pedras. Burbulla.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Remolino del agua en las piedras que arrastra espuma mezclada con otras sustancias. Resaca. Retroceso del agua del mar (Cangas de Morrazo). X. L. Franco Grande (1972): (1) Remolino del agua en las piedras que arrastra espuma mezclada con otras sustancias. Resca. Retroceso del agua del mar.

OLA

IR INDO: (1) Remuíño que se forma na superficie da auga.

SÉCULO 21: V. onda⁴⁷.

HOUAISS: (1) Redemoinho na água.

DLPC: (1) Remoinho na água.

ALMEIDA: (1) Redemoinho de água.

⁴⁶ Case todos os dicionarios galegos inclúen *escumallo/espumallo* na súa acepción orixinal de 'cuspe abundante'.

⁴⁷ Este dicionario é o único que remite desde *ola* a *onda*; o resto (incluídos os portugueses) só recollen a acepción de 'remuíño'.

REBALEIRA / REBALAXE

OBRAS EN TILGa: (*rebaleira*) M. Lugrís Freire (*Esclavitú. Drama en dous actos en prosa* -1906-, *Versos de loita* -1919-, *Ardencias* -1927-).

GRAN XERAIS: (1) Remuíño que forma unha corrente de auga.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Rebalaje, remolino que forman las corrientes de agua. X.L. Franco Grande (1972): (1) Rebalaje, remolino que forman las corrientes de agua; rodopío.

RECUXÍA

RECOLLIDO EN: Miño ('Resaca').

RELLEIRO - RILLEIRO

RECOLLIDO EN: Cambados (*Relleiro*: 'Remuíño que se forma cando chocan dúas corrientes')⁴⁸.

OBRAS EN TILGa: (*rilleiro*) E. Blanco-Amor (*Poema en catro tempos a un pescador galego* - 1931).

REMUÍÑO

RECOLLIDO EN: Burela ('Volta do mar cando hai moita resaca'). *Cariño* (*Remolino*: 'Movemento da aghua en espiral'). Miño ('Fórmase nos sitios nos que hai moita recuxía').

ESTRAVIZ: (2) Massa de água, ar, etc., que gira rapidamente.

SÉCULO 21: (1) Movemento xiratorio e rápido do aire, a auga, o po etc.

DdD: X.L. Franco Grande (1972): (2) rodopío, remoiño.

DLPC: Remoinho: (3) Movemento rápido de uma massa de água, em círculo ou espiral, provocado por correntes contrárias.

RESACA

RECOLLIDO EN: Cariño ('Forza de retroceso da augha, embate'). Fistera ('Forsa da aghua ao tornar para o mar').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

GRAN XERAIS: (1) Movemento de retroceso das ondas despois de bateren na praia.

ESTRAVIZ: (1) Movimento violento das ondas sobre si mesmas quando baten contra um obstáculo. (2) Refluxo das ondas.

IR INDO: (1) MAR Movemento de retroceso da auga que avanzou pola beira logo de desfacerse a onda.

SÉCULO 21: (2) Retroceso das ondas despois de chegaren á beira.

⁴⁸ En Fistera recolleuse *rilleiro* co sentido de 'regueiro de lixo e escuma que se pode ver na superficie do mar'.

DdD: M. Valladares Núñez (1884): (2) com. Movimiento de la ola, al retirarse de la playa. E. Rodríguez González (1958-1961): (1) Resaca, movimiento o retroceso de las olas después que chocaron en la orilla.

HOUAISS: *Ressaca*: (1) Forte movimento das ondas sobre si mesmas resultante do mar muito agitado, quando se chocan contra obstáculos no litoral. (2) A vaga que se forma nesse momento.

DLPC: *Ressaca*: (1) Movimento de recuo da onda do mar, de uma corrente ou curso de água; refluxo da vaga. (2) Forte refluxo das ondas ao chocarem com um obstáculo.

ALMEIDA: *Ressaca*: (1) Quebra e desmoronamento da onda do largo (numa costa em declive), e que, por falta de fundo, se transforma em onda de costa, de transição, e sobe pela praia para depois escorrer em sentido contrário; refluxo violento das vagas que se quebran contra um obstáculo; fluxo e refluxo.

AURÉLIO: *Ressaca*: (1) Refluxo de uma vaga, depois de se espriar ou de encontrar obstáculo que a impede avançar livremente. (2) A vaga que se forma nesse movimento de recuo. (3) O encontro dessa vaga com outra (a saca) que avança para a praia ou para o obstáculo.

RODOPÍO

GRAN XERAIS: (2) Movemento en espiral rápido [de auga, do aire, do po etc.].

ESTRAVIZ: *Rodopio*: (1) Acto ou efecto de rodopiar. Redemoinho.

IR INDO: (2) Movemento rápido en espiral de algo.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Remolino, movimiento circular y violento del viento, polvo, viento, agua, etc. X.L. Franco Grande (1972): (1) Remolino, movimiento circular y violento del viento, polvo, viento, agua, etc. L. Carré Alvarellos (1979): (1) Remolino, movimiento circular y violento del viento, polvo, agua, etc.

ROMPENTE⁴⁹

RECOLLIDO EN: Burela (*Rompiente*: 'Penedos onde rompen as olas'). Cariño (*Rompiente*: 'Pedra no mar onde rompen as olas'⁵⁰). Fisterra (*Rompiente*: 'Coído'). Cambados (*Rompiente*: 'Onde rompe o mar').

⁴⁹ En relación coas rochas nas que rompen as ondas, xa sexa na costa ou no medio do mar, recolléronse multitude de termos (*aguillón, petón, farallón, baixío, penedo, rochedo, escollo, con...*) que non desenvolvemos neste traballo por quedar fóra do ámbito de estudo.

⁵⁰ En Cariño só se considera *rompiente* a pedra que está no medio do mar (os baixos que quedan na flor da auga cando hai temporal ou os *aghillóns* que xa sempre asoman), non as rochas da costa.

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).
 GRAN XERAIS: (1) Lugar onde rompen as ondas.
 IR INDO: (1) Lugar onde rompen as ondas.
 SÉCULO 21: (2) Lugar onde rompen as ondas do mar.
 DdD: L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Rompiente. Escollo donde rompe el mar. E. Rodríguez González (1958-61): (2) Rompiente, baixo, escollo, o costa donde rompe el mar, formando con su choque olas espumosas. L. Carré Alvarellos (1979): (1) Rompiente. Escollo donde rompe el mar.

SERFA / XERFA

OBRAS DE REFERENCIA: (*xerfa*) M. Antonio (1928), (*serfa*) A. Nerium (2003).
 OBRAS EN TILGa: (*xerfa*) R. Dieste (*Antre a terra e o ceo* - 1926), X. Filgueira Valverde (*O vigairo* - 1927) e V. Fernández Freixanes (*O triángulo inscrito na circunferencia* - 1982).
 ESTUDOS: (*serfa* e *xerfa*) Fernández Rei (2003: 300): '[...] *xerfa* (tamén usa *serfa*) [...]. A forma *xerfa*, que ten en Dieste, en Filgueira (*O vigairo*, 1927) e en Manuel Antonio (*De catro a catro*, 1928) as primeiras documentacións do galego literario e que foi moi usada na lingua literaria da posguerra non parece ser forma da Arousa, e particularmente de Rianxo, de onde procede moito léxico de Dieste e de Manuel Antonio'.
 GRAN XERAIS⁵¹: (1) Superficie escumosa que se estende no mar inmediato á costa, producida polo bater das ondas contra as rochas.
 ESTRAVIZ: (1) Superficie espumosa do mar que se estende em faixas nas proximidades da costa por efecto dos escollos.
 SÉCULO 21: (1) Escuma formada na superficie do mar ao bater a auga na costa.
 DdD: X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Superficie, en particular del mar. Fajas espumosas que se forman cerca de las costas. L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Superficie espumosa del mar que se extiende en fajas en las proximidades de la costa por efecto de las rompientes. J. Ibáñez Fernández (1950): (1) Superficie espumosa del mar en las proximidades de la costa por efecto de las rompientes. A. Otero Álvarez (1958): (1) Superficie espumosa del mar que se extiende en fajas por las proximidades de la costa, por efecto de las rompientes. E. Rodríguez González (1958-1961): (1) Superficie espumosa que se extiende en el mar inmediato a la costa, producida por el batir de las olas contra las rocas. X. L. Franco Grande (1972): (1) Superficie espumosa que se ex-

⁵¹ Este é o único dicionario que recolle a variante *serfa*.

tiende en el mar inmediato a la costa, producida por el batir de las olas contra las rocas.

TRABALLAR O MAR

RECOLLIDO EN: Burela ('Resaca'). Miño ('Haber moita resaca').

D. MAR QUE MORRE NA AREA

BABUÑA / BABUXA⁵²

OBRAS EN TILGa: (*babuxiña*) F. Calo Lourido (*Salseiros* - 2001).

GRAN XERAIS: *Babuña*: (2) Escuma que se produce na superficie dun líquido (especialmente da auga).

ESTRAVIZ: *Babuja*: (2) Espuma produzida pola água que se agita. *Babunha*: (3) Escuma produzida pola água ao agitar-se como a que fica ao descer a maré.

IR INDO: *Babuxa / babuña*: (4) Escuma que permanece na praia cando baixa a marea.

SÉCULO 21: *Babuxa/babuña*: (3) Escuma producida pola auga ao axitarse, como a que queda na praia ao baixar a marea.

DdD: L. Carré Alvarellos (1928-31): *Babuxa*: (2) Espuma o flor de auga.

E. Rodríguez González (1958-61): *Babuxa*: (1) Espuma a flor de auga.

X.L. Franco Grande (1972): *Babuxa*: (1): Espuma a flor de auga.

HOUAISS: *Babugem*: (1) Espuma formada pela agitação da água.

DLPC: *Babugem*: (2) Espuma formada por águas agitadas ou poluídas, em particular a espuma suja deixada na orla do mar. (3) Superfície de água de um rio, de um lago ou do mar.

ALMEIDA: *Babugem*: (1) Espuma produzida pela água que se agita; baba.

AURÉLIO: *Babugem*: (1) Espuma formada pela água agitada.

BEIRADA⁵³

OBRAS EN TILGa: B. Graña (*Fins do mundo* - 1974).

ESTUDOS: Fernández Rei (2004: 52).

ESTRAVIZ: (1) Beira, margem: *beirada do rio*.

IR INDO: (1) MAR Linde que separa no fondo mariño a superficie rochosa da areosa.

⁵² Bernardino Graña emprega a forma *babexiña* en *Profecía do mar*.

⁵³ Como veremos nas definicións, en *beirada* alternan dúas acepcións: a que coincide con *beira* e a que se refire á 'liña que separa o fondo rochoso do areoso'.

DdD: E. Rodríguez González (1958-61): (1) Borde de las peñas o rocas que constituyen el *alladoso*⁵⁴. X.L. Franco Grande (1972): (1): Borde de las peñas o rocas que constituyen el *alladoso*. L. Carré Alvarellos (1979): (1): Parte cercana a la orilla.

HOUAISS: (1) Beira; borda.

AURÉLIO: (1) Beira; margem; borda.

BEIRAMAR⁵⁵

RECOLLIDO EN: Fisterra ('A costa, a praia').

OBRAS DE REFERENCIA: A. Nerium (2003).

GRAN XERAIS: (1) Franxa de terra que está mesmo ó lado do mar; costa, ribeira. (2) Territorio próximo ó mar ou na súa área de influencia; mariña, ribeira.

ESTRAVIZ: (1) Beira do mar, litoral, costa, praia: *baixei do monte à beira-mar*.

IR INDO: (1) Franxa de terreo que linda co mar.

SÉCULO 21: (1) Terra que linda co mar. Ribeira. (2) Zona ou lugar próximos ao mar. Mariña, ribeira.

DdD: RAG (1913-28): (1) Costa, orillas del mar. Dícese de las comarcas marítimas, que están en la costa del mar. L. Carré Alvarellos (1928-31): (1) Costa, faja de terreno próxima al mar. E. Rodríguez González (1958-61): (1) Litoral, costa, orilla del mar. X. L. Franco Grande (1972): (1) Litoral, costa, orilla del mar. C. García González (1985): (1) (Sada). Orilla del mar. V. *abe de beiramar*.

HOUAISS: *Beira-mar*: (1) Região costeira; litoral; praia; borda-mar.

DLPC: *Beira-mar*: (1) Espaço junto ao mar; costa; litoral; praia.

ALMEIDA: *Beira-mar*: (1) Borda do mar; litoral; costa; praia.

AURÉLIO: *Beira-mar*: (1) A costa marítima; o litoral; a praia.

BROZA

ESTUDOS: Fernández Rei (2003: 303).

⁵⁴ Este *alladoso* é definido polo propio E. Rodríguez do seguinte xeito: 'Llaman así nuestros pescadores al fondo del mar que abunda en piedras, rocas y peñas, y donde lanzan con precaución sus redes, a la *beirada*, dejando el aparejo señalado con *bourees* en la superficie para evitar desperfectos y percances'.

⁵⁵ A *beiramar* pode ser tanto a parte de terra inmediatamente a carón do mar ou, nun sentido máis amplo, a zona próxima á costa en xeral.

ESPUMIÑA

RECOLLIDO EN: A Guarda ('Espuma amarela que queda na zona ata onde subiu a maré').

LIMBADA

RECOLLIDO EN: A Guarda ('Marca de algas e basura onde chegou a maré').

LINGUA DA MAREA

RECOLLIDO EN: Burela (*Lengua de marea*: 'Marca de hasta onde chegou a marea alta').

MALLANTE / MALLENTE

RECOLLIDO EN: Cambados (*Mallente*: 'Marca do mar na area').

OBRAS DE REFERENCIA: (*mallante*) M. Antonio (1928), (*mallante*) A. Nerium (2003)⁵⁶.

OBRAS EN TILGA: (*mallante*) A. González López (*Era un son de buguina* - 1998)

ESTUDOS: (*mallante* e *mallente*) Fernández Rei (2003: 303): '*Mallante* é o lugar "onde malla e bate o mar, e nótase na porquería que deixa na praia". [...] En Cambados úsase a variante *mallente*'.

GRAN XERAIS: (1) Liña formada na praia por xebra e restroballos do mar que marcan o punto ata o que subiu a marea. (2) Punto máis alto ó que chega a marea.

ESTRAVIZ: (1) Linha de pequenos resíduos que fica na praia ao baixar a maré e indica até onde chegou a água.

IR INDO: (1) Liña formada na praia por resíduos do mar que indican o punto máis alto ata onde chegou a marea.

DdD: J.M. Pintos Villar (1865): (1) La línea de broza que forma el mar en la ribera, que indica hasta donde llegó la creciente. X. L. Franco Grande (1972): (1) Línea de breza o pequeños resíduos que queda en las playas y al bajar la marea indica hasta donde llegó la pleamar. L. Carré Alvarrellos (1979): (1) Línea de broza o pequeños resíduos que queda en las playas al bajar la marea, e indica hasta donde llegó la pleamar.

ORELA / OURELA

OBRAS DE REFERENCIA: (*ourela*) A. Nerium (2003).

⁵⁶ A. Nerium tamén recolle o termo *crebas*, 'restos dun naufraxio ou da carga dos barcos que o mal tempo guinda ao mar e que chegan á praia'.

GRAN XERAIS: (1) Franxa de terra que está mesmo ao lado do mar; beiramar, ribeira. (2) Zona inmediata a un río ou a un mar; beira, ribeira.

ESTRAVIZ: (1) Margem, beira.

IR INDO: (1) Beira dunha cousa que constitúe o límite con outra, principalmente a marxe de terra que está en contacto coa auga do mar ou dun río.

SÉCULO 21: (1) Parte ou zona no límite de algo, especialmente a franxa de terra en contacto coa auga.

DdD: X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Orilla. L. Carré Alvarellos (1928-1931): (1) Orilla. J. Ibáñez Fernández (1950): Orilla (beira). E. Rodríguez González (1958-1961): *Orela*: (1) Orilla, límite, término de una superficie. (2) Beira. X. L. Franco Grande (1972): *Orela*: (1) Orilla. (2) Veira.

HOUAISS: (1) Borda; margem; beira.

DLPC: (1) Margem, beira de um rio, de um lago, de um mar...; borda; orla.

ALMEIDA: (1) Margem; beira.

AURÉLIO: (3) Margem; beira; costa.

RODO DO MAR

RECOLLIDO EN: Fisterra ('Marca de alghas e outras cousas que deixa a marea alta na praia').

ROTA

RECOLLIDO EN: Burela ('Ola cando chega á praia'). Miño ('Ola grande'⁵⁷).

SECA (SECANTE)⁵⁸

RECOLLIDO EN: Cariño (*Secante*: 'Marea baixa'). Cambados (*Seca*: 'Marea baixa' e 'Parte que queda á vista cando baixa a marea').

ESTUDOS: (*seca* e *secante*) Fernández Rei (1999: 114).

GRAN XERAIS: (4) Período de tempo no que baixa o refluxo da marea e deixa descubertos os areais; baixa, baixamar, marea baixa. (5) Parte

⁵⁷ No caso de Miño, non se trata de ondas que rompen no areal, senón no propio mar.

⁵⁸ Como veremos, o termo *seca* indica tanto o período de tempo que dura a baixamar como o espazo que queda ao descuberto durante este fenómeno. Só C. García González recolle a variante *secante*, que atopamos en Cariño, pero para definir a 'baixamar', non a zona que queda ao descuberto durante o tempo que dura.

dos areiais que queda descuberta nas mareas baixas. Loc. *Andar á seca*: mariscar calquera especie que se colla en baixamar.

ESTRAVIZ: (4) Parte de terreno baixo da costa que fica seca na baixamar, mas que se inunda ao subir a maré. (5) Baixa-mar.

IR INDO: (3) XEOG. Parte dun areal que queda descuberta na marea baixa.

SÉCULO 21: (1) Parte dunha praia ou areal que queda ao descuberto, seca, cando baixa a marea.

DdD: J. Cuveiro Piñol (1876): (1) La parte de playa que en baja mar queda en seco. X. Filgueira Valverde et alii (1926): (1) Sequía, sequedad. Parte de playa que queda en seco en la bajamar. E. Rodríguez González (1958-1961): (3) Marisma, parte de una playa que queda en seco o totalmente descubierta en las mareas bajas. L. Carré Alvarellós (1979): (2) Marisma, terreno bajo que se inunda al subir la marea en las rías; pero que al bajar aquélla queda en seco. C. García González (1985): (2) (O Grove), secante (Cariño) bajamar. (3) *ir á seca* (Escarabote-Boiro, O Grove) ir a mariscar; V. *escurallos da seca*. C. García González (1985): Secante: V. seca.

6. Conclusións

A riqueza léxica procedente do mundo mariñeiro queda fóra de toda dúbida. Os termos xorden debaixo de cada pedra, no embate de cada onda, coa chegada de cada marea. Só para a liña de cunchas, algas e restroballos que indica o punto que alcanzou a preamar atopamos, ademais da importación de *broza* desde o mundo agrario e da *mallante* manuelantoniana (coa súa variante *mallente*), os sinónimos *lingua de marea*, *rodo do mar e limbada* (amén doutras como *marca da marea* ou *rastro da marea* que, polo seu escaso valor lexicográfico, non se contemplan aquí).

Nunha actividade na que a xente arrisca a vida cada vez que sobe a un barco, a precisión nos termos relacionados co seu labor ten un valor que vai máis alá do lingüístico: ter un nome para cada pequeno cambio no estado do mar, na forza do vento ou na intensidade da chuvia é o único xeito de dominar unha natureza que aínda hoxe segue cobrando o seu periódico tributo de vidas.

A dificultade radica en que esta riqueza é tal que, se en cada zona do litoral se xerou un abano inabrangüible de termos para cada realidade relacionada co labor pesqueiro, axiña descubrimos que en canto nos desprazamos minimamente (ás veces só desde unha vila á do lado), o léxico varía de xeito notable, mediante a substitución de vocábulos ou, o que aínda complica máis a sistematización, cun uso distinto para os mesmos termos que recolleramos anteriormente. Se a variedade é elevada nos elementos máis concretos ou físicos (ferramentas, aparellos, embarcacións...), esta diversidade medra ao referírmonos a conceptos de carácter intanxible, coma os ventos, o estado do mar ou, como o caso que nos ocupa, as ondas e as mareas.

Cando no mundo do mar se fala do *abalo*, podemos estar referíndonos ao movemento de subida da marea ou a unha técnica para a captura do peixe mediante a axitación do mar. A *baldrascada* fai mención tanto a unha certa axitación do mar como a un pequeno golpe de mar. Un *salseiro* o mesmo é un golpe de mar non moi forte que a espuma que se levanta das ondas ao bateren na proa. A *mareta* define unha onda pequena ou unha leve marusía. E a propia *marusía* pode ser unha marea viva ou unha onda grande, ao igual que a *mareira*.

Ás veces, esta diferenza nas acepcións chega ao punto de definir conceptos opostos, como sucede con (*d*)*escabezar*, *punta* (*de auga*), *repuntar* ou *volta de auga*, que o mesmo valen para o momento no que comeza a subir a marea como para o intre no que comeza a baixar. Pero dentro deste mar de palabras (e como non podía ser menos), o mariñeiro sabe navegar con soltura, e os homes con certa experiencia coñecen perfectamente o nome que se lles dá noutras zonas a aquilo para o que eles tamén teñen unha denominación de seu.

Pero esta riqueza inmensa corre risco de desaparecer, e ademais a moi curto prazo. Nos desprazamentos a diferentes puntos da costa tivemos ocasión de falar con persoas menores de 50 anos, nadas en cada un dos puntos visitados e dedicados dun ou doutro xeito a profesións relacionadas coa actividade do mar. E sorprende ver como os propios veciños do lugar descoñecen o significado de termos que mariñeiros 15 ou 20 anos máis

vellos manexan con total naturalidade, o que permite inferir que entre esas dúas xeracións se produciu unha ruptura que pon en perigo a conservación deste léxico patrimonial.

A fala dos mariñeiros máis novos esta inzada de castelanismos (*ola, pleamar, bajamar, remolino, rompiente, orilla, playa, arenal...*) ou termos xenéricos que xa non representan o léxico do lugar, senón o oficial ou o estándar (*estela, resaca, rocha, golpe de mar...*), e os matices propios de cada zona afloran só logo de insistir arredor dun concepto ou un aspecto concreto.

E os dicionarios tampouco axudan neste labor: malia esta riqueza, a presenza do léxico mariñeiro nos dicionarios galegos é moito menor cá de termos procedentes do mundo agrario. Aínda que neste traballo esteamos traballando sobre unha realidade acoutada (as mareas), cremos que se pode extrapolar o resultado ao ámbito mariñeiro en xeral.

Deste modo, só as palabras de carácter moi xeral aparecen plenamente recollidas nos dicionarios galegos; son aquelas que nin sequera incluimos nas táboas comparativas, porque coinciden plenamente na súa definición en todas as zonas visitadas, o que a bo seguro facilitou a súa presenza nos dicionarios. Referímonos a casos como *beira, costa, marea, onda, praia* ou *ribeira*, que non teñen dificultade na súa interpretación.

Tamén os dicionarios galegos recollen outro grupo de palabras procedente do mundo do mar, e con menor grao de uso cás que acabamos de ver. Son termos como *goldría, mallante* ou *ronsel*, cuxa presenza hai que atribuíla a un motivo diferente: o seu emprego por parte dalgún escritor de referencia, como Manuel Antonio, Bernardino Graña, Ramón Cabanillas e, máis recentemente, Alexandre Nerium, Xosé L. Méndez Ferrín ou Víctor Fernández Freixanes.

Outro fenómeno facilmente constatable á vista dos datos recollidos é a similitude que se observa nas definicións que ofrecen os distintos dicionarios, mesmo en termos que poderían dar pé a interpretacións máis diverxentes. Principalmente tras a aparición da compilación de Eladio Rodríguez, hai palabras deste ámbito (podemos citar os casos de *rebaleira, rodopío* ou *xerfa*) que se manteñen case sen modificacións de dicionario a dicionario.

Unha dificultade engadida á hora de incorporar as palabras do léxico mariñeiro aos dicionarios é a existencia de moitas variables para un mesmo termo. Así, segundo a zona visitada (e botando man tamén de traballos anteriores) recollemos, entre outros, os pares *andada/ondada*, *andisía/andusía*, *devalar/desvalar* (e tamén *dovalar*) *feila/foula*, *mareta/vareta*, *ronsel/rosel* (e tamén *rasel*) ou *socheo/suchoe*, o que obriga a decidir cal delas é a que debe figurar no dicionario ou, en casos excepcionais (se é que se recollen ambas as formas), elixir unha como principal e a outra como unha variante que nos remite a aquela.

E un exemplo claro da escasa penetración dos termos do mundo costeiro na lingua estandarizada é a dificultade que temos para atopar palabras deste ámbito que sufriran unha ampliación semántica consolidada desde o seu sentido literal a outro figurado. Para entendelo mellor, vexamos algúns casos do mundo agrario, onde este proceso si se deu de forma máis intensa: por exemplo, o sentido literal de *pexa* ('corda ou cadea que traba as pernas dun animal para limitar os seus movementos') pasou a significar, por extensión, 'atranco' ou 'dificultade' de calquera tipo; e *escolma*, 'palla que se escolle para facer o colmo' pasou a significar 'elección' en calquera outro contexto. *Vencello*, *morea*, *inzar* ou *agromar* son algúns exemplos máis deste proceso.

Para atopar casos no ámbito que nos ocupa, hai que *peneirar* (outro termo chega desde o mundo do agro) abondo; finalmente, aparecen algúns: *escollo* ('dificultade'), *vagalondada* ('fenómeno que se presenta de maneira cíclica'), *ronsel* ('consecuencias'), e o caso dubidoso de *resaca* ('malestar físico ao día seguinte dunha inxestión excesiva de alcohol'). Outros termos poden ter un uso a este nivel, pero sempre puntual ou metafórico, sen que constitúan un caso de extensión asentada do seu sentido.

En sentido contrario, son moitas as palabras que, partindo dun sentido xeral ou chegado desde outros contextos, teñen unha aplicación específica no mundo mariñeiro: *babeiro* (da baba dos meniños á espuma do mar), *broza* (da maleza do monte aos restos da mallante), *espumallo* (de orixe similar a *babeiro*), *carqueixa* (procedente do mato montesío e tamén referido á es-

cuma), *foula* (do po miúdo que se levanta ao moer a espuma que se solta dunha onda), *gancho* (da ferramenta curva -tamén empregada nos labores mariñeiros- ás ondas que rompen nelas mesmas), *ramallete* (da presa de ramas ou flores a unha onda que bate contra a embarcación)... Por regra xeral, son poucos os dicionarios que recollen este uso específico do termo, e o habitual é limitarse a ofrecer a acepción máis ampla ou máis estendida, que poucas veces é a do mundo do mar.

Partiamos da hipótese de que talvez se puidera establecer un paralelismo entre os termos galegos e os portugueses neste ámbito das mareas e os fenómenos a ela aparelados. Non sabemos o que acontecería de podermos establecer esta comparación a partir de datos recollidos mediante o traballo de campo, pero limitándonos ao que os dicionarios nos ofrecen, podemos concluír que as correspondencias son mínimas, e case sempre referidas a aqueles termos de uso máis común citados máis arriba.

No máis dun cento de vocábulos recollidos na táboa, as equivalencias son mínimas, mesmo nos termos patrimoniais recollidos na Guarda, a carón da portuguesa Caminha. E os dicionarios consultados só recollen os seguintes termos (coas correspondentes adaptacións aos usos da lingua portuguesa): *babugem*, *beirada*, *beira-mar*, *fluxo* (e *refluxo*), *maresia*, *mareta*, *ola*, *ressaca*, *orela* e *vaga* (e *vagalhão*). Non parecen coincidencias abondo como para establecer unha pauta, o cal tampouco é de estrañar logo de comprobar as diverxencias que xa se poden apreciar entre as diferentes zonas costeiras de Galicia.

7. Bibliografía

DICIONARIOS DE GALEGO

- Estraviz = ALONSO ESTRIVIZ, A. (coord.) (2008): *Diccionario Electrónico Estraviz* [[http:// www.estraviz.org](http://www.estraviz.org)].
- Gran Xerais = CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.) (2009²): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- Ir Indo = VV.AA. (2008): *Dicionario de galego*. Vigo: Ir Indo [<http://www.Ir Indo.com>].

- *Século 21* = PENA, X. A. (dir.) (2005): *Gran Dicionario Século 21 da Lingua Galega*. Pontevedra: Do Cumio.

OUTROS TRABALLOS LEXICOGRAFICOS DO GALEGO

- *DdD* = SANTAMARINA, A. (coord.) (2006-09): *Dicionario de dicionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (ILGA). [Versión para web de Xavier Gómez Guinovart: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- *TILGa* = SANTAMARINA, A. (coord.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILGa)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (ILGA). [Versión en liña: <http://www.ti.usc.es/TILG/index.asp>].

DICIONARIOS DE LINGUA ESPAÑOLA

- *DRAE* = VV.AA. (1994²¹): *Diccionario de la Lengua Española*, Madrid: Real Academia Española.

DICIONARIOS DE LINGUA PORTUGUESA

- *Almeida* = ALMEIDA COSTA, J. e A. SAMPAIO E MELO (coords.) (1998⁸) *Dicionário da língua portuguesa*. Porto, Porto Editora.
- *Aurélio* = BUARQUE DE HOLANDA FERREIRA, A. (coord.) (1986²): *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro, Nova Fronteira.
- *DLPC* = MALACA CASTELEIRO, J. (coord.) (2001): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*. Lisboa, Verbo.
- *Houaiss* = HOUAISS, A. ET ALII (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro, Instituto Antônio Houaiss de Lexicografia.

OBRAS DE REFERENCIA

- ANTONIO, M. (1990): *De catro a catro e outros textos* [glosario]. Ed. de Manuel Raña Lama. Vigo: Xerais.
- GRAÑA, B. (1966): *Profecía do mar* [glosario]. Vigo: Galaxia.
- NERIUM, A. (2003): *Vogar de couse*. A Coruña: Espiral Maior. [Glosario a partir do traballo de Susana M^a Vázquez Recarey: *As rutías de Fisterra: Vocabulario de Vogar de couse*].

ESTUDOS SOBRE O LÉXICO MARIÑEIRO

- FERNÁNDEZ REL, F. (1999): "Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar de Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria". Discurso de entrada na RAG, 25-9-1999. A Coruña: RAG. [capítulo 2.4.: *Encher e devalar, preamar e baixamar*].
- FERNÁNDEZ REL, F. (2003): *Moita costa, 'pouco' mar: o léxico mariñeiro e a construción do estándar galego*. En M. Álvarez de la Granja e E. González Seoane (eds.): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 285-347.
- FERNÁNDEZ REL, F. (2004): *Andisías e rutías: mar de mar e mar de vento na Arousa e na Costa da Morte*. En *Ardentía*, 1: 49-53.
- RÍOS PANISSE, M.C. (1974): "Vida mariñeira de Sada. Contribución para un estudio lingüístico", *Verba* 1, 181-232. Santiago de Compostela: Universidade.

ANEXO D. ÍNDICE DE TERMOS

Abalar	Crocas de marzo
Abalo	Chacote
Agostinas	Charpazo
Aguación	Chiparrazo
Aguillón	Choupar
Alombar	De bote en bote
Andada - Ondada	Descabezar - Escabezar
Andisía - Andusía	Desfacerse o mar
Augaxe	De(s)valar - Dovalar
Arrufo	Devalo (De/ovalante)
Auga da chea	Embate
Auga ó mar	Enchente
Augas mortas	Encher o mar / a marea
Babaxe	Escanga
Babeiro	Escoar
Babexiña	Escollo
Babuña - Babuxa	Escumallo - Espumallo
Baixa - Vaza	Espumiña
Baixar / Vazar o mar	Facer bocareu
Baixío	Facer ovellas
Baixo	Facer sombreiro
Balaxe	Farallón
Baldrasco (Baldrascada)	Feila - Foula
Beirada	Fieiro
Beiramar	Fío de auga
Blonco	Flor do mar
Botarse o mar	Fluxo
Bovella - Movella	Gancho
Broza	Goldría
Cachoar - Escachoar	Golpe de mar
Cachón - Escachón	Ir a máis a marea
Camouco	Ir a menos a marea
Carqueixa	Lagarteiras - Lagartiñas
Cerveza	Lavacán
Con	Limbada
Corrección	Lingua de marea
Correntar a auga	Lombo de mar
Crebas	Mallante - Mallente

Mar baixo
 Mar cheo / chea
 Mar en gota
 Mar en seco
 Marajada
 Marcelinas
 Maré
 Marea baixante
 Marea baldeira
 Marea crebada
 Marea crescente
 Marea curta
 Marea chea
 Marea de Carnaval
 Marea de Defuntos
 Marea de Semana Santa
 Marea devalada
 Marea do lagar
 Marea enchente
 Marea entrante
 Marea escorrida
 Marea gorda
 Marea grande
 Marea libre
 Marea minguante
 Marea morta
 Marea parada
 Marea pequena
 Marea podre
 Marea saínte
 Marea seca
 Marea subida
 Marea subinte
 Marea viva
 Mareira
 Mareta - Vareta
 Marusía
 Ola

Orela - Ourela
 Pantocazo
 Penedo
 Petón
 Praiamar
 Punta de auga - Punta/e
 Quebranto
 Quedarse a marea
 Ramallete
 Rasel - Ronsel - Rosel
 Rebaleira (Rebalaxe)
 Recuxía
 Refluxo
 Relleiro - Rilleiro
 Remuíño
 Repouso da marea
 Repuntar (Repunta/e)
 Resaca
 Rochedo
 Rodo do mar
 Rodopío
 Rompente
 Roncallo
 Rota
 Salseiro
 Seca (Secante)
 Serfa / Xerfa
 Socheo - Sucheo
 Subir o mar
 Tombo
 Tona do mar
 Traballar o mar
 Vaga - Voga de mar
 Vagada
 Vagallón
 Vir o mar
 Volta de marea
 Xurro

DENOMINACIÓNS GALEGAS PARA ALGUNHAS FROITAS

MARTA DUYOS MÍGUEZ
MARÍA JESÚS PAZ LEMA
SANDRA ROMARÍS HORTAS
INÉS VEIGA MATEOS

Servizo de Terminoloxía Galega (TERMIGAL)

RESUMO

Aos nosos comercios chegan cada vez máis froitas procedentes do mercado exterior para as que non existían denominacións en galego. Este traballo intenta dar resposta á adaptación dalgúns destes estranxeirismos na nosa lingua, e supón o comezo dunha serie de notas nas que se abordarán esta e outras temáticas.

ABSTRACT

The lack of designations in Galician language for fruits coming from foreign markets is clearly significant. In this paper we deal with the task of adapting the foreign names of some of these fruits to our language. This contribution is the beginning of a series of notes focusing on terminology issues.

PALABRAS CHAVE

froitas, denominación, estranxeirismos, adaptación, terminoloxía

KEY WORDS

fruits, designation, foreign words, adaptation, terminology

Esta nota terminolóxica ten por obxecto difundir as denominacións galegas que propón o Servizo Galego de Terminoloxía (TERMIGAL) para certas froitas que aínda non contan con presenza nos dicionarios normativos do galego.

Hoxe en día podemos atopar nos establecementos comerciais unha gran variedade de froitas procedentes de todo o mundo, antes descoñecidas para nós, pero que co tempo se foron introducindo no mercado e gañando un lugar na cesta da compra dos galegos. A denominación que reciben estas froitas procede en moitos casos de linguas afastadas do galego, e chéganos principalmente a través do español. Ao servizo de consultas de TERMIGAL chegan adoito preguntas relacionadas con esta realidade que presenta un baleiro denominativo na lingua galega, e por iso consideramos conveniente dar a coñecer as nosas propostas para cubrir esta necesidade sentida polos usuarios, e tamén para tratar de difundir unha terminoloxía estandarizada na nosa lingua.

En primeiro lugar, presentamos as denominacións recomendadas por TERMIGAL, seguidas da definición e os nomes que recibe este concepto en diferentes linguas romances (español, portugués, catalán, francés, italiano) e mais no inglés. A continuación, incluímos información de diversa índole que pode ter relevancia para a escolla denominativa, como a súa procedencia, alternativas de nomenclatura, confusión con outras especies e outro tipo de datos complementarios. Finalmente, expoñemos brevemente os argumentos que xustifican a escolla realizada.

ALQUEQUENXE

Froito de *Physalis alkekengi*, da familia das solanáceas, de cor alaranxada ou vermella, do tamaño dunha cereixa e recuberto por un cáliz que se incha formando unha especie de vexiga.

Español	alquequenje
Portugués	alquequenje, alquequenque
Catalán	alquequengi, alicàcabi
Francés	alkékenge, amour en cage, cerise d'hiver, lanterne chinoise, lanterne japonaise
Italiano	alchechengi, alcachengi
Inglés	alkakengi, alkekengi, Chinese lantern, winter cherry

A súa procedencia é moi discutida, xa que uns consideran que este froito é orixinario de América do Sur e outros defenden que procede de Asia. En Europa introduciuse a partir do descubrimento de América e cara a mediados do s. XVI xa se vendía nos mercados a planta e mais o froito, moi estimado e empregado fundamentalmente con fins decorativos. Na actualidade cultívase, sobre todo, en África do Sur, Colombia, Perú e España, en particular na provincia de Huelva, aínda que tamén o podemos atopar en Galicia e no resto do norte peninsular.

Esta froita préstase a certa confusión, por existiren distintas especies do mesmo xénero. Isto fai que se lle chame "alquequenxe" a calquera variedade de *Physalis*. Tendo en conta as solucións denominativas adoptadas polas demais linguas romances e, despois de analizar as variedades comerciais, consideramos conveniente guiarnos polo nome científico. Así, para *Physalis alkekengi* propoñemos "alquequenxe" e para *Physalis peruviana* "alquequenxe de Perú" ou "alquequenxe peruano".

CHIRIMOIA

Froito de *Annona cherimola*, orixinario de América do Sur, da familia das anonáceas, de forma cónica ou cordiforme, de pel verde e cunhas marcas en forma de escamas, polpa carnosa, branca e aromática e con sementes negras, que posúe un sabor doce.

Español	chirimoya
Portugués	cherimólia, anona
Catalán	xirimoia
Francés	chérimole
Italiano	cherimoya
Inglés	cherimoya, chirimoya

Esta froita é cada vez máis popular en España e Portugal, e de feito existen denominacións de orixe en Granada e Madeira. O problema deste termo reside en que hai unha gran variedade de especies adscritas ao xénero *Annona* (arredor de 2100) e na utilización do mesmo nome común para moitas delas. Así, vemos que no español se lles atribúe a forma "chirimoya" a dife-

rentes especies, entre elas, *Annona cherimola*, *Annona squamosa* ou *Annona scleroderma*.

A tendencia xeral nas linguas romances é a de utilizar o nome da especie para denominar este froito, con maior ou menor adaptación gráfica, aínda que nalgún caso, coma o portugués, esta forma convive co nome do xénero. Propoñemos a forma "chirimoia" que aparece documentada xa en varios dicionarios de galego e é a que está máis en consonancia coa etimoloxía: *quechua* *chiri* 'frío, fría' e *muya* 'sementes'.

GUAIABA

Froito de *Psidium guajava*, da familia das mirtáceas, orixinaria das zonas tropicais de América, Asia e Oceanía, de forma arredondada ou piri-forme segundo as variedades, de pel verde amarelada e polpa rosada de sabor doce.

Español	guayaba
Portugués	goiaba, guaiava, guaiaba
Catalán	guaiaba
Francés	goyave
Italiano	guaiava, guava
Inglés	guava

A orixe da denominación que recibe esta especie é bastante incerta; de feito, hai discrepancia nos dicionarios das diferentes linguas, xa que non se coñece con certeza se este termo provén dalgunha lingua da familia arauaca ou da caribe. No que si parecen coincidir estas fontes é en destacar que foron os descubridores españois quen deron a coñecer esta froita coa denominación "guayaba".

A maioría das linguas romances adoptou este nome procedente do español, adaptándoo graficamente á súa fonética. En cambio, no caso do portugués, este préstamo experimentou diversas variacións desde a súa introdución a mediados do século XVI, evolucionando de "guayaba" a "goiaba", forma que se consolidou no portugués de Portugal e que no do Brasil convive coas variantes "guaiava" e "guaiaba".

Aínda que algún dicionario propón a solución “goiaba”, nós propoñemos a forma “guaiaba”, consonte o resto das linguas románicas, tendo en conta que en todas elas é un préstamo do español.

KIWI AMARELO

Froito dalgúns cultivares de *Actinidia chinensis*, da familia das actinidiáceas, de forma ovoide, coa pel lisa de cor marrón e polpa amarela, co corazón branco e numerosas pebidas negras ou avermelladas, que posúe un sabor moi doce.

Español	kiwi amarillo, kiwi dorado, kiwi Gold
Portugués	kiwi Gold, kiwi amarelo
Catalán	kiwi Gold, kiwi groc
Francés	kiwi jaune, kiwi Gold
Italiano	kiwi a polpa gialla, kiwi giallo
Inglés	gold kiwi, yellow kiwi, golden kiwifruit, golden kiwi

En Galicia prodúcese aproximadamente o sesenta por cento dos kiwis (*Actinidia deliciosa*) comercializados en España, polo que non sorprende que sexa aquí onde máis se innove coas variedades desta planta. Recentemente, introducíronse no mercado froitos de polpa amarela procedentes de cultivares específicos de *Actinidia chinensis*, todos eles rexistrados por empresas e explotados baixo diversas marcas, das que Zespri Gold (cultivar Hort16A) é a que conta con maior presenza no mercado.

Para evitar os problemas que causa a utilización de nomes comerciais, recomendamos empregar unha denominación xenérica que englobe todos estes cultivares, con independencia de que se poida facer mención aos nomes rexistrados para referirse a un en concreto. Para establecer esta denominación xenérica manexamos diversas alternativas, todas elas unidades sintagmáticas con referencias explícitas á cor diferenciada destas froitas (“kiwi de polpa amarela”, “kiwi amarelo” ou “kiwi dorado”). Delas, a máis utilizada é “kiwi amarelo”, denominación que recomendamos e na que o adxectivo “amarelo” non fai referencia á cor da pel, senón á da polpa.

KIWIÑO

Froito de *Actinidia arguta*, da familia das actinidiáceas, orixinario de Asia oriental, de forma ovoide e pequeno tamaño, coa pel lisa de cor verde ou avermellada e polpa verde con corazón branco e numerosas pebidas, que posúe un sabor doce.

Español	kiwiño, baby kiwi
Portugués	mini-kiwi, baby kiwi
Catalán	minikiwi
Francés	kiwai, kiwi de Sibérie, kiwi d'été
Italiano	baby kiwi, mini-kiwi
Inglés	kiwai, kiwi berry, hardy kiwi, hardy kiwifruit, baby kiwi

A planta que dá este froito foi introducida en Galicia pola Estación Fitopatolóxica do Areeiro para analizar as súas posibilidades de adaptación e rendemento nos solos galegos. A pesar da escasa presenza desta froita no mercado, a planta é moi demandada polas súas propiedades ornamentais, o que deu lugar á aparición de viveiros especializados nesta especie. En 1996 este centro pontevedrés publicou os resultados do seu estudo, onde utilizou por primeira vez a designación “kiwiño” para referirse a esta planta (dadas as similitudes que garda o seu froito co “kiwi”), que posteriormente foi rexistrada por outra sociedade. A pesar da orixe asiática da planta, o nome “kiwiño” traspasou as nosas fronteiras, e chegou a convivir nalgúns casos coas adaptacións utilizadas noutras linguas.

Este derivado xa aparece documentado nalgún dicionario galego. Debido á rápida popularización desta denominación, propoñemos adoptala sen reservas, recomendando a súa utilización para designar tanto a planta como a froita.

LICHI

Froito de *Litchi chinensis*, da familia das sapindáceas, orixinario da China, coa pel vermella e rugosa cuxa polpa é comestible, de cor branca e moi doce.

Español	lichi, litchi, litchí, lichí
Portugués	lechia, lichi, lichia, litchi
Catalán	litxi
Francés	letchi, litchi
Italiano	litchi, prugna cinese
Inglés	lychee, litchi, lichee, lychee nut

Todas as linguas coinciden en denominar este froito polo nome que recibe o xénero, que é a forma latinizada do seu nome en chinés. Para o galego, seguindo a mesma tendencia doutras linguas, propoñemos adaptar o nome científico á nosa fonética, coa eliminación do <t> no grupo consonántico <tch>, inexistente na fonotáctica da nosa lingua.

En canto á acentuación, obsérvase nalgúñas linguas vacilación entre a forma oxítone e a paroxítone. Para o galego recoméndase esta última, que está en consonancia coa acentuación seguida tamén polo castelán, catalán ou o italiano.

MARACUXÁ, FROITA DA PAIXÓN

Froito de *Passiflora*, principalmente de *Passiflora edulis*, da familia das pasifloráceas, orixinario das áreas subtropicais de América, de forma ovoide, con pel grosa de cor amarela ou púrpura, segundo as variedades, e polpa comestible de sabor agri doce e moi zumarenta.

Español	maracuyá, fruta de la pasión, granadilla
Portugués	maracujá, maracuiá, maracujá, fruta da Paixão
Catalán	maracujà, fruita de la passió
Francés	maracuya, maracuja, fruit de la Passion, fruit de la passion
Italiano	maracujá, frutto della passione
Inglés	passion fruit, passion-fruit, Passion fruit, passionfruit, maracuya

A presenza desta froita nos nosos mercados é cada vez máis habitual, e o seu consumo tamén aumenta, pero aínda existe moita confusión cos nomes dos froitos que nos ofrece a súa planta, a pasiflora, da que existen máis de 500 variedades.

Os consumidores atópanse a miúdo co problema de que nun establecemento lles ofrecen unha variedade determinada cun nome distinto ao que coñecen ou que asocian a outra realidade. Por exemplo: hai quen utiliza os termos “maracuxá” e “froita da paixón” indistintamente ou á vez para designar unha mesma froita ou calquera da familia, e hai quen os utiliza para distinguir dúas froitas, que son diferentes na súa aparencia. E aquí é onde comeza a confusión. Son a mesma froita? Son distintas? Cal é o maracuxá? Cal é a froita da paixón?

En realidade todos os froitos da *Passiflora*, e neste caso concreto da *Passiflora edulis*, poden denominarse “froita da paixón”, agás no portugués onde o termo xenérico é “maracujá”, pero utilizar un único nome para todas as variedades ocasiona moitos problemas á hora de identificalas, xa que todas elas difiren en sabor, aroma e aparencia. Para denominar as diversas variedades de *Passiflora edulis* é preferible recorrer a unidades sintagmáticas nas que xunto ao nome xenérico do froito apareza un adxectivo cualificativo que o distinga das demais, facendo referencia á cor, ao tamaño ou a calquera outra característica.

Deste xeito, para a denominación xenérica (*Passiflora spp.*) escollemos como preferente o termo orixinario “maracuxá”, e deixamos como segunda opción “froita da paixón”, que é a escolla maioritaria nas restantes linguas.

Da *Passiflora edulis* só destacamos dúas formas, por seren as máis coñecidas e consumidas: o “maracuxá morado” (*Passiflora edulis f. edulis*), que se caracteriza por ter a pel rugosa e de cor morada, e o “maracuxá amarelo” (*Passiflora edulis f. flavicarpa*), que é máis grande e menos redondo, de cor amarela verdosa e con sabor máis doce.

Latín	<i>Passiflora edulis f. edulis</i>	<i>Passiflora edulis f. flavicarpa</i>
Galego	maracuxá morado	maracuxá amarelo
Español	maracuyá púrpura	maracuyá amarillo
	maracuyá morado	fruta de la pasión amarilla
	fruta de la pasión morada	granadilla púrpura
Portugués	maracujá-roxo	maracujá-amarelo
	maracujá-mirim	maracujá-azêdo
Francés	grenadille pourpre	grenadille jaune

	grenadille rouge	
Inglés	purple passion fruit	golden passionfruit
	purple passionfruit	yellow passion fruit
	purple granadilla	yellow passionfruit
	yellow granadilla	

PARAGUAIO

Variedade de melocotón (*Prunus persica* var. *compressa*), da familia das rosáceas, de forma achatada, pel aveludada de cor verde amarelada e carne branda e doce, adherida á carabuña.

Español	paraguaya, paraguay, melocotón chino, melocotón chato
Portugués	pêssego chinês, pêssego chato
Catalán	préssec xato, préssec xinès, préssec tomata
Francés	pêche plate, pêche plate de Chine
Italiano	pesca piatta, pesca platicarpa
Inglés	flat peach, donut peach

Esta froita parece cultivarse principalmente en España, de aí que sexa o español a única lingua que non recorra a unidades sintagmáticas para a súa denominación. Nas demais linguas utilízase a palabra base “melocotón” seguida dalgunha referencia explícita a algunha característica, como a súa orixe (da China), a súa forma (plano, achatado, chato) ou o seu nome científico (“platicarpa”, xa que anteriormente se identificaba como *Persica platycarpa*).

Recomendamos utilizar a denominación “paraguaio”, por ser a máis estendida no noso territorio e contar xa con certa tradición na nosa lingua, mesmo nas obras escritas de carácter especializado.

RAMBUTÁN

Froito de *Nephelium lappaceum*, da familia das sapindáceas, orixinario de Malaisia, de forma ovalada, con pel de cor vermella recuberta de espiñas brandas e longas e polpa branca de sabor agridoce.

Español	nefelio, rambután
Portugués	rambutã, rambotã, rambutão
Catalán	rambutá
Francés	ramboutan, litchi chevelu
Italiano	rambután
Inglés	rambutan

Este froito toma o seu nome da palabra malaia “rambut” que significa “pelo”, xa que está recuberto dunha especie de espiñas longas e suaves. Pertence á mesma familia ca o “lichi” (sapiñáceas), de aí que nalgunhas linguas, como é o caso do francés, se coñeza tamén polo nome de “lichi peludo”.

Como podemos observar, todas as linguas optan por adaptar a forma malaia orixinal (“rambután”), aínda que esta denominación coexiste, no caso do francés, cunha unidade sintagmática que alude á presenza de pelos na súa pel (“lichi chevelu”) ou, no caso do español, que emprega algún elemento do nome científico (“nefelio”).

A proposta que facemos para a denominación desta froita en galego é a de utilizar a forma de base malaia “rambután”, seguindo a mesma opción que triunfou no español, portugués, catalán, italiano e inglés, e coñecida tamén no francés.

Bibliografía

- Benavente Jareño, Pedro (1995): *Guía da alimentación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Cabaleiro Carro, Xandra (coord.) (2008): *Diccionario ilustrado do comercio* [en liña]. Santiago de Compostela: Federación Galega de Comercio.
- <<http://www.comerciogalicia.com/diccionario/index.php>>
[Consulta: 20/09/2010]
- Carballeira Anllo, Xosé M. (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

- Castroviejo Bolibar, Santiago (coord.) (2010): *Flora iberica* [en liña]. Madrid: Real Jardín Botánico / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
<<http://www.floraiberica.org/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Center for New Crops & Plant Products (2010): New Crop Resource Online Program (NewCROP) [en liña]. Indiana: Purdue University.
<http://www.hort.purdue.edu/newcrop/Indices/index_ab.html> [Consulta: 20/09/2010]
- Corominas, Joan; Pascual, José A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Dalmolin, A.; Melo, Gabriel A. R.; Varassin, Isabela G. (2005): *Polinização e Polinizadores de Maracujás*.
<<http://zoo.bio.ufpr.br/polinizadores/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- Díaz Robledo, Julián (2004): *Descubre los frutos exóticos*. Madrid: Capitel / Norma.
- Freixedo Tabarés, Xosé María; Álvarez Carracedo, Fe (1985): *Diccionario de usos castellano-gallego*. Madrid: AKAL.
- García González, Constantino; González, González, Manuel (dir.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- García González, Constantino; González González, Manuel (dir.) (2004): *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- González González, Manuel; Santamarina Fernández, Antón (coord.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
<<http://www.realacademiagalega.org/volga/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Gove, Philip Babcock (ed.) (2004): *Merriam Webster Online Dictionary* [en liña]. Springfield: Merriam-Webster.

- <<http://www.merriam-webster.com/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Houaiss, Antônio; Villar, Mauro de Salles (dir.) (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- Institut d'Estudis Catalans (2007): *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana / Edicions 62. <<http://dlc.iec.cat/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Land and Water Development Division (2010): *Ecocrop* [en línia]. [s.l.]: FAO. <<http://ecocrop.fao.org/ecocrop/srv/en/home>> [Consulta: 20/09/2010]
- Ledo Cabido, Bieito (dir.) (2004): *Dicionario de galego* [en línia]. Vigo: Ir Indo. <<http://www.digalego.com/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Ledo Cabido, Bieito (dir.) (2010): *Enciclopedia Galega Universal*. Vigo: Ir Indo. <<http://www.egu.es/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Lewis, M. Paul (ed.) (2009): *Ethnologue: Languages of the World* [en línia]. Dallas (Texas): SIL International. <<http://www.ethnologue.com/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Machado, José Pedro (1995): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Mahdeem, H.: "La agricultura en Mesoamérica: Anonas (*Annona spp.*)" [en línia]. En Hernández Bermejo, J. E.; León, J. (eds.) (1992): *Cultivos marginados. Otra perspectiva de 1492*. Italia: FAO. <http://www.rlc.fao.org/es/agricultura/produ/cdrom/contenido/libro09/Cap2_5.htm> [Consulta: 20/09/2010]
- Moliner, María (1992): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.
- Office québécois de la langue française (2010): *Grand dictionnaire terminologique* [en línia]. Québec / Montréal: Office québécois de la langue française / Gouvernement du Québec. <<http://www.olf.gouv.qc.ca/ressources/gdt.html>> [Consulta: 20/09/2010]
- Real Academia Española (2010): *Diccionario de la lengua española* [en línia]. Madrid: Espasa-Calpe.

- <<http://www.rae.es/rae.html>> [Consulta: 20/09/2010]
- Rey-Debove, Josette; Rey, Alain (dir.) (1993): *Le nouveau Petit Robert: Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*. Paris: Dictionnaires Le Robert.
- Salinero Corral, M. Carmen (coord.) (2008): *Nuestro agro*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Rodríguez Río, Xusto (2009): "Viaxando desde as caixas da froita", *Un idioma preciso*. Santiago de Compostela: 2.0 Editora, pp. 212-214.
- Royal Botanic Gardens, Kew; Harvard University Herbaria; Australian National Herbarium: *International Plant Names Index (IPNI)*.
<<http://www.ipni.org/ipni/plantnamesearchpage.do>>
[Consulta: 20/09/2010]
- Seco Reymundo, Manuel; Andrés Puente, Olimpia; Ramos González, Gabino (1999): *Diccionario del español actual*. Madrid: Aguilar.
- TERMCAT, Centre de Terminologia (2010): *Cercaterm* [en liña]. Barcelona: TERMCAT, Centre de Terminologia.
<<http://www.termcat.cat/scripts/rwisapi.dll/@Termcat de v.env>> [Consulta: 20/09/2010]
- USDA; ARS; National Genetic Resources Program (2010): *Germplasm Resources Information Network -(GRIN)* [en liña]. Beltsville: National Germplasm Resources Laboratory.
<http://www.arsgrin.gov/cgi-bin/npgs/html/tax_search.pl?language=es> [Consulta: 20/09/2010]
- VV.AA. (2010): *Cambridge Dictionary Online*. Cambridge: Cambridge University Press.
<<http://dictionary.cambridge.org/>> [Consulta: 20/09/2010]
- Zingarelli, Nicola (2001): *Lo Zingarelli 2001: Vocabolario della lingua italiana*. Bologna: Zanichelli.

Joan Veny & Lúdia Pons i Grieria: *Atles Lingüístic del Domini Català*. Volum IV: 9. *El camp i els cultius*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 2008.

É unha alegría para toda a Romanística observar o dinamismo dos traballos do *Atlas Lingüístic del Domini Català*. Despois de tantos anos de espera por esta obra, o ritmo actual de publicación é realmente áxil e constante. No 2006 apareceu o terceiro volume, e no 2008 xa temos nas nosas mans o IV, dedicado ao campo e os seus cultivos, volume ben interesante para todos os lingüistas, pero apasionante para os que sentimos debilidade pola etnolingüística.

O volume consta de 200 mapas, cunha presentación formal pulcra, moi lexible, e mesmo diría que atractiva e elegante, calidades poucas veces conseguidas en atlas deste tipo en que se transcriben as respostas a cada enunciado en cada poboación enquisada. Ofrecense os datos tal cal foron recollidos, para que o usuario os utilice e interprete segundo o seu entender e interese. Non é un atlas interpretativo: ese aspecto é o que prima na outra obra complementaria desta, o *Petit Atlas Lingüístic del Domini Català*, no que os mapas se presentan con outro nivel de elaboración e ademais con comentarios etimolóxicos, motivacionais, fonéticos, semánticos etc., é dicir, ofrécesenos a información máis mastigada, e polo tanto máis accesible para o usuario non especialista. Isto non quere dicir que no atlas grande, no *ALDC*, non apareza información complementaria relevante: haina e en abundancia.

Cómpre salientar a utilización maxistral dos signos, que reúne dúas condicións que a min me semellan fundamentais neste tipo de obras: un número reducido, que os faga facilmente memorizables; e, relacionada con esta, o se referiren a información que se repite con certa frecuencia (*primeira resposta, segunda resposta, máis respostas, sen resposta, referente non coñecido, existe información complementaria, e poucos máis*). Cantas veces nos temos atopado en obras deste tipo un número inxente de signos, pouco transparentes, que fan a consulta da obra engorrosa e realmente dificultosa!. Nada disto ocorre neste atlas, en que a presentación formal da información é moi clara e moi accesible.

O volume ábrese cun "Preàmbul" de Joan Veny e Lúdia Pons, responsables da obra, no que informan sobre as características específicas deste volume. Vai seguido dunha relación de publicacións e actos

vinculados a este proxecto, onde podemos atopar información polo miúdo non só de todas as publicacións relacionadas co *ALDC*, senón tamén das recensións, notas e presentacións de que foi obxecto a obra no seu conxunto ou cada un dos seus volumes, facendo extensiva esta información tamén ao *Petit Atlas Lingüístic del Domini Català*. A continuación vén unha relación dos puntos enquisados, con dous tipos de ordenación: segundo o número que lle corresponde na rede do atlas (do 1 ao 190), e por orde alfabética do nome da localidade. Esta parte introdutoria péchase coa información sobre as convencións gráficas: signos convencionais, abreviaturas e signos fonéticos utilizados.

O núcleo fundamental do volume está integrado polos 200 mapas que constitúen un verdedeiro tesouro lingüístico, con información valiosísima en todos os planos, pero quixera salientar a enorme transcendencia que ten para o coñecemento do léxico nun ámbito tan importante coma o dos traballos da terra, que ocuparon un lugar fundamental na vida dunha gran parte da poboación ata non hai moitos anos. Outro plano no que adquire especial relevancia a información proporcionada por este Atlas é o fonético: as formas recollidas neste volume, e en xeral na totalidade da obra, forman un corpus fundamental para o estudo da fonética tanto sincrónica coma diacrónica. Dentro dos mapas, podemos distinguir dous tipos: 1. Os normais, que corresponden a un concepto que é o mesmo en todas as localidades; e 2. Os de clases, que corresponden a distintos conceptos englobados nunha clase superior. Neste último tipo de mapas, en xeral, en cada punto respéctase a orde de respostas dos informantes; e, en caso de que nun punto un concepto teña dúas ou máis respostas equivalentes, a primeira sitúase no punto do mapa que lle corresponde, e a outra figura como información complementaria, precedida do signo de equivalencia.

O capítulo III, que constitúe unha prolongación da información proporcionada polos mapas, recolle materiais non cartografados, presentados en formas de listas de tres tipos:

a) Listas correspondentes a conceptos que presentan moi poucas variantes diatópicas e que polo tanto ofrecían moi pouco xogo para seren cartografadas e estudadas desde o punto de vista da súa distribución no espazo (é o caso, por ex., de *els fems*).

b) Listas correspondentes a enunciados pouco produtivos, case sempre conceptos referidos a obxectos pouco coñecidos polos informantes (por ex., *la collera del jou*). Noutros casos correspóndense a enunciados elaborados a partir da información complementaria (por ex. *el carro de trabuc*).

c) Listas correspondentes a conceptos englobados nunha clase superior, de xeito que as respostas das diferentes localidades non son, en xeral, equivalentes. Trátase de conceptos pouco produtivos, polo que non se considerou conveniente a súa representación cartográfica (por ex., *parts de la carreta*).

Outra parte importantísima da obra, fundamental desde o punto de vista etnográfico, é o capítulo IV dedicado ás ilustracións (páxs. 235-385). A través das súas 900 ilustracións, aproximadamente, podemos ir repasando os modos de vida tradicionais referidos ao campo e ao seu cultivo. Nelas podemos atopar información visual sobre os tipos de casas rurais, sistemas de pechamento de leiras, tipos de portelas e cancelas, as ferramentas agrícolas máis comúns: eixadas, legóns, legoñas, sachos, picarañas, raños, galletas de pau e forcadás de ferro, pas, podóns, rodos, grades, cavadoras, fouciños, gadañas, pedras de afiar a gadaña, cornos para gardar as pedras de afiar, enciños, máquinas de limpar o gran, cribos e peneiras, mallos, arados, carretas, esteiras, zorras, carros, xugos, etc.

O volume péchase cuns índices de mapas e de materiais, en catro linguas (catalán, castelán, francés e italiano): índice numérico de mapas e de listas, índice alfabético de conceptos, índice de ilustracións e índice de conceptos ilustrados.

Os materiais deste volume préstanse para o estudo comparativo de moitos aspectos da cultura material entre Cataluña e Galicia. Evidentemente non é este o lugar para facelo, pero calquera usuario galego desta obra poderá decatarse da existencia de grandes semellanzas en certos aspectos e de notables diferenzas noutros. Podemos dicir que, en xeral, existe unha alta afinidade entre os apeiros de labranza nos dous territorios, e, por exemplo, axiña podemos percibir que, mentres se produce un acentuado paralelismo nos tipos de xugo, chama a atención, pola contra, a enorme diferenza que existe na tipoloxía dos carros.

Neste galano para a lingüística e a etnografía hai que salientar a claridade na presentación dos datos cartografados e a riqueza destes materiais, pero tamén a riquísima información complementaria que se nos ofrece nas marxes de cada un dos mapas.

Felicítamos o Institut d'Estudis Catalans polo empeño que está a poñer na aceleración dos traballos desta obra; pero queremos dirixir os nosos parabéns, dunha maneira especial, a Joan Veny e Lidia Pons, que nos permiten gozar destes materiais realmente ricaces, presentados e organizados coa mestría á que xa nos teñen acostumados.

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Josep R. Guzman & Joan Verdegall (eds.) (2009): *Minorized languages in Europe: state and survival*. [Brno]: Compostela Group of Universities. 515 p.

Este libro editado por Josep R. Guzman e Joan Verdegall, profesores da universidade Jaume I de Castelló, reúne 24 traballos sobre linguas minorizadas europeas, o que representa un proxecto certamente ambicioso e que vai máis aló doutras obras de características similares. O seu obxectivo declarado é explorar, reunindo información de primeira man, o estado de todas as linguas non oficiais, sen estado e minoritarias de Europa ("to gather direct information about each of the stateless languages of Europe", p. 11), aproveitando a circunstancia de ser o 2008 o ano proclamado polas Nacións Unidas como Ano Internacional das Linguas.

É ese un obxectivo certamente ambicioso, que os editores dan por conseguido na páxina seguinte: "We could collect information about all the minority languages spoken around Europe, but not about all the dialects, above all because the boundaries between them are not always so clear-cut" (p. 12). Non obstante, esta afirmación parece excesivamente categórica. Das que habitualmente se consideran linguas, non están todas, e por exemplo, en Europa occidental non está o feroés, nin se fala do baixo alemán (Niederdeutsch). Pero as ausencias son máis notorias na parte oriental de Europa, e non se mencionan as linguas de Rusia (coma o osetio, o komi, o carelio, livonio, mari, udmurt, vepsio, as linguas nenets...), nin o gagauz de Moldavia, por exemplo. E tampouco non se recolle a situación dramática das linguas xitanas. Canto á mención aos dialectos, é de supoñer que está pola inclusión dun traballo sobre o picardo, e posiblemente do xudeoespañol, a non ser que se refira como dialectos a linguas coma o aragonés, por exemplo. Certamente o obxectivo de tratar "todos os dialectos" queda moi lonxe, e posiblemente non sexa abordable nun libro destas características. É de notar que tampouco se trata o problema das linguas con estado pero faladas fóra dese estado, coma o alemán de Bélxica ou de Italia, o húngaro de Romanía ou o portugués falado en puntos de España, e que configuran situacións de minorización lingüística tamén de grande interese.

Canto á distribución de contidos, o libro está repartido en dúas partes, unha dedicada ás linguas non románicas (9 traballos) e a segunda ás linguas románicas (15 artigos). Esta división aparece xustificada polo editor *"by the linguistic history of Europe, which has essentially been conditioned by Latin despite also inheriting a number of elements from different sources"* (p. 12). Así, os autores parecen dividir Europa en linguas latinas e linguas non latinas, entre as que se amorean as linguas xermánicas, as eslavas, as ugrofinesas, e todas as restantes linguas europeas. Ningún outro criterio editorial parece rexer o agrupamento, na primeira parte do libro, dunha variedade heteroxénea de linguas, que vai das linguas célticas ao saami, e do euskara ás linguas eslavas. Certamente é innegable a importancia histórica e cultural do latín, pero facer del o criterio determinante para entender a pluralidade de linguas na Europa actual semella cando menos discutible.

Así mesmo parecen discutibles outras decisións dos editores nun libro destas características. Por unha parte, a perspectiva latino-céntrica adoptada parece confirmarse pola sorprendente inclusión do propio latín entre as linguas "minorizadas" da Europa actual. Tamén sorprende a decisión tomada respecto das linguas dos textos publicados: *"The original contributions were written in six languages (English, German, French, Spanish, Portuguese and Italian) but finally only four of them have been used in the book (English, German, French and Spanish) and so some of the articles have had to be translated from Italian and Portuguese into Spanish"* (pp. 12-13). Non se comprende por que razón os traballos escritos orixinalmente en portugués ou italiano "tiveron que ser" traducidos ao español. Se o libro se dirixe fundamentalmente á Europa de linguas románicas, sen dúbida esa decisión carece de xustificación obxectiva. E se ten perspectiva europea, non parece razoable traducir dunha lingua máis falada en Europa (o italiano) a outra menos falada (o español). Se o que se pretendía era de facer máis accesibles os textos, o esperable sería en todo caso traducilos ao inglés, a lingua que utilizan os propios editores na introdución. Este proceder parece remarcar que, a pesa da materia europea tratada, os autores non se desprenderon de todo da perspectiva española á hora de seleccionar tanto algúns traballos coma as linguas en que se publican. Esa perspectiva española explica tamén, por exemplo, que se inclúa un traballo sobre o xudeo-español (que conta cun número moi reducido de falantes en Europa), mais non o Jiddisch (cun número maior de falantes, arredor de 80000 deles en diferentes países de Europa, segundo algunhas estimacións).

Estas decisións editoriais e estes desequilibrios deberían ser corrixidos ou xustificados no caso de que esta obra teña continuidade, en futuras edicións ou reelaboración. Porque, a pesar destas observacións, a colección de traballos que compón o libro é certamente notable e, aínda dentro dunha certa variedade de contidos, todos eles cumpren co obxectivo de fornecer información relevante sobre a situación de cada lingua, de maneira que o lector poida quedar cunha idea cabal sobre o estado en que se atopa e os principais problemas e ameazas aos que se enfronta. Contén traballos realmente excelentes, e a calidade media de todos eles é moi alta. Por tanto, tomando en consideración tanto a envergadura do libro coma a súa calidade media, a pesar das reservas feitas antes, encontrámonos diante dunha obra que supera claramente a grande maioría de obras publicadas por editoriais de prestixio con fins similares. Nesa posible nova edición, unha visión de conxunto por parte dos editores, en lugar da parca introdución actual, acabaría de redondear a excelencia da colectánea.

Na primeira parte, Wilson McLeod, nun traballo moi completo e excelentemente informativo, describe a situación do gaélico de Escocia, os seus niveis de uso, o desequilibrio xeográfico, as iniciativas de recuperación así coma a súa ambigua situación como lingua nacional escocesa. O autor sinala a crecente debilidade da situación do gaélico ("every sociolinguistic indicator suggest that Gaelic is now in a severely weakened state and that its decline is ongoing", p. 33), a pesar das medidas de revitalización levadas a cabo nos últimos anos, coa introdución da lingua na educación e nos medios de masas. O autor sinala a contradición de que o apoio institucional e as actitudes favorables para o gaélico son maiores ca nunca, e non obstante a lingua está a debilitarse "to the point where it now can hardly be said to function as a community language anywhere in Scotland" (p. 43).

O maioría dos traballos que veñen a continuación seguen esta tónica, e presentan a situación sociolingüística e sociopolítica da lingua, sinalando os puntos fortes e as ameazas en cada caso. Así o fai Christine M. Jones sobre o galés, e despois de situarnos cunha introdución á historia, á evolución do uso da lingua e á súa distribución xeográfica, describe o que considera unha auténtica revolución cultural provocada pola Welsh Language Society (p. 61), cos avances conseguidos no uso social do galés. A conclusión á que chega é que agora a lingua galesa "certainly has a chance to stabilize and survive" (p. 65), mais aínda ten por diante retos importantes no futuro próximo para reverter o cambio lingüístico.

Nos capítulos seguintes, Philip Payton fai un breve repaso pola historia do córnico e dos esforzos por revitalizalo (pp. 68-78), Durk Gorter presenta unha descrición competente da situación sociolingüística do frisón e das políticas lingüísticas aplicadas, e Jadwiga Zieniukowa informa da situación do caxubio, en Polonia. A seguir, Ole Henrik Maga trata das linguas saami, e nun traballo moi completo e equilibrado explica as súas orixes e a distribución xeográfica, os trazos máis sinalados da súa estrutura lingüística, a variación, a planificación do corpus e a situación actual, e finalmente avanza as perspectivas de futuro. Entre os problemas a que se enfronta na actualidade sinala situacións que nos resultan familiares aos galegos nos últimos tempos: "Many majority language speakers don't seem to understand the necessity of using Sámi. Many people seem to think that their language rights are infringed if they are exposed to a monolingual Sámi situation. They may demand that more of the activities at a Sámi institution be in a majority language that they themselves understand, forgetting that such a change would violate Sámi speakers' rights and neglect the need to use and develop Sámi language in all domains" (p. 124). Unha vez máis, unha reclamación de dereitos é utilizada para impedir os dereitos dos demais, de maneira similar ao que acontece en Galicia.

A continuación, a situación do sorbio, lingua eslava enclavada na parte oriental de Alemaña, é tratada detalladamente por Ludwig Elle, e Ramparz Omnès fai unha reflexión sobre o presente e o porvir incerto do bretón (sinalado xa no título: "La langue bretonne a-t-elle d'avenir?"), depositando as esperanzas na apertura a outras realidades europeas, e tomando o catalán como modelo a seguir. As orixes, características e situación do éuscaro son tratadas de maneira clara e completa, dentro dos límites destes capítulos, por Andoni Barreña, quen fai fincapé na evolución da competencia e do uso da lingua vasca entre as xeracións máis novas.

A segunda parte, dedicada ás linguas románicas, ábrese cun capítulo dedicado ao latín a través do tempo, escrito por Jesús Bemúdez Ramiro. Nel o autor parte de que esta lingua "dominó Europa durante más de un milenio" (p. 199), e a seguir fai unha síntese da historia desta lingua, desde as súas orixes coñecidas ata a actualidade, e finalmente defende a proposta do latín como lingua para a comunicación internacional na actualidade, o que ve factible cos coñecementos mínimos que se adquiren no ensino secundario se o latín é materia obrigatoria. Salienta que esta lingua se falou e se escribiu "ininterrumpidamente durante los últimos veinticinco siglos" (p. 215), e que segue habendo "personas que, fieles a esta tradición y conscientes de las ventajas de tener

una lingua común, siguen utilizándola habitualmente en sus actividades y relaciones personales" (p. 215). Deixando á parte o voluntarismo dalgúns deste argumentos, e algún preconceito inxustificable (como a afirmación da "flexibilidade de la lingua latina, que obviamente non pódese el inglés", p. 215), este capítulo formula unha proposta non exenta de interese. Mais creo que está fóra de lugar neste libro, xa que, á parte de consideracións coma que non se rexistran falantes de latín como L1, esta lingua é oficial no Estado da Cidade do Vaticano (e por tanto queda fóra das "stateless languages of Europe" ás que se dedica o libro).

Por tanto, o primeiro capítulo propiamente dito dedicado ás linguas románicas está dedicado ao galego. Nel, Xosé Henrique Costas expón con rigor unha acertada e completa síntese da situación do galego na sociedade actual, comezando pola análise da lexislación relativa ás linguas, o uso e a súa evolución, o galego na administración, na cultura, no ensino, no mundo do traballo e da empresa, na vida relixiosa e nos medios de comunicación. Neste detallado repaso, Costas non teme describir a situación de maneira realista, sinalando a as insuficiencias e a inoperancia das políticas lingüísticas levadas a cabo, e identificando os perigos e os ataques á normalización do galego acaecidos nos últimos tempos. O artigo remata cun balance entre as ameazas e os puntos fortes, e conclúe: "Todavía queda mucha batalla por delante" (p. 232).

O seguinte artigo, de Álvaro Arias-Cachero Cabal sobre o asturiano, dedica a maior parte do traballo a facer unha descrición dos trazos fundamentais da fonoloxía e da morfoloxía desta lingua, aínda que nas breves notas que dedica á situación social creo que acerta a dar unha imaxe da precariedade social en que se move, facendo fincapé na ausencia de recoñecemento oficial e no autoodio lingüístico (p. 236). Os dous seguintes traballos describen brevemente as características lingüísticas e a situación social do mirandés (de Cristina Martins) e do aragonés (Rosa M. Castañer Martín). A continuación, os dous editores presentan un traballo propio sobre o catalán, centrada na análise da súa vitalidade nos diferentes territorios en que esta lingua se fala, aínda que o foco está posto fundamentalmente no catalán de Catalunya. No balance final sinalan: "Aunque no se puede hablar (ni mucho menos) de una situación totalmente normalizada, también es verdad que el uso del catalán presenta unas cifras sorprendentes para una lingua con la etiqueta de minorizada" (p. 318). O repaso ás linguas minorizadas relacionadas coa Península Ibérica remata cun traballo de Rubén J. Montañés Gómez sobre o xudeoespañol; nel pon en cuestión as visións máis habituais desta lingua desde a filoloxía española, describe brevemente a

historia e fai unha brevísima caracterización lingüística, para logo centrarse na situación social precaria desta lingua, encabezada cun título suficientemente descritivo: "Uso social y situación actual: desaparición casi absoluta del judeoespañol" (p. 335).

Despois das linguas ibéricas, aparecen as de Italia. O sardo é tratado nun breve traballo de Giovanna Tonzanu, repartido entre unha descrición do uso e da situación na sociedade, marcada pola ausencia de fontes cuantitativas (p. 363), e unha caracterización morfoloxía, sintáctica e léxica. A autora remarca o declive do uso familiar do sardo, o que xustifica o título do capítulo: "Sa Limba, en peligro de extinción" (p. 358). A seguir, Rienzo Pellegrini sintetiza a historia social do friulano ata os nosos días, e Gerda Videsott describe sucintamente a historia e a situación actual do ladino. A situación de desequilibrio en que se encontra o retorrománico en Suíza é descrita por Clau Solier nas páxinas seguintes. Os tres capítulos finais están dedicados ao picardo (por Jean-Michel Éloy), ao occitano (Jean-Yves Casanova) e ao francoprovenzal (Dominique Stich). Os dous primeiros, moi breves, sintetizan a situación social da lingua, mentres que o terceiro céntrase na descrición lingüística.

O conxunto, como xa dixeran ao comezo desta recensión, e a pesar das observacións feitas alí sobre certas decisións dos editores, constitúe unha obra excelentemente informativa, imprescindible para quen queira achegarse á situación dalgunha destas linguas ou estea interesado na diversidade lingüística de Europa.

X. L. REGUEIRA

Universidade de Santiago de Compostela

Xosé López Díaz (2010). *Diccionario galego-latino clásico e moderno*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 1076 páxs. [ISBN: 978-84-453-4909-0]

Presentación

Xosé López Díaz é catedrático xubilado de latín e impartiu docencia no IES Lucus Augusti de Lugo. Como el mesmo recoñece, fundamentou o galego do seu *Diccionario galego-latino clásico e moderno* no DRAG de 1997 coa intención de facer unha obra de extensión intermedia; para o latín, baseouse principalmente en obras bilingües maiores que parten doutras linguas actuais e tamén na creación neolóxica propia.

Ante esta obra unidireccional é inevitable lembrar outra anterior en tres lustros pero no sentido contrario: o *Diccionario latín-galego* de Álvarez Carracedo, editado en Galaxia. Son obras marcadamente distintas, ao seren fillas de distintas épocas e pretensións.

O diccionario preséntase cunhas tapas duras moi agradecidas fronte ás manchas, con catro fotos da muralla romana de Lugo e unha da Torre de Hércules sobre fondo azul. Trala páxina do título, ofrécenos un prólogo de catro páxinas e media do profesor Xesús Ferro Ruibal e unha introdución de dúas páxinas do propio autor, que van seguidas da lista de abreviaturas.

O corpo do diccionario ten unha letra suficientemente grande para non empecer a consulta. O número de paxinación aparece no exterior superior, acompañado da letra inicial dos lemas da súa páxina, a maiúscula nas pares e a minúscula nas impares. Tódolos comezos de letra aparecen sempre en páxina impar, aínda que para iso se tivese que deixar a páxina par anterior en branco. Os lemas preséntanse a dúas columnas por páxina e con sangría francesa, coa primeira liña saíndo respecto ás demais.

Algunhas estatísticas

Para poder apreciar as dimensións do diccionario debemos calcular algúns valores numéricos. As nosas estimacións son as seguintes

(salvo as dúas primeiras, calculadas mediante aproximación usando as palabras iniciadas coa letra "p", 2.080 entradas):

- 22.468 entradas en total, das cales son 21.889 normativas (97,5%) e 579 entradas non normativas (2,5%);

- 174 lematizacións combinadas (un 0,8%);

- 35.283 acepcións, o que dá unha media de 1,56 acepcións por entrada;

- 14.685 entradas monosémicas, incluíndo remisións xerais directas e desagregando homónimos (un 66% das non incorrectas);

- 39 de máximo de acepcións (*pasar*);

- "s.f.", "s.m." (as dúas 31%), "adx." (18%), "v.tr." (9%), "s." (6%), "v.intr." (4%), "adx. e s." (3%) e "v.pr." (2%) como categorías gramaticais máis frecuentes, cunha media de 1,11 categorías por lema;

- 304 topónimos incorporados;

- 2886 remisións xerais (un 13%);

- 3.540 entradas con fraseoloxemas e locucións (16%);

Respecto ás letras, as seis máis voluminosas son as seguintes: "a" (136 páxinas), "c" (132), "p" (93), "e" (86), "d" (73) e "m" (63). As máis pequenas son "j", "ñ", "k" e "w" (1 páxina cada unha), "z" (4), "u" (6) e "q" (7).

Disposición dos datos

As entradas ou lemas no dicionario van acompañadas dun conxunto variable de datos. Agás a categoría gramatical, os demais datos posibles só aparecen se procede e algúns deles, como o exemplo, case nunca. Con todo, presentan unha orde estable na súa presentación, que é a seguinte:

- asterisco de incorrección se a forma non é normativa;

- lema, en negra: vai rematado cun punto, aínda que se ten número de homonimia, forma de feminino ou glosa, o punto vai seguindo;

- número de homonimia, en posición de superíndice;

- se é adxectivo ou substantivo flexionable, dáse a terminación de feminino precedida de espazo e "-" ou a forma completa se é irregular (*chan, cru, el, nu, van*);

- en ocasións moi contadas o lema vai acompañado dun texto explicativo sen negra nin cursiva e entre parénteses: *neoclásico (estilo)*, *protésico (dental)* ou *Vaticano (Cidade, Estado do)*;

- categoría gramatical en cursiva;

• en caso de que a entrada sexa unha remisión xeral, márcase mediante "V." en recta seguido do lema ó que se remite en negra. En caso contrario, ofrécese os seguintes datos:

- número de acepción en negra;
- campo temático en cursiva;
- contexto de uso (diatrático ou diafásico) en recta e entre parénteses, que pode ser algún ou unha combinación dos seguintes: fam[iliar]., [sentido] fig[urado]., [sentido] lit[eral]., pex[orativo]., pop[ular]., [sentido] prop[io]., vulg[ar].;

- se hai número de acepción, a súa glosa correspondente en galego en cursiva coa función de matizala semanticamente respecto ás demais, separada dos seguintes datos por dous puntos;

- en moi poucos casos, unha nota a este matiz, entre parénteses e cursiva (*baixo, doente, esgrevio, grave*);

- detalles sobre o uso da forma galega en cursiva e entre parénteses, normalmente da frecuencia cunha expresión do tipo "(ús. máis como sing.)" ou "(ús. máis en pl.)" ou "(ús. case só en pl.)" comezando en maiúscula se non hai número de acepción e o seu matizador semántico (*abeaca, apeiro, azo, petrodólar, sigla*) e con minúscula se os hai (ás veces antes dos dous puntos: *amizade, bomba¹, escrúpulo, facultade, latitude, obra*; outras veces vai detrás e pegado ás traducións, co que non se sabe se en realidade se aplican a elas: *antípoda, carácter, conserva*); noutros casos o detalle é de carácter sintáctico: "(Ús. repetida)" en *ora* ou *quer*;

- se as posibles traducións ó latín merecen un matiz semántico específico nesta lingua, especificase tamén en cursiva pero entre parénteses e precedida de ";";

- as traducións van precedidas por ":", separadas internamente mediante "/" as variantes que corresponden ó mesmo caso, e mediante ";" aquelas que teñen distinta terminación de xenitivo ou cada unha das locucións; a tradución vai en maiúscula trala categoría gramatical se non hai máis ca unha acepción e en minúscula detrás de cada glosa se a palabra é polisémica;

- cando se considera necesario, o autor indica o caso rexido pola tradución detrás desta (*acariciar*);

- en cambio, se se indica que o número gramatical da tradución é plural, a localización é precedéndoa (*recorte, xeque*);

- detalles sobre o uso da forma latina se procede, como a frecuencia (coas fórmulas xa mencionadas: *afta, antípoda, arras, carácter, casco, entrañas, especia, facenda, fiel, ladaíña, nádega*), a combinatoria (*alcanzar*, neste caso sen parénteses), a restrición de caso (*epopea, xénero, saltar, desavir, relixión, careiro, votación, deshonrar*, os sinónimos *acaso, an-*

danza, azar, casualidade, continxencia e moitas preposicións e locucións preposicións e adverbiais: *carón, debaixo, dentro, derriba, sobre*), o caso ou o xénero e número da tradución que se está dando (*amoestación, arte, lepidóptero, macedonia, voso*), a forma nalgún caso ou en plural (*animal, romeo, serea, violeta; nós, se, vós*), a imposibilidade de declinar (en siglas como *láser*, números como *douscentos* ou *oitavo*, letras gregas, topónimos como *Belén* ou *Israel*, ou outras palabras como *crime, libra* ou *tótem*), formas latinas incorrectas (*abscisa*) e mesmo varios destes detalles á vez (*algún, equidade, fato, lumbar, querubín, relixión, vorcalladas*);

- outras categorías gramaticais aplicables, inmediatamente despois da forma latina e marcada mediante unha expresión do tipo "tamén en pl." (*amor, astucia, chuvia, comunal, funeral, incendio, mundo, muralla*);

- outras categorías gramaticais aplicables á forma galega, mediante unha marca precedida de punto e do tipo "Tamén adx." (*canalla*), "Tamén s." (*mediocre, narcótico*), "Tamén s.m." (*misóxino*), "Tamén s.f." (*agravante, multinacional*), "Tamén v.tr." (*cabalgar, dubidar, montar*), "Tamén v.pr." (*endeusar*);

- remisión específica desa acepción; non hai ningún xeito de distinguir se a remisión da última acepción se refire só a esta ou a tódalas da palabra;

- exemplo, moi esporadicamente (*certo, chicharo, infestar, sen*);

- fraseoloxía e locucións, tratadas como se fosen unha acepción máis, cos seus campos omisibles mencionados de glosa, detalles de uso, tradución, caso rexido, matiz semántico da tradución, remisión, frecuencia latina, outras categorías gramaticais, exemplo e remisión de contraste;

Características xerais

Esta estrutura fixa de cada entrada agocha un conxunto de convencións sobre a ordenación alfabética, a lematización combinada, o tratamento das partes omisibles, o tipo de léxico incluído e as remisións que requiren as seguintes aclaracións ulteriores.

Os lemas están ordenados alfabeticamente e os dígrafos considéranse letras independentes. Cando se trata de formas iguais, poden tratarse coma homónimos (caso no que se distinguen por un número, como en *radio*¹, *radio*² e *radio*³, e antes da especificación da forma feminina no caso de que exista, como en *escatolóxico*¹ -a) ou como formas con distinta categoría gramatical (como en *coelleiro* e *coelleiro* -a). Cando non se lematiza unha locución pola primeira palabra, indícase a parte

previa entre parénteses ó final: **borcalladas (ás)*. Máis habitual aínda é que, se a palabra non ten funcionalidade propia, se faga unha definición impropia (*embute*) ou que apareza no apartado de locucións.

Outra característica do *Dicionario galego-latino* é a lematización combinada, que consiste en unir variantes alfabeticamente consecutivas nunha soa entrada cando non teñen outro lema intermedio na orde e reciben a mesma definición ou un tratamento similar, xeralmente mediante unha locución coordinada con "ou" se son equivalentes ou separadas por coma se non son sinónimas:

anteponer ou **antepor**. *v.tr.* 1. [...]. [páxina 97];

***fluctuación**. *s.f.*, ***fluctuar**. *v.intr.* [...]. [páxina 512].

Hai ocasións nas que unha cadea latina pode permitir algunha pequena variación na escrita. En moitos casos, esta variación consiste na omisión dunha palabra ou na síncope de varias letras (ou só unha). Para denotar estas partes omisibles nas formas faise uso extenso das parénteses, tanto para palabras completas como para letras en particular, sexan ben "h", ben vogais temáticas ou ben xeminadas e dígrafos, ás veces ata máis dunha na mesma palabra (*alucinante*).

Como se di na introdución, o léxico tratado é do máis variado, dende o patrimonial (*amieiro, chupete, cueiro, frega, leituga, queiroa*) ou coloquial (*chintófano*) ata o especializado e máis moderno referente a instrumentos (*anteollos, bisturí, contrabaixo, lente, matraz*), deportes (*balonvolea, piragua*), economía (*póliza*), dereito (*copyright*), política (*comunistoide, emirato*), gastronomía (*fondue*), unidades (*coulomb, voltaxe, voltio, watt*), elementos químicos e compostos (*queroseno, clixe*) e tamén evidentemente enxeñaría (*cilindrada*) e informática (*cibernética, computadora*). Entre estes termos inclúense nomes de animais e plantas, xa coñecidos na antigüidade e tamén modernos, polo que algunhas veces non queda máis remedio que recorrer ó nome científico en minúsculas para especies alleas ó mundo antigo (*castañeta, ñandú*).

Outro grupo importante son os topónimos, que aparecen marcados con "top." no lugar da categoría, pero sen cursiva. Recóllese unha gran variedade deles:

Antártida. top. Antartica terra. [páxina 96];

España. top. Hispania, Spania, Iberia -ae. [páxina 453];

Irlanda. top. Hibernia -ae. [páxina 613];

Sáhara. top. Sahara -ae. [páxina 919];

Tenerife. top. Ninguaria, Nivaria, Teneriffa -ae. [páxina 981];

Uruguai. top. Uruguaia ou Uruquaria -ae. [páxina 1022];

O concepto da obra de López Díaz en moitas ocasións cae na órbita do dicionario onomasiolóxico, por veces moi elaborado e moi lo-

grado. O seu estilo chega a lembrar o *Diccionario de usos castellano-galego* de Freixedo Tabarés e Álvarez Carracedo (Ediciones Akal, 1985). Isto queda patente simplemente cuns exemplos collidos aquí e aló:

acocorar. *v.intr.* (O porco) [...] (a galiña) [...] (o galo) [...] (o corvo, a ra) [...] (outras aves) [...].

cabelo. *s.m.* **1.** *Cada un dos pelos da cabeza:* [...] **2.** *Conxunto dos cabelos:* [...] (brancos) [...] (louros) [...] (longos) [...] (peiteados) [...] (despeiteados) [...] (cabelos que caen) [...] (cos cabelos soltos) [...] (levar o cabelo longo) [...] (peitealo) [...] (cortalo) [...]. **V. tamén cabeleira, melená, pelo.**

café. [...] ♦ *Café con leite:* [...] (cortado) [...] (curto de café) [...] *Café descafeinado:* [...] *Café capuchino:* [...] *Licor café:* [...].

conter. [...] (o empuxe inimigo) [...] (o enfado) [...] (as lágrimas) [...] (a dor) [...] (as penas con viño) [...] (a alegría) [...]. [é interesante ver que estes matices forman a locución con cadanseu verbo].

gando. *s.m.* [...] (ovellas) [...] (cabras) [...] (bois, vacas) [...] (porcos) [...] (aves) [...] (peixes) [...] (gando groso) [...] (gando miúdo) [...].

inmerso -a. [...] (no sono) [...] (na dor) [...] (nas débedas) [...].

ladrón -oa. [...] (con danos nas cousas) [...] (de animais) [...] (de diñeiro público) [...] (a man armada) [...] (dos camiños) [...] (habituado a roubar) [...].

leite. *s.m.* [...] (de muller) [...] (de vaca) [...] (de cabra) [...] (de ovella) [...] (en po) [...] (de améndoas) [...] (condensado) [...].

lente. [...] *pl.* **2.** *Anteollos:* [...] *Montura:* [...] *Patillas:* [...].

movemento. [...] (literario) [...] (cultural) [...] (político) [...] (feminista) [...].

noz. *s.f.* **1.** [...] (oca) [...] (de casca lisa) [...] (a súa casca) [...] (a casca verde) [...] (o miolo) [...] (a pel que a cobre) [...].

ouro. *s.m.* [...] (puro) [...] (falso) [...] (lingote) [...] (moeda de ouro) [...] (mina de ouro) [...].

purificar. [...] (o ouro, os metais) [...] (o aire) [...] (o mel) [...] (o viño) [...] (en sentido relixioso) [...] **2.** *Tornarse puro:* [...] (nun río) [...].

uva. *s.f.* [...] (de mesa) [...] (pasa) [...] (non vendimada) [...] (bago) [...] (acio) [...].

Esta perspectiva non se restrinxé só á estrutura léxica da lingua de partida:

ninfa. [...] (das fontes) [...] (dos bosques e das árbores) [...] (dos montes) [...] (do mar) [...] (a Ninfa Eco) [...].

Non se pretende unicamente reproducir o que queda dentro da categoría gramatical da palabra que se quere traducir, xa que noutros casos faise un percorrido transcategorial:

esmola. [...] (*pedir esmola*) [...] (*dala*) [...] (*vivir dela*) [...].

galo ¹. [...] (*hora en que canta*) [...] (*ao canto do galo*) [...].

lira ¹. [...] (*tocar a lira*) [...] (*tocador/a de lira*) [...].

leite. [...] (*que dá leite*) [...] (*alimentar con leite*) [...].

malencarado -a. [...] (*mirar así*) [...].

mellora. s.f. [...] **2.** *Parte da herdanza* [...] (*deixar por mellora*) [...] (*recibir ou ter algo por mellora*) [...].

proverbial. [...] (*ser proverbial*) in *proverbiis aliquid esse*.

púbere. [...] (*chegar á puberdade*) *pubescere*.

Outra consideración nas entradas refírese a valores como a escolla de palabras na lingua meta en función de criterios que non existen na lingua orixinal (o feminino en *orfanato*, o movemento ou repouso na perífrase *ir* + participio ou nos deícticos de lugar *acá*, *acolá*, *aquí*).

Debido ó reducido espazo, moitas veces remítese ó hiperónimo ou a un sinónimo parcial (*atracar a asaltar e atacar, edicto a bando e decreto, quentura a febre*).

As remisións poden clasificarse segundo tres criterios: a necesidade, o lugar de aparición e o lugar onde remite. Pola prescindibilidade poden ser de dous tipos: as xerais (cando non se dan traducións e van marcadas con "V.") ou as de especificación (para contrastar información, que van tralas traducións e marcadas con "V. *tamén*"). Poden aparecer en palabras monosémicas, en acepcións das polisémicas ou no apartado de locucións. Polo lugar onde remite, pode darse o número doutra acepción da mesma entrada, outro lema ou coas expresións "V. esta palabra" ou "V. este verbo" (que remiten ó propio matizador semántico galego). Estes tipos non son excluíntes, pois algunhas veces aparecen remisións mixtas (*expresar, ocasión, pernicioso*). Outra característica das remisións é que ás veces poden conter algún textículo engadido, aclarativo do significado (*negror*), do matiz co que aparece (*pequeno*) ou doutros aspectos que o autor considerou de interese.

Lematización

Na lematización combinada, cando as palabras son homocategoriais e adxectivas, márcase a categoría gramatical: normalmente só ó final, aínda que non se distingue se a primeira tamén flexiona (*arábico*) ou se é invariable (*ceibo*); ou nas dúas se son as terminacións distintas (*porcallán*). Nos substantivos hai máis tipoloxía (*aquel, amalló, *cosecha, feixó, *orinal*), mentres que os verbos son a maioría especificacións da variación de *poñer/por* e derivados. As heterocategoriais son moi poucas, to-

das elas remisións de formas incorrectas a normativas (**almidón*, **estrena*, **fluctuación*, **perxudicar*, **prancha*, **víctima*, **victoria*).

Escolla ou ausencia da categoría gramatical

A asignación correcta das categorías gramaticais sempre presenta casos problemáticos, pero a falla dunha introdución e guía de uso impide entender se hai unha diferenza consciente na asignación entre as diferentes combinacións de categorías.

Un caso cunha dinámica interna propia son as interxeccións, pois cando son monosémicas lematízanse con "!" (*abur!*, *ah!*, *ai!*, *ala!*, *ale!*, *aleluia!*, *amén!*, *arre!*, *canté!*, *eh!*, *ó!*, *ogallá!*, *oh!*, *ola!*, *ou!*, *oxalá!*, *puf!*, *vaia!*), pero cando hai máis acepcións, lematízanse sen "!" e coa terminación de adxectivo se procede (*adeus*, *alerta*, *alto!*, *carallo*, *claro -a*, *coidado*, *cona*, *fóra*).

Outro caso especial é a toponimia. A abreviación "top." funciona como categoría gramatical (aínda que non se especifique en cursiva), e cando un topónimo é plural non se lle adoita dar esa especificación (*Ampurias*, *Andes*, *Atenas*, *Caracas*, *China*, *Galia*).

Variabilidade nas traducións

O dicionario fornece a terminación do xenitivo dos substantivos trala forma de nominativo:

kaiser. *s.m.* Caesar –aris.

En caso de que sexa adxectivo, o que se dá son as dúas ou tres terminacións para os xéneros, segundo corresponda:

washingtoniano –a. *adx.* e *s.* (*Do Estado*) Vasintonianus –a –um.

Vasintoniani –orum; (*da cidade*) Vasintoniensis (ex usu

Curiae Romanae: Washintonensis) –e. Vasintonienses –ium.

Se o adxectivo é cualificativo só para persoa ou animal sexuado (e polo tanto no que non ten aplicación semántica o uso do neutro), dáse a terminación de feminino separada por unha barra e normalmente non se dá a terminación de xenitivo. Estes femininos poden ser derivados da flexión do relativo (*fulano*, *quenquera*) ou pola terminación de adxectivos e substantivos como "-eps/-ipissa" (*alteza*) e "-ops/-pissa" (*escravo*, *negro*), "-er/-era" (*óso*) e as variantes "-ger/-[g]era" (*chaveiro*, *cordeiro vs. la!*) e "-ger/-gra" (*virxe*, *negro*, *badanas*, *pousafoles*, *enfermo*, *gotoso vs. neurasténico*), "-ista/-istria" (*bombo*, e as variantes "-ltes/-ltria" e "-oedus/-istria" en *instrumento*), "-us/-a" (*intelectual*), "-us/-ia" (*avó*, *bisavó*, *proxenitor*, *tatarabuelo* [sic]), "-ter/-tra" (*empregado*) e "-ter/-[t]era" (*adúl-*

tero), "-tor/-trix" (*jockey, testamenteiro*), o subtipo "-stor/-strix" (*forneiro, confeiteiro, xestor*) e as flexións relacionadas "-tor/-[t]oria" (*armador, navieiro, ambulante, vendedor vs. charlatán, representante*) "-essor/-estrix" (*posuidor, terratenente*) e "-nsor/-nstrix" (*tosquiador, defensor*).

O uso de guións ou barras depende de como se considere o lema en cuestión (principalmente substantivo ou adxectivo):

adúltero -a. *adx.* e *s.* Adulter/-era; concubinus/-a; moechus/-a; moechator/-trix; alieni matrimonii subessor; (fig.) cuculus -i; (*adúltera*) moechas -adis.

adulto -a. *adx.* e *s.* Adultus -a -um; (vir, femina, animal) adulta aetate.

fabricante. *adx.* e *s.* Fabricator, aedificator, molitor/-trix; faber -bri; opifex -icis; ergasterii dominus/-a.

vencedor -ora. *adx.* e *s.* Victor/-trix; superior -oris; debellator/-trix; [...].

A barra tamén se usa cando hai variabilidade na ortografía ou na asignación da terminación. Estas mutacións son máis habituais na asignación ó xenitivo dunha ou outra declinación e son comúns as formas adoptadas do grego: "-ae/-is" (*basalto*), "-ae/-atis" (*amálgama, barbacá, emplasto*), "-atis/-atos" (*morfema*), "-i/-us" (*abruñeiro, bananeiro, loureiro, mirto, piñeiro*), "-oris/-eris" (*arras*), "-eri/-eris" (*tarde*), "-is/-eris" (*cogombro, impúbere*), "-is/-eos" (moitos deles termos biolóxicos: *aire, biopsia, catarse, cirrose, fase, hipnose, hipocrísia, matemático, poesía, simbiose, sintaxe, trombose, xénese*), "-is/-idos" (os sinónimos *acantilado, baixío, banco e rompente*), "-is/-idis" (*tigre(sa), epiderme*), "-onis/-onos" (*tritón*), "-onis/-ontis" (*cama-león*), "-(i)um" (os sinónimos *burguesía, clase, magnate, nobre, notable e señor*), "-ium/-iorum" (*cristal*) e "-tri(s)" (*intermediario*).

Tamén pode haber variación na terminación de nominativo: "-a/-es" (*albanés*), "-es/-is" (*bronquite, popa, reixa*), "-i/-a" (*celosía, reixa*), "-ob(i)s" (*labra*), "-on/-um" (*ourego*), "-os/-us" (*morsa, ornitorrinco*) e "-us/-um" (*aceda, amendoeira*). Chégase mesmo a que a variabilidade afecte á raíz, polo que inflúe nos dous casos (*abeto* e *v. infra africano, Canadá*, etc.). Estas alternativas son habitualmente entre dúas variantes, aínda que hai palabras con tres (*comestible*) ou ata catro (*base?*).

Unha terceira aplicación da barra é nos verbos, cando o infinitivo pode ter dúas posibles terminacións (*batallar, considerar; abrazar, beixar*) ou se dan as diferentes persoas de imperativo (*adeus, punto*).

En ocasións, estas variacións na flexión aparecen distintas para a mesma raíz ou un conxunto de terminacións similares: "tritón" nas dúas acepcións de *tritón*; "iris" en *gladíolo* e *arco*; "institor" en *armador, navieiro vs. ambulante, vendedor vs. charlatán, representante*; "vesper" en *tarde* e *Ve-*

nus; "-ae/-atis" en *chapa, taracea* vs. *embutido, encaixe*; "-[it]is/-[it]idis" en *furón, pirita* vs. *pemento*; "-ium/-[i]orum" en *floral* vs. *carnaval*; "-(i)um" en *aristócrata, aristocracia* vs. *burguesía, magnate, señor*; "-on/-um" en *apógrafo, apoloxético, epíteto* vs. *alelí, élitro, encéfalo, ourego* vs. *fenómeno* vs. *anacoluto, copia* (vs.) *ellexia*; "-um/-us" en *aceda* e *amendoeira*; "-os/-us" en *Albania, discóbolo, integral, palimpsesto* vs. *agulla, labirinto*; "-us/-ia" en *avó* vs. *bisavó* vs. *proxenitor*; "-tri(s)" en *alcaiote* vs. *intermediario* (vs.) *terceiro* vs. *enlace*; "-are/-ari" en *batallar* vs. o resto dos casos: *alburgar, deplorar, gretar, gritar, oscilar, vela*; "assentire/-iri" en *abrazar, entender* vs. *acceder, avir* vs. sen variación na maioría dos casos: *acordo, conceder, decantar, neutral, subscribir*. Tamén ás veces córtase a terminación por un punto distinto (que poñéndoo entre parénteses serían "-(g)era", "-(t)er/-(t)(e)ra", "-(t)oria", "-(it)is/-(it)idis", "-ium/-(i)orum"). Entendemos que isto está feito conscientemente e que non corresponde a grallas tipográficas ou a formas diferentes na presentación dos mesmos datos, co cal celebramos as ansias de precisión do autor.

Como vemos nos exemplos anteriores, o guión ou a barra poden aplicarse ás distintas traducións dun mesmo lema. Cando a flexión destes accidentes é máis irregular en substantivos e adxectivos, danse as formas plenas separadas con comas:

angueira. s.f. [...] res, rei. [...].

cal ¹. s.m. *Composto químico*: calx, calcis. [...].

cocho ¹ -a. s. 1. *Mamífero doméstico*: sus, suis; [...].

día. s.m. [...] 3. [...] lux, lucis; sol, solis. [...].

fondo -a. adx. [...] acer, acris, acre. s.m. 3. [...].

lei. s.f. 1. [...] lex, legis; ius, iuris; [...].

lince. s.m. Lynx, lyncis; [...].

rei. s.m. 1. *Soberano*: rex, regis. [...].

xabaril. s.m. Aper, apri; [...].

Normalmente as distintas traducións están separadas con comas:

xerminar. v.intr. Germinare, progerminare, egerminare; (*prematamente*) praeerminare.

Candos hai varias traducións en substantivos ou adxectivos que presentan a mesma terminación de xenitivo, agrúpanse separándoas entre elas con punto e coma e repetindo a terminación só unha vez:

arrogante. adx. 1. [...] lascivibundus -a -um; insolens -entis; arrogans -antis. 2. [...] 3. [...] elatus -a -um; contumax -acis; ferox -ocis; sublimis -e. [...].

continencia. s.f. Continentia, abstinencia, temperantia, castimonia -ae; moderatio -onis; parcityas, castitas -atis.

informe ². *adx.* *Sen forma definida:* informis, rudis -e; inconditus, incompositus, indigestus -a -um; [...].

En ocasións moi contadas, o punto funciona como separador, fundamentalmente nos xentilicios:

islandés -*esa. adx.* e s. Islandicus -a -um; Islandiensis -e. Islandici -orum; Islandienses -ium.

libio -*a. adx.* e s. Libycus -a -um; Libys -yos. Libyes -um.

palestino -*a. adx.* e s. Palaestinus -a -um; Palaestinensis -e. Palaestini -orum; Palaestinienses -ium.

polaco -*a. adx.* e s. Polonus ou Polonicus -a -um. Poloni -orum.

vigués -*esa. adx.* e s. Vicensis -e. Viceses -ium.

Existen casos nos que non se dá a terminación: isto acontece nas locucións substantivas, tanto se van acompañadas doutras traducións coa mesma terminación coma se non, ou se están interrompidas por un matiz entre parénteses:

ultramoderno -*a. adx.* Recentissimus -a -um; maxime ou summe modernus.

maduro -*a. adx.* [...] 4. (fig.) *Equilibrado, xuízoso:* animi ou animo maturus; prudens -entis. 5. [...].

alienado -*a. part.* [...] segregatus, seiunctus, alienatus, privatus; (*perturbado*): insanus, vesanus, furiosus -a -um; amens, demens, insaniens, furens -entis.

Como xa dixemos, hai veces nas que existen partes escritas da tradución que se poden omitir e que, para marcar esta circunstancia, se fai uso de parénteses, tanto para palabras completas coma para grafemas concretos. Isto faise cando unha cadea contén a outra, é dicir, cando hai unha síncope, pero cando hai unha substitución parcial utilízase porén a conxunción "ou" coma na lematización combinada:

incontinencia. *s.f.* 1. [...]. 2. *Falta de control sobre os esfínteres:* urinae profluentia ou incontinentia. [...].

tocado -*a. part.* 1. [...]: V. este verbo. 2. [...]: leviter laesus, vulneratus ou affectus. 3. [...] fatuus, delirus, insanus -a -um.

Esta convención ás veces dá por sobreentendido cales son as diferentes combinacións, pois os límites da disxunción do "ou" son ambiguos cando hai máis de dous elementos (poden ser partes ou grupos completos) ou unha coma (pois pódese usar para separar palabras coa mesma terminación de xenitivo ou para os enumerandos non finais):

antro. *s.m.* [...] corruptionis ou perditionis spelunca ou locus.

Caribe (mar). *top.* Caribicum ou Antiliacum mare.

olóico -*a. adx.* 1. *Que se produce pola acción do vento:* venti ou aeris flatu ou vi actus. [...].

Por veces non se pode distinguir ben se varios elementos separados por comas son formas flexionadas da mesma palabra, un caso xenérico de traducións distintas ou partes intercambiabíbles nunha cadea xeral (salvo pola relación morfolóxica entre eles e a ausencia de terminación no primeiro caso ou pola relación funcional e a existencia de "ou" no último):

africano -a. *adx.* e *s.* Afer, Afra, Afrum; Africanus ou Africus -a -um. Afri ou Africani -orum.

anónimo -a. *adx.* 1. [...] (*escritor*) ignoti, incerti nominis ou clancularius scriptor ou auctor. [...]. 4. [...] non dá a coñecer o seu nome: ignoti, incerti nominis ou sine nomine scriptor ou auctor. [...].

Con todo, hai casos nos que usa "ou" cando ben se podía usar parénteses ou unha barra:

alcaíote. [...] sequester -tri/-tris [...]. [marcable como "sequester -tri(s)"].

romano. [...] Quirites -um/-ium [...]. [marcable como "Quirites -(i)um", como por outra parte na devandita *aristocracia*].

africano. [...] Africanus ou Africus -a -um [...]. Afri ou Africani -orum. [marcable como "Afric(an)us -a -um" e "Afr(ican)i -orum"].

Canadá. *top.* Canada ou Canadia -ae. [marcable como "Canad(i)a -ae"].

guitarrista. [...] citharista -ae/citharistria -ae; [...]. [marcable como "cytharist(ri)a -ae"].

usucapión. *s.m.* [*sic*] Usucapio, usucaptio -onis. [marcable como "Usuca(p)tio -onis"].

valeriana. *s.f.* Phu ou phun (*indecl.*) [...]. [marcable como "Phu(n) (*indecl.*)", como en *tifón*].

poexo. *s.m.* Pulegium ou puleium -i; mentha pulegium. [marcable como "Pule(g)ium -i". Nestas seis últimas palabras a parte variable é á raíz común ós dous casos].

codeso. *s.m.* Cytisus ou cytisum -i. [marcable como "Cytisus/-um -i", como en *vao*].

gladíolo. *s.m.* Gladiolum ou gladiolus -i [...]. [marcable como "Gladiolum/-us -i"].

tomiño. *s.m.* Thymus ou thymum -i. [marcable como "Thymus/-um -i"]

Nótese que hai certa abundancia de nomes de plantas (estas últimas cinco e outras xa mencionadas: as cinco de xenitivo en "-us/-i", *co-gombro*, *ourego*, *aceda*, *amendoeira*, *abeto*, *pemento*, *alelí*) e animais (tamén

devanditas: tigre(sa), tritón, camaleón, morsa, ornitorrinco, furón, cocho, lince, xabaril) coa raíz ou a terminación variable ou irregular.

Valoración

En calquera obra sempre pode haber grallas polas présas ou o despiste ("vebo" en *abandonado* e *trazado*; "(pl.)" con espazo en *chisme*; "par" por "para" en *cotifar*; "fig" sen punto en *aferrar*, *fincar*, *transparente*; "ús" sen punto en *druída*; "V" sen punto en **eibar*; "pl" sen punto en *facenda*, *fato1*, *flora* e *tirante*; "tamém" en *hipnotizar*; etc. Pero son detalles pouco importantes, que probablemente se deban a carencias no proceso de informatización e á inevitable necesidade de improvisar na creación do dicionario a medida que evolucionaba o seu proceso de construción. O que si achamos moito máis de menos é a marcación da cantidade vocálica latina.

Celebramos a explicitación da delimitación semántica de cada acepción, que afortunadamente comeza a ser habitual na lexicografía galega bilingüe. A súa pretensión case onomasiolóxica convérteo nunha obra moi importante para a lexicografía galega xeral, non só a bilingüe, pois é unha interesante fonte de sinonimia e de campos semánticos.

Estamos diante dunha obra non só necesaria, senón imprescindible para as dúas linguas, neste momento no que se cuestiona a vitalidade e a necesidade tanto do galego coma do latín. O feito de recompilar a neoloxía latina para novos conceptos partindo do galego é unha demostración dos procesos de rexeneración lingüística que se poden artellar na actualidade para o latín, e por suposto tamén para o galego.

V. FRESCO BARBEITO

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírase ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluíranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou

apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas todas as referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas


Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congresso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.


Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Paseo da Quinta, 23
15897 Santiago de Compostela









CONTIDO

- 5 M. González González,
Gallaica lingua: Quo vadis?
- 29 E. Del Castillo Velasco,
Catalán en galego, galego en
catalán. Tratamento das linguas
galega e catalá nas principais
obras lexicográficas dos países
cataláns e de Galicia
- 81 H. Cajaraville Araújo,
Ondas e mareas: Palabras que
van e veñen
- 137 M. Duyos Míguez,
M. J. Paz Lema,
S. Romarís Hortas,
I. Veiga Mateos,
Denominacións galegas para
algunhas froitas

Cadernos de Lingua

32

